



O HUMOR

As teorías do humor e o cambio cultural

José Luis Veira Veira

Isto non é un artigo sobre o humor

*Brian Rodríguez / Conchi Madrina / Anxo Manoel Lamelo /
Isabel Herrero / Elvira Velasco / Pepe Saavedra / María Grandío*

Rir da morte. Unha aproximación ao humor ao final da vida

Sabela Maceda García / David Suárez Alonso

O humor na infancia e na psicoterapia infantil

María Martínez Cortizo / Elena Piñeiro Reiriz

FERRAMENTAS

Emprego do humor en psicoterapia nunha Unidade de
Condutas Adictivas

José María García Janeiro

ANUARIO ABERTO

• CASO CLÍNICO:

Cando o espello é o teu inimigo. Trastorno Dismórfico
Corporal

Cristina González Freire / Inmaculada Sangiao Novio

• COMUNICACIÓN LIBRE:

Apuntamentos para unha reflexión provisional sobre o
mal e a melancolía

Fernando Colina Pérez

• TRABALLOS PREMIADOS NAS XXII XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG:

- Protocolo de avaliación psicolóxica en dor crónica:
resultados e propostas

Eduardo Martínez Lamosa / Amador Estévez Serantes

- Avaliación da tensión laboral nos profesionais de
enfermería dunha unidade de cuidados paliativos

*Sabela Maceda García / Noelia Pita Fernández /
Rebeca Deus Fernández*



O HUMOR



© Bekir Domez - unsplash.com

APUNTAMENTO

A preferencia de idioma no orixinal de cada artigo foi determinada polo seu autor/a, coa posterior tradución e revisión do COPG.

Nº11 Revista Oficial de la Sección de Psicología e Saúde do COPG

Consello Editorial

José Eduardo Rodríguez Otero, Presidente
Alicia Carballal Fernández, Vicepresidenta
Carlos José Losada López, Secretario
Mercedes Fernández Cabana, Tesoureira
María Blanco Suárez, Vogal
Alba Fernández Revaldería, Vogal
Eduardo Martínez Lamosa, Vogal
Almudena Campos González, Vogal

Consello de Redacción

M^a Gabriela Domínguez Martínez
(Directora)
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN
PSICOEDUCA-PONTEVEDRA

Noelia Pita Fernández
PSICÓLOGA CLÍNICA

Paula Rodríguez Vázquez
PSICÓLOGA CLÍNICA. USMC VALTERRA I- ÁREA DE
SAÚDE DE LANZAROTE. SERVIZO CANARIO DE SAÚDE

Ricardo Vázquez Gómez
PSICÓLOGO CLÍNICO EN FORMACIÓN (PIR). COMPLEXO
HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE PONTEVEDRA

Isabel Figueroa Matallín
PSICÓLOGA CLÍNICA. COMPLEXO HOSPITALARIO
UNIVERSITARIO DE PONTEVEDRA

Almudena Campos González
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN OURENSE

Edita

Colexio Oficial de Psicología de Galicia
Españeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534049 Fax: 981 534983
www.copgalicia.es copgalicia@cop.es

Deseño e maquetación

ekinocio comunicación

Imaxe de portada

©Bekir Dönmez - Unsplash

ISSN: 2444-6653.

Novembro, 2018

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables das opinións verquidas nos artigos publicados. As opinións expresadas na Presentación son responsabilidade do Consello Editorial.

<https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude/publicacions>

VERSIÓN EN GALEGO

- 7 Presentación
- 9 As teorías do humor e o cambio cultural
JOSÉ LUIS VEIRA VEIRA
- 21 Isto non é un artigo sobre o humor
BRIAN RODRÍGUEZ / CONCHI MADRINA / ANXO MANOEL LAMELO /
ISABEL HERRERO / ELVIRA VELASCO / PEPE SAAVEDRA / MARÍA GRANDÍO
- 33 Rir da morte. Unha aproximación ao humor ao final da vida
SABELA MACEDA GARCÍA / DAVID SUÁREZ ALONSO
- 41 O humor na infancia e na psicoterapia infantil
MARÍA MARTÍNEZ CORTIZO / ELENA PIÑEIRO REIRIZ

FERRAMENTAS

- 52 Emprego do humor en psicoterapia nunha Unidade de
Conductas Adictivas
JOSÉ MARÍA GARCÍA JANEIRO

ANUARIO ABERTO

- **CASO CLÍNICO:**
- 65 Cando o espello é o teu inimigo. Trastorno Dismórfico Corporal
CRISTINA GONZÁLEZ FREIRE / INMACULADA SANGIAO NOVIO
- **COMUNICACIÓN LIBRE:**
- 70 Apuntamentos para unha reflexión provisional sobre o mal
e a melancolía
FERNANDO COLINA PÉREZ
- **TRABALLOS PREMIADOS NAS XXII XORNADAS DE
PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG:**
- 78 **COMUNICACIÓN ORAL:**
Protocolo de avaliación psicolóxica en dor crónica: resultados
e propostas
EDUARDO MARTÍNEZ LAMOSA / AMADOR ESTÉVEZ SERANTES.
- 84 **COMUNICACIÓN ESCRITA-PÓSTER:**
Avaliación da tensión laboral nos profesionais de enfermería
dunha unidade de coidados paliativos
SABELA MACEDA GARCÍA / NOELIA PITA FERNÁNDEZ / REBECA DEUS
FERNÁNDEZ
- 87 **NORMAS DE PUBLICACIÓN**

A VERSIÓN
EN ESPAÑOL
COMEZA NA
PÁXINA 89



M^a Gabriela Domínguez MartínezPSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN
PSICOEDUCA-PONTEVEDRA✉ gabriela.dominguezmartinez@gmail.com***“O humor e a sabiduría son as grandes esperanzas da nosa cultura”.***

KONRAD Z. LORENZ

“O humor e a curiosidade son a máis pura forma de intelixencia”.

ROBERTO BOLAÑO

Un ano máis sae á luz outro número do anuario... Pero este ano, ademais, saímos á superficie un novo equipo e, para romper o xeo... que mellor forma que facelo co humor!

O humor está en todos lados, forma parte da existencia e tamén da realidade, ten a súa propia vida, cambia, evoluciona... pero mantén a súa esencia. O humor non é un tema sinxelo de abordar e delimitar, a pesar de que todos temos sentido do humor en maior ou menor medida, pero si ten poder para provocar cambio e invitar á reflexión. Con esta idea, o noso obxectivo é aportar un gran de area a reflexionar e facelo a través de diferentes olladas.

O artigo que abre este anuario corre a cargo de José Luis Veira, que nos introduce no tema sinalando a natureza social do humor e a súa relación coa cultura. Fai un percorrido sobre as teorías explicativas do humor, coas súas bondades e carencias, coas súas diferenzas e semellanzas; e remata o seu escrito facendo unha reflexión final sobre o papel do humor na sociedade actual.

Os membros de Microefectos Dramatúrxicos, recollen no seu artigo as súas reflexións diversas e persoais sobre o humor. Baixo a modalidade de “cadáver exquisito”, cada un dos membros elabora, a modo de actos, distintas pezas sobre a súa visión do humor na creación das súas obras. Fálannos así de romper expectativas, do lugar do humor entre a arte e a vida, da transgresión ás normas, do poder do humor para mellorar a predisposición a recibir mensaxes, da cualidade persoal e intransferible do humor, da súa relación coa vida e a realidade; para finalizar cun acto que é en si mesmo una peza humorística.

E da arte pasamos á morte, con Sabela Maceda e David Suárez. Psicóloga clínica e periodista amósannos que o humor e a morte non están rifados. Adén-

transe no mundo do sufrimento, a morte e o humor a través de situacións reais e ficticias, da literatura e do cine, de notas de prensa e de experiencias profesionais; onde se amosan os beneficios do humor neste contexto de final da vida e tamén os seus riscos. Asimismo, adéntranse na importancia do bo uso (non calquera uso) do humor como ferramenta terapéutica no contexto dos cuidados paliativos, tanto para o doente como para o profesional.

Neste punto damos un salto e nos colocamos na infancia. Neste artigo, as psicólogas María Martínez e Elena Piñeiro falan da infancia, do cuidado dos nenos e da importancia do seu desenrolo emocional, incluíndo o sentido do humor, do papel da familia neste campo e do sentido do humor como un elemento importante a ter en conta na súa crianza. Fálannos de fomentar a alegría nos nenos e da importancia do xogo como elemento evolutivo na aprendizaxe dos pequenos. Tamén recollen o traballo cos nenos en terapia a través do xogo, facendo fincapé na relación terapéutica e no sentido do humor como condición para facer terapia cos cativos.

O apartado de ferramentas ven da man do psicólogo clínico José María García Janeiro, que fai un acertado percorrido sobre o humor, o seu significado e os tipos de humor, así como sobre as teorías que tratan de explicalo; para afondar posteriormente no uso do humor en terapia como recurso ou instrumento que nos facilite e mellore o noso traballo profesional. Un uso do humor ben feito, no que avisa sobre o as aspectos positivos e negativos do seu emprego.

Seguindo a liña de anuarios anteriores, inclúese tamén un apartado, baixo o nome de anuario aberto, no que se presenta un caso clínico e unha comunicación libre. Cristina González e Inmaculada Sangiao nos presentan un interesante caso clínico sobre o Trastorno Dismórfico Corporal, no que nos amosan a importancia de considerar a ampliación do foco no tratamento, máis aló do síntoma, como determinante no éxito da terapia. Fernando Colina achega unha comunicación libre reflexionando sobre o mal e a melancolía e, por extensión, a relación da loucura coa maldade.

Para rematar, facemos un oco no anuario para os traballo premiados nas XXII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG. Eduardo Martínez e Amador Estévez, co premio á mellor comunicación oral, expoñen o protocolo de avaliación psicolóxica en dor crónica, os seus resultados e o plantexamento de novas propostas. Por outra banda, Sabela Maceda, Noelia Pita e Rebeca Deus (Programa para a Atención Integral a Persoas con Enfermidades Avanzadas) co premio ó mellor póster, fálannos sobre a avaliación da tensión laboral nos profesionais de enfermería nunha Unidade de Cuidados Paliativos.

Por último, agradecer e darlle os parabéns ós meus compañeiros de equipo pola súa implicación, traballo e alegría. Así como aos autores dos artigos, que tan ben o fixeron; e ós compañeiros de COPG.

Agardamos que vos quede un bo sabor de boca coa lectura!

M^a Gabriela Domínguez Martínez
DIRECTORA DO CONSELLO DE REDACCIÓN

*“Non tomes a vida demasiado en serio.
Non sairás dela con vida”.*

Elbert Hubbard

*“Claro que o entendo. Incluso un neno
de cinco anos podería entendelo. Que
me traian un neno de cinco anos!”.*

Groucho Marx

*“A idade é algo que non importa, a non
ser que sexa vostede un queixo”.*

Luis Buñuel

*“O humor é a manifestación máis
elevada dos mecanismos de
adaptación do individuo”.*

Sigmund Freud

*“O cómico é simplemente un xeito
divertido de ser serios”.*

Peter Ustinov

*“O humor é a cara civilizada
da desesperación”.*

Boris Vian

*“O humor é unha cobardía,
unha fuxida da realidade”.*

Claude Serre

“Humor é posiblemente unha palabra”.

Groucho Marx

*“Sempre pensarei que o amor é
facerse rir”.*

Defreds

*“O humor é unha arma de construción
masiva”.*

Luis Piedrahíta

AS TEORÍAS DO HUMOR E O CAMBIO CULTURAL

José Luis Veira Veira

CATEDRÁTICO XUBILADO DE SOCIOLOXÍA
DA UDC

✉ veiraj@udc.es

RESUMO: Neste artigo, de carácter exploratorio, abordamos a relación entre cultura e humor. O noso obxectivo é mostrar o papel predominante do humor na cultura actual e avaliar a capacidade explicativa das tres teorías clásicas. As contribucións teóricas máis importantes sobre o humor no ámbito das ciencias sociais foron a teoría da superioridade, a teoría do alivio e a teoría da incongruencia. Na nosa opinión estas teorías non son incompatibles: todas están de acordo na natureza social do humor, aínda que compiten en canto á explicación causal ou funcional. Nas culturas posmodernas, moi competitivas e agresivas, o individualismo parece correlacionar positivamente co humor agresivo. O narcisismo e o hedonismo contribúen a expandir este humor agresivo. Neste sentido, estimamos que a teoría da superioridade mantén aínda unha considerable eficiencia explicativa do papel do humor nas culturas posmodernas.

PALABRAS CLAVE: Humor, Risa, Teorías, Cultura, Posmodernidade.

ABSTRACT: In this article we explore the relationship between culture and humor. Our aim is to evaluate the explanatory capacity of the three classical theories about humor and emphasize the role of humor in postmodern cultures. The most important theoretical contributions on humor in the field of social sciences have been the theory of superiority, the theory of relief and the theory of incongruence. In our opinion, these theories are not incompatible: They all agree on the social nature of humor, although they compete in terms of causal or functional explanation. In postmodern culture, which is individualistic and highly competitive, aggressive humor seems to be the prevalent type of humor. Moreover, narcissism and hedonism contribute to expand further this aggressive mood. In this sense, we believe that the theory of superiority still provides a remarkable explanatory efficiency of the role of humor in postmodern cultures.

KEY WORDS: Humor, laughter, Theories, Culture, Postmodernity.

SUMARIO:

- 1 Introducción.
- 2 O humor como fenómeno social.
- 3 A natureza social do humor nas teorías clásicas.
- 4 O papel do humor na sociedade actual.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- Beard, M. (2014). *Laughter in Ancient Rome*. Berkeley; Los Angeles; Londres: University of California Press.
- Berger, P. (1998). *Risa redentora*. Barcelona: Kairós.
- Bergson, H. (1973). *La Risa*. Madrid: Espasa-Calpe, S.A.
- Freud, S. (2017). El chiste y su relación con el inconsciente. En *Obras completas*. Cork. Irlanda: Oregon Publishing.
- Gruner, C. R. (1997). *The Game of Humor: A Comprehensive Theory of Why We Laugh* (2017th ed.). London and New York: Routledge, Taylor & Francis Group.
- Hobbes, T. (1980). *Leviatan*. Madrid: Editora Nacional.
- Kuipers, G. (2008). The sociology of humor. En V. Raskin (Ed.), *The Primer of Humor Research* (pp. 365-402). Berlin-New York: Mouton de Gruyter.
- Kuipers, G. (2015). *Good Humor, Bad Taste. A Sociology of the Joke*. Berlin-New York: De Gruyter Mouton.
- Lipovestky, G. (1986). *La era del vacío*. Barcelona. Anagrama.
- Martin, R., & Kuiper, N. A. (2016). Three decades investigating humor and laughter: An interview with professor Rod Martin. *Europe's Journal of Psychology*, 12(3), 498-512. <https://doi.org/10.5964/ejop.v12i3.1119>
- Mendiburo, A., & Páez, D. (2011). Humor y Cultura. Correlaciones entre estilos de humor y dimensiones culturales en 14 países. *Boletín de Psicología*, No. 102, 102, 89-105.
- Romero Reche, A. (2008). *El humor en la teoría sociológica postmoderna*. Granada.España.: Editorial de la Universidad de Granada.
- Schutz, A. (1945). On Multiple Realities. En *Philosophy and Phenomenological Research* (pp. 533-576). International Phenomenological Society.
- Veira, J. L. (2007). La sociedad individualizada. En *Las actitudes y los valores sociales en Galicia*. Madrid: CIS.
- Watson, C. (2015). *Comedy and Social Science. Towards a Methodology of Funny*. New York-London: Routledge.

1 | Introducción

O humor é un elemento importante da cultura e forma parte da estrutura normativa dunha sociedade, pois na súa configuración atópanse referencias explícitas ás crenzas, os valores, os gustos e as normas compartidas pola maioría da xente. Cando alguén conta un chiste é difícil que no seu contido non se atope unha alusión directa ou indirecta a algún asunto ético, estético ou moral de relevancia. Moito máis se se trata dunha comedia, onde se poñen en evidencia os contrastos e as contradicións dos usos e costumes. De maneira que, cando un se propón escribir algo sobre o humor, desde a perspectiva das ciencias sociais, o primeiro obstáculo co que se atopa é a complexidade do obxecto de estudo. O humor presenta tantas facetas como situacións sociais hai e unha gran diversidade de formas como a ironía, a sátira, a parodia e todas as formas de comedia en xeral. Por esta razón, ata a data, as ciencias sociais non puideron establecer unha teoría do humor que abarque e integre todas as formas e variedades do mesmo tal e como se manifestan na sociedade. E aínda que a Antropoloxía e a Psicoloxía trataron de xeito temperán o tema do humor, facendo importantes achegas teóricas e empíricas, séguese botando en falla unha teoría que aglutine as distintas aproximacións teóricas. A Socioloxía, pola súa banda, non prestou atención sistemática ao tema do humor ata finais dos anos 70 nin logrou establecer un consenso teórico, despois de empregar todo o seu variado aparello metodolóxico propio dunha ciencia multiparadigmática.

A pesar diso, a investigación sobre o humor no ámbito das ciencias sociais contribuíu con tres aproximacións teóricas que foron ata hoxe os marcos de referencia máis importantes. Estas tres teorías (o termo pode parecer excesivo) son a teoría da *superioridade*, a teoría do *alivio* e a teoría da *incongruencia*. Aínda que o seu alcance explicativo é cuestionado con frecuencia, o certo é que son as achegas que ofreceron un marco teórico máis sólido para comprender o humor. Outras achegas teóricas -e hai bastantes- non serán examinadas aquí por razóns de espazo, pero tamén porque adoitan ser derivacións das tres mencionadas. Dun modo ou outro, moitas achegas recentes terminan sendo debedoras dunha das tres teorías mencionadas ou dunha mestura delas. O noso obxectivo é “revisitar” estas tres teorías co fin de avaliar o potencial explicativo que manteñen aínda cada unha delas, así como as súas deficiencias e os seus acertos, e apuntar a necesidade de superar as súas formulacións metodolóxicas e conceptuais. Esta necesidade dunha nova formulación nas hipóteses sobre o humor, xorde das transformacións culturais acaecidas co declive da modernidade e o auxe dos valores chamados posmodernos. As sociedades posmodernas propiciaron un cambio de valores e crenzas que afectaron moi directamente ao chamado *sentido do humor*. Valores de *emancipación* (posmaterialistas) foron medrando á conta de valores materialistas e configuraron unha sociedade individualizada

onde o humor tamén se viu afectado, non só na súa natureza senón tamén na súa aplicación ás relacións persoais. A sociedade individualizada orientouse cara ao hedonismo e, nesta orientación, o humor converteuse nun valor inherente sometido ao principio do pracer: a diversión pasou a ser un dos obxectivos (valores) máis desexados para unha gran parte da poboación.

O humor é parte importante da estrutura normativa dunha sociedade, de modo que non só forma parte dela senón que é o seu reflexo. Agora ben, a diferenza doutros elementos culturais, o humor mantivo ao longo da historia unha posición peculiar a respecto da cultura dominante: mantívose como unha realidade paralela ao mundo do “serio”. O humor representou sempre o mundo do “non serio”, é dicir da broma, a burla e a parodia. O humor configura unha realidade paralela; unha realidade na que as emocións e as restricións sociais quedan momentaneamente en suspenso. Isto pode entenderse mellor se observamos o mundo do xogo en que se moven os nenos: nese mundo cabe todo, a fantasía e o absurdo conxúganse concitando a diversión e a risa. No mundo paralelo do humor as persoas compórtanse como nenos, sen restricións sociais e sen vergoña. Visto así, o humor representou en certo xeito o mundo dos *contravalores*.

En consecuencia o humor e os seus efectos, como a risa ou a alegría, deben ser estudados tendo en conta que o suxeito (individual ou grupal) involucrado nunha situación humorística se atopa inmerso nun mundo paralelo alleo, cando non oposto, ás esixencias da realidade cotiá. Cando alguén conta ou escoita un chiste, ou cando forma parte da audiencia dunha comedia, a maior parte das emocións, valores e tabús sociais quedan momentaneamente en suspenso. Sen esa condición previa é difícil que apareza a risa, como efecto máis coñecido do humor. Crear ou involucrase nunha situación humorística permite ao suxeito inverter o seu sistema de valores e abrirse a outras realidades. E é aí onde reside a natureza ambivalente do humor: unhas veces como recurso para a rebelión e outras para apontoar a orde establecida, actuando como “válvula de escape”.

En calquera caso, se o humor é considerado como unha realidade paralela do “non serio” fronte ao “serio”, non por iso deixa de ter unha natureza social, derivada da súa relación coa cultura. Un dos propósitos desta análise é tentar mostrar que as tres teorías chamadas clásicas non compiten entre si senón que son complementarias, aínda que cun potencial explicativo diferente, desde un punto de vista sociolóxico. Cada unha delas explica con bastante eficiencia as distintas facetas da risa e do chiste. A pesar das súas diferenzas, pode verse, con todo, que é posible concilialas, identificando en cada unha delas a aceptación explícita ou implícita da idea de que o humor ten unha natureza social. Este recoñecemento da natureza social do humor lexítima a comparación entre as tres teorías con obxecto de establecer unha xerarquía desde o punto de vista da súa capacidade explicativa. Pero a nosa formulación é que as tres teorías, a

pesar dos seus acertos, xa non poden explicar o *significado* cultural do humor nunha sociedade posmoderna, marcada polo *individualismo* e o *hedonismo*. Con todo, estimamos que debería prestarse especial atención á teoría da superioridade, porque nun mundo globalizado, a agresividade humorística volveu renacer na difusión de chanzas onde o adversario político, relixioso ou étnico é ridiculizado sen contemplacións. Fronte ao humor benigno, o humor agresivo volve poñer de moda a Hobbes. Quizais non sexa de todo estéril tentar un desenvolvemento actualizado desta teoría da superioridade adaptada ás novas circunstancias. Ao noso xuízo, a teoría da superioridade permite múltiples ramificacións que chegan mesmo a conectar positivamente con enfoques bioloxicista-evolutivos. É ben sabido, ademais, que tanto Aristóteles, como Hobbes, Freud ou Bergson, por citar algúns dos autores máis relevantes das teorías mencionadas, non poden ser encadrados de forma estrita nunha desas tres teorías. Todos fixeron afirmacións que lles sitúan en marcos teóricos non usuais. Así, por exemplo, o propio Bergson, que pasa por ser un dos teóricos da incongruencia, afirma, en cambio, que “a rixidez constitúe o cómico, e a risa é o seu castigo” (Bergson, 1973), o que reforza a idea de que as teorías da superioridade e da incongruencia poden ir da man.

2 O humor como fenómeno social

A Fenomenoloxía de Alfred Schutz (Schutz, 1945) foi a inspiradora dalgúns interpretacións do humor no campo das ciencias sociais situando o humor e a risa fóra do chamado mundo da realidade predominante e en contraste dialéctico coa vida cotiá. O humor, como a relixión, a maxia ou o mundo da fantasía infantil forman unha realidade aparte, unha *parcela finita de significado*. A estas *parcelas finitas de significado* pódese entrar e saír, voluntaria ou involuntariamente, no transcurso da vida diaria. Cando nos contan un chiste, asistimos a unha comedia ou lemos algo humorístico, estamos a ser trasladados a un mundo de significados propios que habitualmente contradin os valores e normas da vida cotiá ou realidade predominante. Por esta razón P. Berger, na súa *Risa Redentora* convidanos a considerar o humor como unha parcela finita de significado, da mesma maneira que o é a experiencia relixiosa ou máxica. A risa é redentora porque é salvífica, afasta de nós a traxedia e o drama da vida cotiá (Berger, 1998). Mesmo chega a afirmar que “a clave para entender o lugar que ocupa o cómico na sociedade é a súa profunda afinidade coa relixión e a maxia” (Berger, 1998:119). Cando a orde social funciona relativamente ben para o suxeito, esta mesma orde social vólvese parte da realidade dominante ordinaria. Pero esta orde é precaria e está con frecuencia ameazada: “a orde social sempre está exposta a sufrir alteracións. Estas teñen a súa orixe, entre outras cousas, na intrusión *doutras* realidades. O sacro constitúe unha intrusión. O cómico, “outra” (Berger, 1998:119). Por esta razón, determinados acontecementos relixiosos ou humorísticos son relegados a determinadas datas ou situacións onde estas experiencias -de éxtase relixiosa ou de tolemia cómica- poden ser consideradas normais, quedando en suspenso os gustos ou valores sociais predominantes. A Semana Santa ou os Entroidos son exemplos ilustrativos disto.

Con todo, o feito de que o humor, e o cómico en xeral, represente un mundo aparte, unha *parcela finita de significado*, non por iso debemos supoñer que non existe ningunha relación co sentido común da vida cotiá. Todo o contrario, pois iso enfróntanos a dúas cuestións básicas: a que se deben ou cales son as causas da intrusión do humor nas nosas vidas e que efectos ten dita intrusión na estrutura social dominante. E o que é máis importante, que na actualidade as *parcelas finitas de significado* volvéronse permeables, e ata confusas e



Cartel de
©Life of Brian, 1979

borrosas. Incluso as manifestacións relixiosas -consideradas parcelas finitas por excelencia- xa pasaron a ser manifestacións folclóricas e turísticas, como ocorre coa Semana Santa ou o Camiño de Santiago. Case todo pasou a ser parte da realidade cotiá; o humor tamén. O humor irrompeu no mundo do serio, e este foi cedendo paso á idea de que “todo pode ser tratado con humor”. De modo que o humor adquiriu lexitimidade no ámbito do serio e ata é posible resolver cuestións serias con sentido do humor.

Agora ben, o interesante é subliñar que a natureza do humor e o cómico en xeral vén dada pola súa relación problemática coa orde social: unha vez para desafialo e outras para reforzalo. Esta relación dialéctica indica precisamente o seu carácter social: para que se dea unha situación humorística, ou podamos rir, ten que haber unha relación social. A situación humorística require como mínimo unha relación entre dúas persoas (a risa en solitario é máis que infrecuente, e cando se dá, adoita ser nunha situación para-social, como ver a TV ou ler un libro). Mesmo se nos referimos á risa como mera resposta fisiolóxica: un non pode facerse cóxegas a si mesmo.

Isto quere dicir que o humor require intercambio comunicativo (aínda que este proveña dun libro ou un programa de televisión) no que se involucran varios participantes. Desde un punto de vista sociolóxico, o humor é un feito social, o cal quere dicir que é un fenómeno coas mesmas características propias a todo fenómeno social: é universal (está estendido pola maioría dos grupos e culturas), está condicionado socialmente (variables como a idade, o sexo, a relixión, o país, os estudos etc., son determinantes na súa aparición e nas formas) e exerce certa presión sobre o grupo: en todas as sociedades existen normas implícitas sobre que tipos de situacións sociais son adecuadas para introducir o humor e en cales o humor ou o cómico pode ser mal recibido. Máis persoas das que adoitamos supoñer xulgan desfavorablemente as situacións humorísticas -especialmente as de contar chistes- aducindo mal gusto ou falta de vergoña (Kuipers, 2015). A conceptualización do humor como feito social require considerar a risa como o seu indicador social empírico, dado o seu carácter observable.

Con todo, en moitos estudos sobre o humor veuse insistindo neste tema controvertido como é a relación entre o humor e a risa. A tendencia xeral foi excluír o fenómeno da risa nas análises sobre o humor, Agora ben, certos estudos recentes empezan a ir na dirección oposta. Así, por exemplo, Kuipers definiu o humor como “o exitoso intercambio de chistes e risas”, argumentando que aínda que a risa non sexa necesariamente o corolario do humor, é, así e todo, a resposta sempre máis buscada nun intento de facer humor e por iso é polo que a súa inclusión sexa esencial para comprender o significado social do humor (Kuipers, 2008). A pesar diso moitos autores seguen preferindo manter separados nas súas análises os conceptos do humor e da risa (en especial a provocada polos chistes).

Quizais porque prefiren conferir ao humor unha dimensión máis profunda, con significado transcendente para a propia natureza humana. Porén, se temos en conta que o humor pode revestir varias formas e xéneros, como a comedia, a parodia, a sátira ou o chiste, debemos convir que de todos estes xéneros, o chiste e a súa consecuencia, a risa (ou a reprobación), é o máis estendido socialmente. Por iso é polo que o chiste e a súa reacción máis buscada, a risa, sexan o obxecto de estudo máis apropiado, desde o punto de vista sociolóxico, para captar o sentido do humor nunha sociedade. Neste caso, como noutros moitos, a metodoloxía empírica impón os seus límites e restricións, co fin de alcanzar unha maior claridade.

A isto hai que engadir, ademais, que o humor expresado a través do chiste require un coñecemento previo dos gustos e valores dos demais, en especial se se quere acertar co chiste correcto no momento oportuno. En toda relación humorística se poñen en xogo determinados códigos, hábitos e normas sociais que determinan o éxito ou fracaso da interacción. Iso permite, en consecuencia, ir un pouco máis alá das interpretacións clásicas e enmarcar a análise do humor dentro das teorías do intercambio social. Debe terse en conta que cando un conta un chiste está a expresar os seus gustos e, polo tanto, os seus valores, e en canto aos que o escoitan, as súas reaccións (risa ou desaprobación) tamén estarán a mostrar as súas preferencias e gustos, revelando convivencia ou rexeitamento. Diso dedúcese que o chiste é un excelente recurso para calibrar o grao de comprensión mutua, á vez que dá sinais de boas intencións (Kuipers, 2015:1). Neste intercambio comunicativo sempre estará en xogo o éxito ou fracaso do chiste e certo grao de probabilidade de éxito ou fracaso na relación de intercambio. Debemos engadir que, en xeral, as situacións humorísticas exitosas facilitan un intercambio positivo onde todos gañan, aínda que alguén ou algo (unha crenza, por exemplo) saia malparado.

Ademais, a risa é un compoñente do humor, recoñecida socialmente. Quizais por iso a mellor forma de abordar a relación entre a risa e o humor sexa a que propón Rod Martin. Segundo este autor, o humor ten catro compoñentes: o *cognitivo*, o *emocional*, o *social* e, por último, a *risa* (Martin & Kuiper, 2016). O aspecto cognitivo refírese á capacidade de percibir a incongruencia e poder manter simultaneamente en mente dúas interpretacións contradictorias dunha situación. O compoñente emocional é a alegría (*mirth*) activada polo proceso cognitivo. O compoñente social derívase do feito de que o humor se dá nun contexto de relación social con moita maior frecuencia que en solitario. Desde un punto de vista evolutivo, pode contemplarse o humor como un mecanismo de cohesión social. Finalmente, a risa é a manifestación non verbal da expresión emocional da alegría. A risa ten un longo historial evolutivo (sábese que algúns animais non-humanos tamén rin) xa que precedeu á aparición da linguaxe. Aínda hoxe é posible contemplar a risa sen ningunha conexión co elemento cognitivo ou per-

cepción da incongruencia, pero a risa humana alcanza a súa singularidade cando se establece dita conexión. A risa en solitario só pode darse en situacións para-sociais como vendo a televisión, lendo unha comedia ou imaxinando ou lembrando determinados sucesos futuros ou do pasado. Así pois, non deben esaxerarse as diferenzas entre humor e risa. É máis, a investigación sociolóxica non pode prescindir da risa como un indicador fiable do humor.

Polo demais, a risa ten unha función social ambivalente, unhas veces de control social e outras de rebelión ou transgresión. Ambas as funcións dependen da situación social na que se desenvolve o discurso humorístico (Watson, 2015). Ambas funcións de corrección social ou rebelión, non se entenden se non é no marco dunhas relacións de poder e desigualdade. O cal nos leva á formulación da relación entre humor e estrutura social, o que require unha hipótese xeral acerca da natureza desa relación. Hipótese que atopamos ausente nas tres teorías clásicas por dúas razóns: a) aínda que estas teorías recoñecen a natureza social do humor, adoptan, con todo, unha perspectiva subxectiva que lles impide ver a conexión macro entre o humor e a estrutura normativa da sociedade; b) ningunha destas teorías se preocupou de facer unha clasificación dos tipos de humor desde un punto de vista macrocultural; como máximo, como no caso de Freud, fixéronse tipoloxías de chistes.

“Desde un punto de vista evolutivo, pode contemplarse o humor como un mecanismo de cohesión social”.

3 | A natureza social do humor nas teorías clásicas

Como se dixo, son tres as teorías chamadas clásicas que aínda teñen certo predicamento na comunidade científica. Estas teorías son as da Superioridade, o Alivio e a Incongruencia. Naturalmente, existen outras moitas aproximacións teóricas no campo da socioloxía, como a funcionalista, a do conflito ou a interaccionista. Se non as introducimos na nosa análise é porque todas elas son debedoras nalgunha medida das tres clásicas ou constitúen aplicacións puntuais de determinados xéneros de humor, sen pretensión de xeneralizar. Así e todo, botaremos man delas para reforzar a nosa hipótese de que todas as teorías fan referencia de modo directo ou implícito aos condicionamentos sociais do humor pero sen sacar as oportunas consecuencias. Ao mesmo tempo, indagaremos a capacidade explicativa de cada unha delas e o seu potencial de desenvolvemento na futura investigación sobre o humor desde unha perspectiva macrosocial.

Teoría da superioridade. A teoría da superioridade defende que atopamos o humor nas desgrazas dos demais (Watson, 2015). A orixe desta teoría xa se atopa entre os antigos gregos, pero modernamente está vinculada a unha idea de T. Hobbes exposta na súa obra, *El Leviatán*, onde afirma: “A *gloria súbita* é a paixón que dá lugar a eses xestos chamados RISA e é causada por algún súbito acto propio que comprace, ou pola aprehensión de algo deformado noutro, por comparación do cal hai súbita autoaprobación. E é frecuente, sobre todo naqueles que son conscientes das poucas habilidades que neles hai, que se ven forzados a conservarse, na súa propia estima, observando as imperfeccións doutros homes. E por tanto, moita risa ante os defectos doutros é un signo de pusilanimidade. Pois un dos labores propios das grandes mentes é axudar a liberar a outros do desdén e compararse a si mesmos cos máis capaces” (Hobbes, 1650/1980:163).

A aguda observación de Hobbes tivo consecuencias importantes para os teóricos do humor: en primeiro lugar, deu orixe a unha mal chamada teoría da superioridade (o concepto non se menciona no parágrafo) e, por

outro, deixou claro que a risa é un fenómeno social porque se dá a entender que o humor é froito da interacción social, na que tamén está suposto o concepto de desigualdade social. Por esta razón pode entenderse que a Teoría da Superioridade é a que está máis próxima a unha concepción do humor como reflexo dunhas relacións sociais. Pero estas relacións sociais son consideradas aínda desde un punto de vista de experiencia individual. Aínda que a teoría reconece que o humor é un evento social, pola contra, non se fai mención explícita de conceptos sociolóxicos como cultura, poder, conflito ou xerarquía, nin se extraen as oportunas consecuencias (Kuipers, 2008). A gran maioría dos chistes racistas, sexistas, políticos, de contido sexual ou relixioso adoitan provocar a risa daqueles que senten superiores ou por encima de certas crenzas ou ideas. A sátira e a ironía ofrecen numerosos exemplos que poden ilustrar a teoría da superioridade. Cando nun chiste rimos de alguén ou de algo, porque ese algo ou alguén non están á altura do que se espera socialmente, adoptamos implicitamente unha posición de superioridade. Para Hobbes, a risa xorde cando percibimos as condicións de inferioridade doutra persoa: o director dunha banda de música desfilando escorrega nunha monda de plátano ou alguén con autoridade “mete a pata” notoriamente. A risa, en suma, é un claro sentimento de superioridade. Pero Hobbes limitouse a constatar a existencia deste humor “agresivo” sen deducir diso ningún tipo de relación entre cultura e humor. A súa perspectiva non vai máis alá da experiencia individual.

A teoría hobbesiana do humor ten sido a máis criticada, pero tamén é a que ten sido máis desenvolvida e empregada na investigación empírica, como o amosan os numerosos estudos de campo sobre chistes políticos, racistas, sexistas, relixiosos, étnicos e culturais en xeral, onde o obxectivo é sempre facer moca ou poñer en ridículo o adversario ou as súas crenzas. Cómpre dicir que aínda que moitas destas investigacións non recoñecen a teoría da superioridade como válida, son, así e todo, facilmente identificables con ela. Todas poden servir como proba da potencialidade explicativa que aínda presenta o concepto *hobbesiano* de *gloria súbita* e nas posibles ramificacións que poidan xurdir á luz da investigación empírica.

Unha destas ramificacións teóricas é a achega de Charles Gruner, quen realizou un esforzo notable de desenvolvemento da teoría *hobbesiana* do humor, aínda que para iso tivese que reinterpretar a *gloria súbita* como unha vitoria deportiva. Para iso serviuse dunha analogía co deporte: no chiste, como no xogo, sempre ten que haber un gañador e un perdedor. No deporte, os seguidores do equipo gañador senten esa gloria súbita do pracer de vencer e a emoción da alegría. E, como nun partido de fútbol, esta alegría debe ser precedida dunha tensión ou dunha incerteza sobre o desenlace do xogo, xa que se sempre gañase o mesmo equipo non tería lugar esa “burla” do vencedor sobre o vencido. No chiste, segundo Gruner, tamén debe haber tensión ou incerteza para que o resultado produza risa. En concreto, Gruner ofrécenos un conxunto de hipóteses sobre a risa como xogo:

1. Para cada situación humorística, hai un gañador.
2. Para cada situación humorística, hai un perdedor.
3. Atopar o gañador en cada situación humorística e saber que gaña non é fácil.
4. Atopar o perdedor en cada situación humorística e saber que perde non é fácil.
5. Así, a mellor maneira de comprender unha situación humorística é saber quen gaña o que e quen perde o que.
6. A supresión do que se gaña ou se perde ou a rapidez coa que se gaña ou se perde dunha situación cómica (broma etc.) elimina os elementos esenciais da situación e déixaa sen sentido (Gruner, 1997).



Portada de
Leviatán, de T. Hobbes

É evidente que estas teses desenvolven a visión *hobbessiana* de que o humor e a risa requiren un contexto de superioridade, de xerarquía ou de desigualdade. Gruner bota man da autoridade de Koestler, a quen cita, para deixar claro que o humor sempre leva implícito algún tipo de malicia, burla, crueldade velada, condescendencia ou ausencia de simpatía coa vítima do chiste. Convén sinalar tamén que nesta teoría de gañadores-perdedores ten cabida a versión *freudiana* do humor, como descarga dunha enerxía psíquica acumulada (teoría do alivio). Por outra banda, o desenvolvemento que fai Gruner da teoría da superioridade non fai máis que incrementar os aspectos sociais do humor: este dáse sempre nun contexto social de intercambio desigual onde é posible identificar (ás veces con dificultade, como el mesmo recoñece) un gañador e un perdedor.

A dificultade para identificar o gañador e o perdedor esvaécese en parte cando Gruner afirma que debe empregarse o concepto de gañador (*winner*) nun sentido amplo. Aquí “gañar” non significa exactamente o mesmo que no deporte, acláranos, senón que supón “conseguir o que un quere”. E unha das cousas que todo o mundo quere, engade, é conseguir aquilo que nos dá felicidade e se non o conseguimos non somos felices (Gruner, 1997). Se este logro de conseguir o que queremos se produce de forma repentina aumenta considerablemente a risa polo seu efecto sorpresa. O chiste exitoso contén todos estes ingredientes.

Esta nova interpretación da *gloria súbita* de Hobbes potencia a capacidade explicativa da teoría da superioridade. Se a teoría era facilmente aplicable aos chistes “de tendencia” onde se pode identificar con claridade o gañador e o perdedor, agora poden contemplarse tamén desde esta perspectiva os chistes “inocentes”¹¹

A crítica máis directa á teoría da superioridade baséase en que non todos os chistes son intencionais ou de tendencia, que tamén existen chistes cuxo goce provén do enxeño e da incongruencia (pénsese, por exemplo, nas representacións cómicas de Tip e Col¹², onde o absurdo parece ocultar calquera indicio de sátira). É máis, arguméntase que a risa dos bebés ou dos nenos moi pequenos non poden asimilarse á teoría da superioridade por razóns obvias. Así e todo, non se pode asegurar que os bebés ou os nenos non conseguen o que queren cando rín (Gruner, 1997). De feito, cando non o conseguen teñen manifestacións contundentes para mostrar o seu enfado. En calquera caso, é certo que resulta difícil explicar un bo número de chistes mediante a teoría da superioridade. Pero que sexa difícil non quere dicir que sexa imposible.

Certamente, Gruner fai un gran esforzo para convencernos de que calquera chiste, sexa de tendencia ou inocente, sempre pode quedar reducido a un xogo no que alguén gana e outro perde. Ás veces, o gañador ou o perdedor son os personaxes ou as ideas contidos no relato humorístico (chiste), pero noutros casos o gañador é o propio relator que logra render a súa audiencia, como ocorre coas

adiviñas ou os enigmas, onde ademais o propio relator queda en situación de superioridade por ser quen ten a solución. Para Gruner sempre hai un gañador e un perdedor.

Teoría do alivio. Os defensores desta teoría céntranse na función da risa como “válvula de escape”. A risa é necesaria para o organismo porque libera tensións internas non resoltas. A teoría do alivio establece que a liberación de tensións que acompaña á risa é fonte de pracer. Un dos primeiros en formular esta hipótese foi Lord Shaftesbury no século XVIII, aínda que se poden atopar precedentes na antiga Grecia. A principios do século XX o sociólogo inglés H. Spencer tamén adoptou esta teoría, aínda que a súa visión foi máis fisiolóxica que social ou psicolóxica. Pero, sen dúbida, o que máis contribuíu á súa sistematización e difusión foi Sigmund Freud. No seu ensaio sobre *El chiste y su relación con el inconsciente*, Freud dános suficientes pistas sobre a súa concepción do humor, tanto na súa faceta social como psicolóxica. A teoría do alivio, ou da catarse, ten sen dúbida unha base psicolóxica pero iso non lle impide a Freud admitir a natureza social do chiste:

“A outra circunstancia que nos impulsa a investigar a condicionalidade subxectiva do chiste é o feito, xeralmente coñecido, de que ninguén se contenta con facer un chiste unicamente para si. Á elaboración do chiste atópase indisolublemente ligado o impulso para comunicalo e este impulso é tan poderoso, que se impón con frecuencia, a despeito de importantes consideracións” (Freud, 2017).

Neste parágrafo queda explícita a idea de que sexa cal sexa o mecanismo psicolóxico que promova a risa, o certo é que esta require un contexto social de polo menos dúas persoas. Mesmo chega a dicir que “o chiste é a máis social de todas as funcións anímicas encamiñadas á consecución de pracer. Precisa moitas veces de tres persoas e o seu perfeccionamento require a participación dun extraño nos procesos anímicos por el estimulados” (Freud, 2017). Debemos entón concluír que a teoría do alivio, do mesmo xeito que a da superioridade, salienta

- 1 Usamos aquí os termos tendencia e inocente no sentido que lles dá Freud. Chistes con tendencia son os que se rín de algo ou de alguén que se quere desacreditar; mentres que chistes inocentes son aqueles que non desacreditan a ninguén nin a nada, son chistes brancos ou benignos que non se “meten” con ninguén.
- 2 Deberíamos preguntarnos se o famoso relato destes cómicos sobre como se “debe encher un vaso de auga” é totalmente inocente: non hai implícito no relato unha burla do estilo enfático e pedante dos discursos dos científicos, dos profesores ou dos académicos en xeral?

o carácter social do humor na súa variante do chiste. Esta coincidencia non é nimia tratándose de dous pensadores - Hobbes e Freud- tan alleos un ao outro. Por distintos camiños chegan á mesma conclusión. Pero non é a única coincidencia. Para Freud, do mesmo xeito que para Hobbes, o humor en xeral e o chiste en particular teñen a función de reforzar a posición do propio eu. Pois un dos móbiles para a produción de chistes (incluso os chamados inocentes) é con gran frecuencia “o vaidoso impulso de mostrar o noso propio enxeño dándonos en espectáculo, isto é, un instinto equivalente á exhibición no terreo sexual”(Freud, 2017). Ademais, para a teoría do alivio, o humor resulta ser unha válvula de escape para rebaixar a tensión socialmente acumulada pola desigualdade e a inxustiza sociais. Así, o chiste fai factible a agresión ou a crítica contra os “superiores provistos de autoridade”. O chiste así concibido está no centro da crítica social e é un reflexo directo da estrutura social de desigualdades. Neste sentido ambas as teorías reforzan a idea de que o humor non é alleo, nin moito menos, á idea de que unha das súas funcións é satisfacer as necesidades de sentimento de triunfo sobre os adversarios ou as súas crenzas. O chiste, polo seu carácter inmediato, é o camiño máis curto para obter a gloria súbita repentina. Parafraseando a Gruner diríamos que o chiste permite conseguir de forma repentina aquilo que queremos (e que nos dá alegría). Con seguridade, o mesmo Freud estaría de acordo con esta afirmación. Agora ben, aquí a teoría facilita tampouco unha interpretación macro da relación entre cultura e humor, entre unha estrutura normativa e un determinado tipo de humor. Difícilmente pode explicar a teoría do alivio por que o que é risible nunha sociedade non o é noutra, ou mesmo en distintas etapas históricas dunha mesma sociedade.

Teoría da incongruencia. É probablemente a teoría con maior predicamento na actualidade e a que mellor reflicte a sociedade de consumo. De forma moi resumida pode dicirse que esta teoría defende a idea de que a risa é provocada polas incongruencias da vida. As incongruencias, os disparates, as contradicións e as inadecuacións son elementos que configuran o humor. A percepción súbita dunha destas incongruencias é o que provoca a risa humana. O propio Kierkegaard sinalaba que a ironía -exemplo claro de incongruencia- é a forma máis clara de humor. A teoría ensina que a percepción das incongruencias, os disparates e demais contradicións provocan risa e son a fonte do humor. As cousas máis serias poden tomarse de broma, se se pode ver nelas algún tipo de incongruencia ou inadecuación. Desde este punto de vista, parece que a teoría da incongruencia resolvería o misterio do humor, pois a gran maioría dos chistes expresan algún tipo de inconsistencia lóxica.

Con todo, non faltan as críticas a esta teoría: a primeira é que non existe un consenso entre os autores acerca da definición do concepto de incongruencia. Este concepto abarca un extenso rango de significados que van desde a inconsistencia ata o absurdo, pasando pola inadecuación. A segunda crítica oriéntase a sinalar que non todas as incongruencias son risibles. É máis, moitas delas poden chegar a irritarnos ou a desagradarnos, como cando percibimos un discurso incongruente ou inapropiado. De maneira que podemos concluír que a risa non é provocada tanto pola incongruencia manifesta senón pola situación social na que se produce ou por unha intención oculta na propia incongruencia.

Chegados a este punto pode dicirse que as tres teorías cobren un amplísimo espectro de formas de humor, logrando explicacións convincentes. As tres ofrecen explicacións concluíntes sobre distintos tipos de humor (Beard, 2014:38). Pero se nos preguntamos polo papel que xoga o humor na sociedade actual, ou o que é máis importante, cal é a relación entre cultura e humor, ningunha das tres ofrece unha resposta convincente, a pesar de que todas elas, como vimos, salientan o carácter social da risa.

“O chiste, polo seu carácter inmediato, é o camiño máis curto para obter a gloria súbita repentina”.

4 O papel do humor na sociedade actual

A idea de que a cada época e a cada sociedade corresponde un tipo de humor non é nova, pero con todo non foi explorada nin validada suficientemente. O marco teórico que debe presidir –ao noso xuízo– unha indagación acerca da relación entre cultura e humor, debe ser aquel que comece por considerar o humor e a risa como un medio de comunicación institucionalizado. As institucións están configuradas ao redor de crenzas, valores e normas orientadas a satisfacer algunha necesidade humana, natural ou culturalmente construída. Vimos que nas tres teorías expostas a risa pode satisfacer necesidades de “sentirse gañador”, de alivio debido á acumulación de tensión ou de diversión como un valor en si mesmo. Estes achados abondarían para confirmar a validez das tres teorías, pero deixan sen explicar por que cambia o tipo de humor –as cousas que nos fan rir– segundo as épocas e as circunstancias. Para abordar esta dificultade, o mellor será volver expor a relación entre o mundo da realidade ordinaria e o mundo das *parcelas finitas de significado*. A realidade ordinaria, a vida do día a día, coas súas esixencias e rutinas, representa o lado “serio” da vida. Pola contra, o humor e o chiste encarnan o lado “non serio”. Esta encarnación do “non serio” pode resultar con frecuencia ameazante para a orde establecida. Todas as sociedades tiveron que resolver esta dualidade cultural co fin de facilitar o desenvolvemento de ambas as dúas. Tradicionalmente, a forma máis común de resolver esta dualidade foi a creación de espazos e tempos onde “o non serio” puidese manifestarse sen que por iso supuxese unha ameaza para a realidade ordinaria, isto é, “o serio”. A institución do Entroido respondeu á necesidade de dar saída á crítica social como válvula de escape. Na Idade Media, o Entroido subvertía -durante un tempo delimitado no calendario- a xerarquía de valores; naqueles eventos non quedaba monicreque con cabeza; desde a Igrexa ata a monarquía, todas as institucións respectables eran obxecto da sátira máis desapiadada. A parodia burlesca era o modo máis frecuente para practicar esta inversión de valores. Este tipo de humor e de risa carnavalesca sería considerada unha ameaza grave á orde social se se producise fóra das datas e os ámbitos establecidos. A Idade Media preséntanos así un tipo de humor agresivo e encapsulado. A risa non formaba parte do mundo serio. Esta compartimentalización da risa durou ata os nosos tempos. Basta con observar e comparar os retratos fotográficos dos familiares: a principios do século pasado era difícil atopar unha risa nos retratados, mentres que hoxe en día é unha esixencia social sorrir ou rir abertamente ante a cámara.

Pero as cousas empezaron a cambiar coa chegada da *modernidade*. A Ilustración trouxo consigo o auxe da ciencia, poñendo en valor as enormes posibilidades da razón para dirixir o progreso humano. En consecuencia todo foi sometido á análise crítica da razón e a sátira serviu de instrumento para erradicar os vellos valores e elevar os novos. O humor comezou así a colaborar co cambio

social, pero aínda conservou durante moito tempo o estigma de ser unha conduta inapropiada. Non esquezamos que o propio Hobbes consideraba a risa como conduta propia de xentes pusilánimes e con poucos escrúpulos. Non obstante, o *humor moderno* serviu aos intereses dunha sociedade que ansiaba seguir os ditados da razón. Pero a separación dos dous mundos era aínda unha esixencia moral. A risa e o humor non casaban moi ben coa produtividade e a disciplina no traballo. O cómico quedaba circunscrito a determinados ámbitos e momentos sociais. As mulleres estaban excluídas destes ámbitos, predominantemente masculinos. Ata non hai moito, as mulleres en España non entraban nos bares, lugares onde se contan chistes e se gastan bromas. Estaba mal visto que as mulleres contasen chistes en público. A austeridade imposta pola disciplina industrial invadía todas as esferas da vida e o serio non se mesturaba co non serio. Mesmo hoxe en día, se alguén se extralimita nos seus chistes ou bromas ten que recorrer rapidamente ao retrouso de “é broma” para non ser mal interpretado. A risa e o humor formaban parte dun mundo paralelo.

A chegada da sociedade de consumo de masas e a expansión dos valores *hedonistas* comezaron a socavar esta diferenciación entre o serio e o non serio. O mesmo Entroido xa non é o que era: agora converteuse nunha festa case-infantil e transversal onde todo o mundo participa. Subsiste a sátira pero moi amortecida pola moral do politicamente correcto. Hoxe en día hai máis autocensura na crítica carnavalesca que na Idade Media, o cal revela que o humor xa non funciona como unha *parcela finita de significado*, caeron barreiras e ao humor e a risa aplícanse as mesmas normas morais que á realidade dominante. Cada vez é máis frecuente asistir a denuncias de determinadas actuacións carnavalescas por ir contra o politicamente correcto ou por ferir sensibilidades morais ou relixiosas dalgúns sectores sociais. Sería impensable, por exemplo, que hoxe se permitise a realización de misas bufas como na Idade Media, ou a elección burlesca dun papa cantando refráns obscenos e utilizando excrementos a modo de incenso. Nin sequera a relixión escapou desta irrupción do festivo e o entretido, como se pode ver na transformación dos seus ritos máis emblemáticos en folclore, servindo de atracción turística. O Camiño de Santiago é un bo exemplo. Todas estas transformacións viñeron da man da publicidade e o *marketing*. A diversión e o entretemento están na cima da escala de valores da nosa sociedade. Uns cualificaron a esta nova sociedade posmoderna como sociedade do espectáculo (Vargas Llosa publicou un breve ensaio con este título) e outros como *sociedade humorística* (como é o caso de Lipovetsky).

Esta sociedade hedonista e narcisista acelerou que se esborrallase o muro que separaba o serio do non serio. O humor invadiuno todo. A televisión, moi especialmente, leva anos potenciando os programas de humor. Pero non só iso, é que os concursos, os programas non especificamente humorísticos, as noticias etc., non se inhiben tampouco á hora de introducir nos seus guións algún chiste

ou broma. Hai mesmo programas que se dedican a comentar a actualidade (noticias) nun ton de chanza, confundindo adrede o serio e o non serio. As redes sociais échense de *memes* ao redor de calquera asunto, xa sexa serio ou non. Aos conferenciantes recoméndaselles que ao comezo da súa exposición contén algún chiste ou anécdota graciosa para atraer a atención do público. En suma, pode dicirse que o humor é xa unha demanda social presente en todos os ámbitos, sen distinción de crenzas, posición social ou sexo. Incluso as empresas empezan a descubrir a importancia do humor como lubricante das relacións no traballo. A Psicoloxía, pola súa banda, hai tempo que descubriu a aplicación terapéutica do humor e a risa.

Todo iso fixo que a nova sociedade *individualizada* converta a aspiración a unha vida entretida e divertida en categoría de valor terminal. Esta valoración da diversión como un fin en si mesmo fai referencia á tendencia que manifestan os individuos e os grupos para contemplarse a si mesmos en exclusiva, a compracerse co propio eu persoal ou colectivo e as súas posibilidades e a buscar a felicidade e o benestar nos praceres máis inmediatos (Veira, 2007). A risa adquire, xa que logo, neste contexto, un valor primordial. Tanto é así que Lipovetsky non dubidou en definir esta sociedade hedonista como unha *sociedade humorística*:

“Pero se cada cultura desenvolve de maneira preponderante un esquema cómico, unicamente a sociedade posmoderna pode ser chamada humorística, pois só ela se instituíu baixo o escudo dun proceso que tende a disolver a oposición, ata entón estrita, do serio e o non serio; como as outras grandes divisións, a do cómico e o cerimonial se esvaece, en beneficio dun clima amplamente humorístico” (Lipovetsky, 1986: 137).

O concepto de *sociedade humorística* é, ao noso xuízo, apropiado para definir un dos aspectos máis importantes da cultura das sociedades occidentais avanzadas. Pero o seu carácter especulativo non permite establecer relacións causais máis precisas de por que nestas sociedades o humor, a diversión, o entretemento e a risa invadiron o ámbito do serio para converterse nunha ameaza neo-nihilista para a orde social. Se todo é susceptible de ser interpretado desde un punto de vista cómico onde queda o serio? É evidente que a hipótese especulativa de Lipovetsky require confirmación empírica de maneira que puidésemos dispoñer dalgunha medida do alcance real da eliminación das fronteiras entre o serio e o non serio.

Desde logo que a falta desa investigación empírica, podemos alegar que a difusión masiva do chiste a través das redes sociais é suficiente para avala a hipótese exposta. Pero aínda así haberá que preguntarse polo significado, as consecuencias e o grao de difusión da sociedade humorística. Unha orientación

para responder a estas cuestións atopámola no seguinte parágrafo dun estudo do humor:

“Como pode ser humorística unha sociedade? Cómpre aplicar tal adxectivo cando o humor irradia de todos cara a todos, cando todos poden exercer como suxeito humorístico e todos poden descubrirse como obxectos humorísticos, cando non hai tema nin aspecto da vida social que estea exento por principio de tratamento paródico. Cando, en resumo, se democratizou a risa, ou o que actualmente pasa por risa, e a comedia transcende a definición de Aristóteles: xa non rimos do inferior senón do semellante, do que é como nós. É dicir, de nós mesmos”.
(Romeu Reche, 2008: 218-219).

Aínda que o concepto de democratización da risa parécenos esaxerado, con todo expresa moi ben o sentido do novo esquema cómico desenvolvido pola sociedade posmoderna, onde a risa e o humor xa non se perciben só como valores instrumentais, senón finais, como valores inmanentes; ter unha vida divertida e entretida pasou a ser un valor desexable para gran parte dos membros desta sociedade; o cal concorda co desenvolvemento do narcisismo mencionado máis arriba: a democratización do humor chega a ser tan radical que mesmo somos capaces de rirnos de nós mesmos. Woody Allen, a nivel internacional, e Moncho Borraxo, a nivel nacional, son dous claros exemplos deste humor narcisista.

Agora ben, o concepto de *sociedade humorística* non deixa de ser un cualificativo máis dos moitos que se atribuíron ás sociedades contemporáneas avanzadas. É necesario contrastar o concepto coa realidade empírica. O concepto por si só non nos proporciona unha medida fiable da “intrusión” do non serio na realidade predominante, nin que variacións podemos esperar non só entre países ou culturas senón tamén entre categorías e sectores sociais. Por outra banda, aínda admitindo que vivimos nunha sociedade humorística, sería interesante coñecer como se distribúen os distintos estilos de humor segundo país e outras categorías sociais como o sexo, a idade ou os distintos tipos de estrutura social. E tamén coñecer o grao de difusión do humor lido, contado ou publicado e que tipo de humor é prevalente, o agresivo ou o inocente (sen intención). Estas cuestións non foron abordadas por ningunha das tres teorías, pero o seu enfoque pode ser aínda útil para determinar o grao de implantación dos tipos de humor.

Determinar que tipo de humor prevalece nas sociedades individualistas sería relevante para o noso propósito inicial: avaliar a capacidade explicativa das tres teorías clásicas. Establecemos que as tres teorías recoñecen a natureza social do humor e ademais suxerimos que a visión *freudiana* e *hobbessiana* non son incom-

patibles, pois ambas -desde perspectivas teóricas diferentes- coinciden en que a risa reafirma o eu fronte ao outro, polo que sempre será posible identificar un gañador e/ou un perdedor no xogo do humor.

Pola súa banda, a teoría da incongruencia debería explicar mellor por que rimos das inconsistencias lóxicas, isto é, do absurdo. Seica rirse do absurdo non nos sitúa nunha posición de superioridade fronte aos sistemas racionais e/ou lóxicos? Cando Tip e Coll revelan nos seus diálogos o absurdo do discurso social, non están, de feito, criticando determinados aspectos da realidade dominante? A obra de Kafka, que pode ser considerada humorística, está impregnada dunha realidade absurda. Desde este punto de vista o humor baseado na incongruencia e no absurdo non entraría en contradición tan flagrante como se pretende coa teoría da superioridade.

Por outra banda, algunhas achegas empíricas sobre a relación entre estilos de humor e cultura mostran unha correlación bastante forte entre o chamado humor agresivo (aquele que con maior énfase suxire a teoría da superioridade) e as culturas individualistas e posmaterialistas, é dicir, as culturas posmodernas (Mendiburo & Páez, 2011). Isto proporcionaría unha vantaxe á teoría da superioridade sobre as outras dúas teorías, polo menos no que á capacidade explicativa do humor prevalente se refire. Neste caso, a teoría da incongruencia, que en aparencia é a máis afastada dos postulados da teoría da superioridade, tería que explicar a variación singular e o alcance dun humor benigno e sen tendencia, se é que existe. É dicir, tería que explicar a excepción e non a regra, polo menos en termos sociolóxicos.

A sociedade individualizada é altamente competitiva e, en consecuencia, “agresiva” aínda que só sexa en termos de logros; por esa razón non nos debe estrañar a expansión do humor agresivo, onde se pode incluír o humor narcisista de autocrítica, pois rirse dun mesmo tamén pode ser considerado unha forma de desacreditación, aínda que sexa de broma.

A globalización, pola súa banda, tamén contribuíu ao auxe do humor agresivo. Os movementos nacionalistas e o conflito co Islam teñen o seu reflexo nun incremento deste humor agresivo. As redes sociais propagan con máis frecuencia que nunca os chistes satíricos que desacreditan aos políticos, descualifican as ideas non acordes coa propia cultura e reforzan a idea dunha supremacía cultural (o cualificativo de “supremacista” púxose de moda). Esta expansión do humor agresivo ten as veces consecuencias graves como ocorreu cos atentados terroristas a determinadas publicacións. A pesar diso, este humor agresivo e o seu impacto negativo nos ofendidos reforzou a idea de que a dimensión pública do humor é o signo de identidade da cultura occidental.



Tip y Coll para a portada
de *Obdulia* ©Joana Biarnés

Por outra banda, a universalidade da risa indica que posúe, ademais dun carácter social, un compoñente evolutivo asociado coa supervivencia e cohesión do grupo, o cal é compatible coas distintas formulacións da teoría da superioridade.

Con iso non defendemos que a teoría da superioridade deba converterse no paradigma hexemónico dunha teoría do humor integrada. Soamente nos interesa sinalar que, a pesar de ser unha das teorías clásicas máis criticadas, quizais conviría non menosprezar as súas achegas, entre outras razóns porque non entra en contradición coas teorías evolutivas e parece ter maior alcance explicativo nunha sociedade individualista e narcisista. A correlación entre individualismo e humor agresivo revela que a teoría da superioridade pode ser un dos instrumentos máis eficaces para explicar o sentido do humor na sociedade *humorística*, así como o seu grao de penetración no mundo do serio; por esta razón a teoría da superioridade non debese ser relegada por motivos de corrección política ou moral. Os humoristas adoitan sentirse molestos con esta teoría, quizais porque en certa maneira queda ao descuberto unha cara non moi amable do humor. En calquera caso, é ben certo que ningunha teoría sobre o humor vai conseguir que deixemos de rir ante un bo chiste, sexa benigno ou agresivo.

“A correlación entre individualismo e humor agresivo revela que a teoría da superioridade pode ser un dos instrumentos máis eficaces para explicar o sentido do humor na sociedade humorística, así como o seu grao de penetración no mundo do serio”.

ISTO NON É UN ARTIGO SOBRE O HUMOR

**Brian Rodríguez, Conchi Madrina, Anxo
Manoel Lamelo, Isabel Herrero, Elvira
Velasco, Pepe Saavedra, María Grandío**

MICROEFECTOS DRAMATÚRXCICOS

✉ microefectos@gmail.com

RESUMO: Se cada un de nós pensa sobre o que lle fai graza, caemos na conta de que rimos sempre co máis sinxelo, aquilo que se asemella máis á nosa triste realidade cotiá, a dos erros, os fallos, o fracaso, as contradicións. A que nos fai tan humanos. Cando vemos esa realidade nun espazo e nun corpo alleos, desprendémonos da necesidade de xulgarnos a nós mesmos e convertémonos simplemente en observadores capaces de tomar distancia e rir. Rimos porque nos recoñecemos.

Desde a faceta múltiple de dramaturgos, directores, actores e espectadores, os compoñentes da compañía Microefectos Dramatúrxicos reflexionamos sobre o humor como parte da nosa acción teatral. Facémolo de forma diversa e plasmámolo nun texto fragmentario e multiforme, feito a varias mans, do que probablemente deberíamos dicir que non é un artigo sobre o humor.

PALABRAS CLAVE: humor, teatro, comedia, catarse Microefectos Dramatúrxicos

ABSTRACT: When we think about what makes us laugh, we suddenly realize that it comes to be always the simplest of our sad daily life: our mistakes, our failures, our contradictions. In short, what makes us human. Therefore, when we see that reality in a different space and in a different body we become just watchers who laugh in distance. We laugh because we recognize ourselves in the actor.

From our multiple facets of playwrights, scene directors, actors and spectators, the members of Microefectos Dramatúrxicos reflect on humour as a part of our theatre activity. We do it in our different ways and we write it down here in a fragmentary and multiform text from which we should definitely say "this is not a paper on humour".

KEY WORDS: humour, theater, comedy, catharsis, Microefectos Dramatúrxicos.

SUMARIO:

- 0 Prólogo: *Captatio benevolentiae*, por María Grandío.
- 1 Acto I: *O humor, entre a arte e a vida*, por Brian Rodríguez.
- 2 Acto II: *Pequenos monstros*, por Elvira Velasco.
- 3 Acto III: *Cun pouco de azucre todo entra mellor*, por Anxo Manoel.
- 4 Acto IV: *Persoal e intransferible*, por Conchi Madrina.
- 5 Acto V: *A vida é gris*, por Isa Herrero.
- 6 Epílogo: *O humor en tempos do cólera*, por Pepe Saavedra.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- AA.VV. (2017). *Microefectos Dramatúrxicos*. Vigo: Laiovento.
- ADANTI, Darío (2017). *Dispáren al humorista*. Bilbao: Astiberri Ediciones.
- BERGSON, Henri (1899). *Le rire*. [Trad. De M^a Luisa Pérez Torres, *La risa. Ensayo sobre la significación de lo cómico*. Madrid: Alianza Editorial, 2008]
- CABALLERO, Félix (2012). *O humor galego alén da retranca*. Cangas do Morrazo: Morgante Edicións.
- TORRES, Arturo (2015). Personalidad: Los cuatro temperamentos del ser humano. *Psicología y mente*. <https://psicologiamente.net/personalidad/temperamentos-ser-humano>)

O | Prólogo: *Captatio benevolentiae*, por María Grandío

Cando se nos presentou esta oportunidade, escribir un texto para esta revista con todo o que significaba (unha revista seria e de psicoloxía), saltamos ao baleiro como tendemos a facer, coa ousadía e o pulo da ignorancia. Logo, ao poñernos a falar de como iamos afrontar nós, teatreiros, o reto, xa encolleu un pouco a valentía desbocada dos comezos. Aínda así, a decisión final sobre o enfoque -que, todo sexa dito, chegou ben rápido- foi a de facer un texto a varias mans, como vén sendo frecuente tantas veces no teatro, se ben non o é tanto o facelo a tantas mans. Non podía ser doutro xeito, xa que a esencia mesma dos Microefectos Dramatúrxicos demanda variedade e traballo colectivo. Variedade que nace xa cos nosos propios textos: cada un de nós escribe obras nas que bota o seu ser mesmo, a súa visión do mundo, a súa ollada á realidade e, como non, a súa particular maneira de facer humor.

Mais o que aquí comezou como proxecto de escrita colectiva converteuse desta volta nunha colección de escritos, tan diversos e disformes como nós mesmos. Igual que na nosa primeira publicación, *Microefectos Dramatúrxicos* (2017), que consta dunha pequena colección de pezas heteroxéneas en tema, autoría e formulación, recolleemos neste artigo único unha serie de reflexións diversas e persoais sobre o humor. Sobre o noso e o universal, o buscado e o atopado, o inocente e o sarcástico.

Así pois, como consecuencia, este artigo é certamente un cadáver exquisito¹ sobre o humor. Nese xogo, os surrealistas vertían un fragmento da súa escrita que se achegaba e afastaba a un tempo dos textos inacabados que escribían os demais. Na folia quedaba plasmado o resultado do divertimento: un texto suturado, monstruoso e fragmentario que, porén, reflectía conexións e afastamentos entre os anacos textuais froito de cada unha das mans que nel interviñan. Era o todo do texto dono, pois, dun novo sentido emanado desa disposición conxunta. Salvando as diferenzas cos surrealistas, neste noso cadáver exquisito o humor é obxecto, á vez, de reflexións, de pequenos traballos críticos de investigación e de metatextos burlescos.

Agardamos que, igual que os nosos espectadores, os lectores deste texto gocen precisamente desa variedade, do caos que dela resulta e do que, finalmente, só se consegue na conxunción de toda esa diversidade.

Conclusión: isto non é un artigo. Se Magritte -e perdoen que nos esteamos poñendo insistentemente surrealistas- non tivo reparos en debuxar unha pipa e rubricala cun incómodo “Isto non é unha pipa”, nós tampouco os temos en escribir un texto axustado ás normas de presentación da revista seria da que lles falabamos hai pouco, poñer un *abstract* (resumo, á fin e ao cabo, aínda que soe máis sofisticado o anglicismo) en varios idiomas e unha serie de palabras chave, e afirmar con rotundidade: isto non é un artigo. Igual que o pintor francés, con ese negar a evidencia buscamos non só romper coas expectativas, facer unha captación da benevolencia do lector e, ao tempo, crear un contexto de humor, senón tamén algo que se consegue tantas veces coa risa: romper o automatismo na mirada ao mundo, criticar a visión pechada, facer que o lector -igual que o espectador- olle o mundo desde unha distancia irónica e poida verse a si mesmo, espido, naquilo que se pon ante os seus ollos.

¹ Xogo creativo empregado polos surrealistas que consiste en ir escribindo unha composición colectiva en secuencia, de tal xeito que cada participante só pode ver o final do que escribiu o xogador anterior.

“Unha serie de reflexións diversas e persoais sobre o humor. Sobre o noso e o universal, o buscado e o atopado, o inocente e o sarcástico”.

1 Acto I: O humor, entre a arte e a vida, por Brian Rodríguez

Logo dunha andanza de cinco anos e con máis de cento corenta pezas de produción propia en carteira podemos afirmar que o proxecto de microteatro (ou teatro en pequeno formato) Microefectos Dramatúrxicos ten unha tendencia natural a inclinarse ao humorismo á hora de propoñer moitos dos seus textos dramáticos. Se botamos un ollo ás trinta e dúas pezas que o grupo teatral presentou ao longo dos últimos dous anos e medio confirmamos que o humor é o eixo vertebrador de trece delas; noutras sete, aínda que teñen un ton máis dramático, atopamos unha forte presenza do humor como elemento aliviador. Evidentemente ante esta afirmación que estou a facer temos que aclarar que os límites xenéricos de moitas destas pezas son o suficientemente difusos e complexos como para denominalas alegremente drama, comedia, traxicomedia ou farsa. De todas formas, cando o humor fai aparición a súa presenza é innegable e, como vimos, no repertorio da compañía teatral antes mencionada é moi usual.

A que se debe isto? Sen ánimo de intentar ser taxante ou definitivo ante un tema tan difícil de delimitar e abordar como é o do humor tentarei ofrecer algunha resposta que intente explicar, minimamente, este fenómeno. Para iso, cómpre achegarse ata a esencia do obxecto de estudo, neste caso, o humor. Afirmo isto porque, en calidade de membro de Microefectos Dramatúrxicos, a miúdo sometemos á crítica e á autocrítica as nosas obras así como os propios mecanismos estruturais e temáticos que as conforman pero, moitas veces, danse por respondidas e entendidas preguntas aparentemente tan sinxelas como “que é o humor?”. Este tipo de preguntas son obrigadas para todo creador porque teñen a capacidade de facerlle redescubrir o seu traballo.

Á hora de achegarme á cuestión xeral do humor procurei unha mirada allea e así foi como me animei a abordar *Le rire*, libro do filósofo francés Henri Bergson publicado en 1899. Neste ensaio, o premio Nobel fai unha afirmación que me resultou moi axeitada como folla de ruta para abordar as continuas relacións entre as obras da nosa compañía teatral e o humor:

“Pintar caracteres, é dicir, tipos xerais, ese é o obxectivo da alta comedia. Díxose moitas veces. Pero insistimos en repetilo, porque estimamos que esa fórmula abonda para definir a comedia. En efecto, non soamente a comedia nos presenta tipos xerais, senón que, ao noso parecer, é tamén a única de todas as artes que se propón o xeral, de modo que, unha vez que se lle asigna ese fin, queda dito o que a comedia é e o que o demais non pode ser. Para demostrar que esa é a esencia da comedia e que se opón así á traxedia, ao drama e ás demais formas de arte, haberá que comezar por definir a arte na súa maior elevación e, despois, descendendo pouco a pouco ata a poesía cómica, veráse que esta se atopa situada nos confíns da arte e da vida, e que polo seu carácter de xeneralidade contrasta con todas as demais artes”. [Bergson, 1899. Trad. en Pérez, 2008: 107.

A tradución ao galego das citas deste artigo é do autor]

A continuación resumirei rapidamente como Bergson argumenta esta premisa. O francés sostén que a individualidade das cousas que percibimos se nos escapa porque, debido a un emprego aforrativo da linguaxe, referímonos tanto ao mundo exterior como aos nosos propios estados de ánimo dunha maneira xeral; por iso nos movemos nun mundo de símbolos e de xeneralidades. É aquí onde aparece a figura do artista que vai na procura do sentimento, do estado de ánimo simple e puro. A arte non ten máis obxecto que apartar os símbo-




Ilustración para *Le rire*
de Henri Bergson, por ©Louis Jou

los útiles aceptados convencional e socialmente para poñernos fronte á realidade mesma. O artista fará todo o posible para que os demais vexamos o que eles viron. No caso da arte dramática, ten como obxecto descubrirmos unha parte oculta de nós mesmos, un elemento trágico da nosa personalidade. Por todo isto, Bergson di que as artes propoñen sempre o individual, sentimentos individualizados en tanto que o artista os experimentou nun momento determinado. Hai unha universalidade na recepción destas verdades cando o artista conecta co público pero, tal e como dixemos, a súa orixe sempre é individual. Fronte ao heroe trágico individual e inimitable (porque ao imitalo caeríamos na parodia) temos o carácter xeral da comedia:

“Moi diferente é o obxecto da comedia. Nela a xeneralidade está na obra mesma. A comedia traza caracteres que atopamos e que volveremos a atopar no noso camiño. Fai resaltar parecidos. Proponse ofrecer tipos. Incluso se é necesario creará tipos novos. Niso distínguese das demais artes”. [Bergson, 1899. Trad. en Pérez, 2008: 116.]

Bergson considera que os autores trágicos e dramáticos describen estados de ánimo moi profundos e conflitos certamente interiores, un tipo de visión que non se pode realizar desde fóra. Se esas personaxes nos causan impresión de vida é porque *son* o poeta mesmo, o poeta multiplicado nun esforzo de observación interior. A comedia, ao contrario, fundaméntase na observación exterior, o poeta neste caso buscará os ridículos humanos fóra e nunca os propios, ridículos e singularidades comúns susceptibles de repetirse e que, polo tanto, escapan da individualidade. Esa observación farase sobre a sociedade e, polo tanto, de aí xurdirá o carácter xeral da comedia. Non convén afondar demasiado neste proceso de observación; é mellor quedar nun estado medio da alma para que naza o acto da risa á hora de conectar co público.

“Ao trasladalos a escena créanse obras que sen dúbida pertencen ao arte en canto só propoñen agradar, pero que se distinguirán das demais obras de arte polo seu carácter de xeneralidade, como tamén pola intención inconsciente de corrixir e de instruír. Polo tanto, temos perfecto dereito a afirmar que a comedia ocupa una posición intermedia entre a arte e a vida. Non é desinteresada como a arte pura. Ao organizar a risa, acepta a vida social como un medio natural; incluso obedece a un dos impulsos da vida social. E neste punto vólvese de costas á arte, que é unha ruptura coa sociedade e un retorno á simple natureza”. [Bergson, 1899. Trad. en Pérez, 2008: 120-121.]

Cómpre subliñar que toda esta argumentación do autor francés provén da análise de comedias e traxedias clásicas, cunha codificación xenérica e un achegamento máis canónico. Desde a época de concepción dos tres ensaios que compoñen o libro, finais do século XIX, ata o momento de confección destas liñas a arte teatral mutou de cheo, especialmente ao longo do século XX. Como dixen máis arriba, hoxe en día os xéneros son moito máis difusos e multitude de influencias corren a través de calquera proposta escénica, desde o teatro experimental ata a dramaturxia fundamentada na interpretación con afondamento psicolóxico, desde o teatro do absurdo ata a dramaturxia na que o estilo principal provén da figura do director teatral. Todo isto dificulta unha translación directa das ideas de Bergson ao teatro actual.

A pesar desta problemática, se retomamos a visión inicial esencialista, en certa maneira *ontolóxica*, podemos confrontar as ideas do filósofo francés coa quenenza que o proxecto Microefectos Dramatúrxicos ten pola creación de obras humorísticas.

Cando Bergson fala da vida, entendemos que se refire de maneira sinxela á existencia. Non nos deteremos a intentar delimitar o concepto de vida dentro do pensamento do filósofo porque se trata dunha cuestión complexa que requiriría máis espazo para afondar en conceptos fundamentais do corpus *bergsoniano* como a duración e a memoria. Achegarémonos á vida como un estado e condición que nutre o artista para logo construír unha visión desa mesma realidade pero codificada en forma de arte, polo tanto, a vida e a arte son opostas pero irremediabilmente unha nace da outra e, deste xeito, necesariamente están conectadas.

Hai unha serie de factores que conectan Microefectos Dramatúrxicos coa vida, un deles é o público. En cada sesión que se fai trimestralmente hai un contacto e un vínculo moi directo co público. Os espectadores están preto do escenario e moitas das pezas transcorren en medio do espazo en que eles mesmos están sentados. Isto implica que moitas das dramaturxias que se fan teñan en conta estes elementos e que, en moitas ocasións, se rompa a cuarta parede. Parte destes espectadores teñen vínculos familiares ou de amizade cos actores. Noutras ocasións tamén se xeran vínculos con espectadores habituais. Todo isto supón un ambiente, a priori, bastante íntimo no cal é fácil percibir a conexión que o espectador ten coa representación teatral.

Este ambiente cálido é axeitado para poñer en escena obras humorísticas ou con forte predominancia do humor. Entendemos que unha obra así procura a risa do espectador e permite taxar, no propio momento da representación, unha reacción sincera por parte do público. A risa necesariamente busca unha conexión co *outro* e nace para ser compartida en comunidade. A base da risa é a complicidade e ten unha duración indeterminada. É unha emoción que ten

a capacidade de xerar un estado de suspensión, mentres se ri non se pode facer outra cousa, a peza teatral queda detida durante uns segundos e o actor debe cubrir ese oco e reenganchar ou cortar o riso para continuar coa representación.

A periodicidade trimestral do proxecto, que comezou como mensual, permitiu ao grupo ter un amplo repertorio de pezas breves. Polo tanto, cada membro do colectivo desenvolveu o seu propio universo dramático, o que deu así lugar a diversos estilos persoais. Esta periodicidade e a liberdade coa que se traballa permitiron achegarse a cada autor á creación dramática como se estivese nun laboratorio. Ao longo destes cinco anos puidéronse ver todo tipo de propostas e cada dramaturgo tivo a posibilidade de transitar diversos xéneros. Finalmente o humor sempre volve.

Este ritmo produtivo conecta os autores coa vida cotiá e as cousas que nelas acontecen; gran parte das pezas proveñen, polo tanto, da observación do mundo exterior e das cousas que nel acontecen. Se observamos o repertorio do grupo veremos que hai pezas que tratan temas de actualidade, en moitos casos políticos e sociais; tamén hai obras que nacen de sucesos casuais que lle acaeceron ao autor ou a algún coñecido seu; e finalmente, temos obras que parten dun forte proceso de reflexión interior, o tipo de proceso creativo que segundo Bergson é o que conecta coa arte.

Este é o único punto no que discrepo lixeiramente con Bergson pero que, ao mesmo tempo, me serve para achegar o humor de Microefectos tanto á arte como á vida. Como apuntei con anterioridade, cando o filósofo fala da comedia como algo máis achegado á vida que á arte refírese a un tipo de comedia teatral xenericamente codificada e totalmente dirixida ao riso. En ningún momento lle nega á comedia a súa condición de arte pero déixaa nun lugar de tránsito entre a arte máis pura e a vida estando máis preto desta última. Nós facemos teatro cento dez anos despois da redacción do texto, tempo no cal esta arte sufriu moitas transformacións. Por iso, as obras que creamos, tanto cómicas como dramáticas, proveñen dunha forte reflexión interior. Temos o habitual caso do *híbrido* da comedia dramática que tanto procura unha catarse no espectador como ofrecer o riso.

Por todo isto, defendendo que, segundo o pensamento de Bergson, se as obras humorísticas do noso grupo só poden estar nun sitio, será un lugar intermedio pero próximo tanto á vida como á arte. Porén, como discrepo da súa negación da comedia como *arte pura*, aventuraríame a transformar esta idea e propoñer que a vida e a arte conforman un círculo dentro do cal estarían o humor e o drama. Posiblemente esta imaxe resulte máis axeitada para a comedia teatral no século XXI e que forma parte dun panorama no que os xéneros, como dixeran, son moi difusos. Sería interesante traer a Bergson a unha sesión de Microefectos para que, logo de ver o espectáculo, sentase cos membros do grupo para falar sobre o humor. Chegados a este punto, atrevome a liberarme do academicismo co que abordei este texto para confesar que podería escribir unha meta-peza na cal Bergson visitaría a sala na que actuamos para beber e falar connosco logo de rematar unha sesión teatral ficticia, para así falar e comentar esa sesión que nunca aconteceu pero que realmente está a acontecer. Este é tipo de xogo libre que nos permite este proxecto teatral tan libre como vencellado ao riso, á vida, ao humor e a arte.

“A base da risa é a complicitade e ten unha duración indeterminada. É unha emoción que ten a capacidade de xerar un estado de suspensión”.

2 Acto II: *Pequenos monstros*, por Elvira Velasco

“Ser consciente do horrible e rirnos disto é dominalo. Só o humor pode darnos a forza necesaria para aturar as traxedias da existencia”.

Esta cita de Eugène Ionesco, dramaturgo fundamental do teatro do absurdo, recolle perfectamente unha das múltiples caras dese estraño e complexo concepto que é o humor. Pode que entendamos máis ou menos en que consiste, que saibamos dicir que é ou non é humor para nós, pero como explicalo? Como explicar por que o público de *Microefectos* acode tan fiel, tan ávido de ficción e riso, a ver a esta “panda de pallasos” presentar a súa torpe e destorcida visión do mundo? Porque lles fai graza. Porque nese distanciamento da realidade que supón observar o que acontece nun escenario, poden recoñecer as miserias humanas. E iso faíños rir, cando non doe.

Sabemos logo que o humor produce riso. E que o riso é algo universal. É dicir, todos os seres humanos de todas as culturas riron desde a Antigüidade. A Universidade de Wolverhampton, no Reino Unido, data o primeiro chiste da historia no ano 1900 a. C. como obra dos sumerios. O chiste é este: “Algo que nunca ocorreu desde tempos inmemoriais: unha moza botando un peido sobre os xeonllos do seu home”. Máis alá do machismo inherente nesta chanza que representa a versión máis erudita do humor de “caca-cu-peido”, atopamos neste chiste varios elementos que tornan as risadas dos sumerios máis divertidos de hai catro milenios, nun eco que resoa nas gargalladas do público de *Microefectos*. Refírome con isto a que en todos os casos o humor xorde dunha idea que rompe coas regras establecidas, que se atreve a xogar cos tabús, a traspasar uns límites baixo o escudo do enxeño e o riso, sen que chegue a supoñer unha ameaza para os valores socialmente compartidos. E cando esta ameaza torna real, o humor quebra da man da censura e o dogmatismo máis fundamentalista.

Gústame pensar que nas pezas que escribimos para *Microefectos*, existe esa pequena transgresión das normas pola que xorde o humor. No proceso, partindo da selección fragmentaria de retallos de realidade e mesturándoa co maxín desbocado, irreverente ou absurdo de cada un de nós, creamos pequenos monstros en forma de pezas teatrais que lanzamos ao escenario para enfrontalas co público. Desde as súas cadeiras, protexidos pola escuridade da sala, os espectadores observan o espectáculo. Pode que se distancien dos personaxes e rían das súas miserias. Pode que rían porque se identifican con esas miserias, aínda que lles resulten inconfesables. Pode que, entre as gargalladas, de cando en vez, asome unha lagrimiña. De emoción. Tamén de riso. Sempre pola maxia do teatro.



*The works of William
Makepeace Thackeray, 1869*

3 Acto III: *Cun pouco de azucre todo entra mellor*, por Anxo Manoel

Dicía David Shayne, o personaxe encarnado por John Cusack no filme de Woody Allen *Balas sobre Broadway*, que “o teatro ademais de divertir debe transformar a alma humana”. Máis alá de que esta frase pode resultar pretenciosa á hora de afrontar a escrita e posterior posta en escena dunha peza teatral, non deixa de ser un gran punto de partida. Algo temos que provocar, algo temos que remover na xente. Pero se a segunda parte da afirmación de David Shayne é importante, non debemos desbotar nunca a primeira, divertir. O humor é unha arma eficaz e importante, complexa e necesaria, perigosa (nos tempos que corren) e difícil de utilizar, próxima e amable (ou non).

O humor no teatro, como ferramenta ou como arma, é eficaz porque fai máis dixerible a información. Dicía Mary Poppins nunha das cancións da película do mesmo nome que “cun pouco de azucre, esa pílula que vos dan, esa pílula que vos dan, pasará mellor”. Pode que aquí resida a importancia do humor na creación teatral. Por cruento, escabroso e indignante que poida ser un tema, achegándonos a el desde o prisma do humor lograremos unha mellor predisposición á recepción da mensaxe tanto daquelas persoas que coincidan no discurso como daquelas contrarias ao mesmo. Non é tratar con frivolidade o tema, senón máis ben relativizalo, ofrecer un novo ángulo desde o que observar a situación. Ese novo punto de vista fará que poidamos ver as cousas doutro xeito, esquecer o noso propio discurso por un momento e poñernos no lugar do outro, darlle unha volta ao tema, incluso recoñecernos a nós mesmos e relativizar as nosas propias ideas preconcebidas, tan difíciles de mudar no cotiá das nosas vidas.

Por isto mesmo é importante o humor, polo seu poder transformador, pola súa capacidade de provocar o cambio e a reflexión, de proporcionar novos puntos de vista, de separar e relativizar as cousas para poder enfrontarse de novo a elas co enfoque cambiado. Deste xeito, centrándonos na primeira parte da frase de David Shayne “divertir” estaremos máis preto da segunda “transformar a alma humana”.

O humor é complexo e a súa utilización aínda máis. No caso dos Microefectos Dramatúrxicos, ao facermos pezas breves de teatro (duns quince minutos de duración) a complexidade aumenta. Quedareime soamente no chiste? Este é, un medo recorrente á hora de escribir. Poderei falar do que quero falar? Transmitir o que quero transmitir? Ou so quedará un eco rebotando entre o humorístico? Aí radica a complexidade, na síntese. En ser quen de, en poucas palabras e/ou accións, contar algo dun xeito divertido pero cunha boa carga de profundidade. Sirva como exemplo, de novo, Woody Allen no chiste que da comezo ao filme

Annie Hall: “Dúas mulleres maiores están nun hotel de alta montaña e unha comenta: “Vaia, aquí a comida é realmente terrible!” e contesta a outra: “E ademais as racións son moi pequenas!”. Nesta brevidade do chiste, Woody Allen está falando, como el explica despois, de que é así como lle parece a vida, chea de soidade, histeria, sufrimento e tristeza pero que, con todo, remata demasiado rápido. Ao mesmo tempo, está amosando o reflexo dun tipo de sociedade, duns estereotipos de persoas que habitan nela e da súa forma de pensar e actuar fronte a vida. Todo isto en tres liñas de texto. Complexo, moi complexo.

Tamén o é o enfoque: como abordo este tema con humor? Un non quere caer na frivolidade, na grosería, na superficialidade. Non. Nós, como David Shayne, queremos transformar a alma humana. Só nos queda romper os cornos para atopar un enfoque novo, outro xeito de mirar, outro ángulo desde o que contar o que o público xa coñece, para sorprendelo e provocarlle a risa. Apoiándonos na farsa, na esaxeración, na sátira ou dun xeito máis noso e menos agresivo, na retranca. Di Félix Caballero que “o humor galego é defensivo, de autoprotección (retranca, trasacordo), mais as veces utiliza o ataque para se defender (sorna) ou chega a ser claramente expansivo (rexouba)” (Caballero, 2012).

O humor galego é pura melancolía, pero está moi apegado á realidade dun xeito escéptico, froito da desconfianza, e nese senso os Microefectos Dramatúrxicos somos fillos da nosa terra. Intentamos escapar do dogmatismo, ser flexibles e transixentes; intentamos acoller e integrar o público, aínda que o seu discurso sexa contrario, incluílo na banda, facelo partícipe, conseguir que rían daquilo que non contaban rir. Que rían con nós e sobre todo que rían de si mesmos.

O humor é unha armadura coa que defendernos de todo o malo que pasa neste mundo e por iso é universal. A todas e todos nos preocupa algo. Aínda que nun principio pode que un tema concreto non nos afecte directamente, pola razón que sexa ao mostrarse diante de nós, ao poñer o foco nel, comezamos a reflexionar acerca do mesmo e da nosa postura ante el. Podemos abordar humoristicamente o tema desde a tenrura e a suavidade nun exercicio de solidariedade, pero tamén podemos abordalo desde a agresividade e a rabia dun xeito máis directo e incisivo, máis contestatario. Non hai unha única fórmula e, neste sentido, ten un compoñente que o asemella ao método científico, pois a única dinámica posible é a de ensaio-erro. Por todo isto, o humor é difícil de utilizar: hai demasiadas opcións, demasiadas variables; pero aí radica tamén a súa beleza e a súa fortaleza.

O humor pode ser perigoso, si. Tal afirmación parecería impensable nunha sociedade avanzada, dun país avanzado, pero a realidade na que vivimos é a que é. É doado ofender a alguén individualmente ou a un conxunto de persoas ou colectivos. Xa que logo, onde se pon o límite? Onde están os límites do humor?

Non serei eu quen se atreva a marcalos, entra dentro do que cada un considere, polo que neste punto prefiro remitirme a Darío Adanti na súa obra *Disparen al humorista*, onde di:

“Por máis ofensivo e despiadado que poida ser un chiste, non se sabe de ninguén, xamais, que morrese polo humor” (Adanti, 2017).

O humor podemos usalo como mecanismo de defensa, para non afrontar os nosos propios medos ou as situacións desagradables nas que nos atopamos. Como dicía Boris Vian, “é a cara civilizada da desesperación”. Pero nunca está de máis, o humor é a miña, a nosa (se falamos dos Microefectos Dramatúrxicos) forma de contar o que nos apetece contar e non debemos poñernos serios á hora de escribir: non hai nada que una máis que rir con alguén. E isto non significa que non tomemos a vida en serio, podemos rir daquilo que respectamos e respectar aquilo do que rimos.

A risa é a mellor maneira que inventou o ser humano para escapar do sufrimento, daquilo que lle fai dano. Canto máis próximo e recoñecible é o humor, máis chegará ao noso interlocutor (o público, no noso caso). Pode ser próximo pola actualidade do tema, polo espazo xeográfico retratado ou polos personaxes, estereotipados ou non, que lle dan vida aos nosos textos. O texto teatral humorístico pode falar da realidade máis próxima ao espectador ou doutra da que non tiña coñecemento, pero ben retratada, desde o ángulo correcto e con humor, provocará a reflexión buscada.

Dicía Ionesco que a falta de humor é un defecto e que hai que tomar as cousas á lixeira, con distancia. Esa distancia marcámola co ángulo desde o que contamos, con esa nova perspectiva para falar de algo moi próximo. Non nos gusta a xente que non ri e non nos axuda. A risa precisa un eco. A risa é a distancia máis curta entre dúas persoas. É moito máis doado rir en compañía, polo que canto máis público hai, máis doado é que funcione o humor e máis grandes serán os sorrisos ou as gargalladas. É unha especie de acto de comunión: nesta vida, todo é máis doado en compañía de outras persoas. Incluso naquelas obras máis dramáticas nas que o espazo para o humor é menor, non deixa de ser necesario, xa que o humor é case unha resposta fisiolóxica ao medo ou á angustia; é un respiro que nos axuda a dixerir mellor ese mal trago dramatúrxico e que, novamente, en compañía funcionará mellor.

Facemos as cousas con humor porque miramos con sentido crítico o mundo, pero tamén con amor e tenrura, sabendo que todas e todos temos as nosas arestas e contradicións, que somos imperfectos e que por iso somos humanos, que somos capaces de rir dos demais e do que lles pasa e, sobre todo, de nós mesmos: crítica e autocrítica, ambas as dúas grazas ao humor.

O humor é algo que non se esgota, pois canto máis rimos, máis humor facemos e gastamos, máis nos queda. Sempre hai outra mirada posible, outra volta de torca, outra situación que baixo o prisma do humor pode transformarse e transformarnos.

“A risa é a mellor maneira que inventou o ser humano para escapar do sufrimento, daquilo que lle fai dano”.

4 Acto IV: *Persoal e intransferible*, por Conchi Madrina

Un tren ponse lentamente en marcha nunha estación chea de xente despedindo aos que emprenden a viaxe. Comeza o seu “tra que te o a mo di ño”; os viaxeiros esfórzanse en botar unha derradeira ollada aos seus seres queridos na estación. Ao final da plataforma, un home, de pé na beira, agarda que o tren lle pase por diante. De súpeto, pega un chimp e dálle unha labazada a unha das persoas que asoman polas xanelas. Unha labazada grande, limpa, coa man aberta, sonora, atinando de cheo no medio e medio da faciana do viaxeiro. Este non ve vir o mocazo porque segue a mirar cara á estación. De seguido, a cámara enfoca a persoa do tren que refrega coa man a meixela agredida mentres olla, abraiado, para o agresor que está na plataforma escachando coa risa. Repítense as labazadas tres ou catro veces máis até que o tren desaparece ao lonxe.

Esta é unha escena dunha película cómica, aínda que posta así, enriba dun papel, semella non ter gracia ningunha. A quen lle parece divertido bater en persoas que non coñece de nada? Quen pode rir vendo a ollada confundida das persoas golpeadas? Cando o guionista e o director rodaron esta escena, a quen ía dirixida? Quen pensaban eles que podía rir? Pensaron esta escena para un grupo de poboación definido? Descoñezo as respostas a estas preguntas, pero sei dunha persoa que riu a gargalladas até que o tren desapareceu. E aínda máis, sei que o que o fixo rir non foron as labazadas en si mesmas; o que o fixo rir de verdade foi a cara de estupefacción das persoas que as levaron, esa mestura de descoñecemento, sorpresa e desamparo aínda o fai rir agora cando se lembra. É unha muller de cincuenta e tres anos. Case seguro que ela non estaba no *target* de poboación ao que ía dirixida a película.

Eu escribo teatro. Cando escribo, sempre penso nas reaccións do público. Por exemplo, gustaríame que risen nos momentos xustos que eu teño pensado para rir, por iso estudo moito a quen vai dirixido o que fago e tento abarcar un abano de público o máis amplo posible. Pero non funciona, até o de agora non fun quen de conseguilo ao cen por cento.

Ás veces, as persoas que miran a peza que eu escribo, rin onde lles peta. Que atrevemento! Eu estou aí, traballando a retranca, afinando a ironía, pensando no chiste axeitado, e van e rin dunha parvada á que lle fixen pouco caso. Que ledicia! O texto orixinal vólvese orixinal en cada función segundo quen estea a mirar.

Outras veces o público non ri, só transmite un silencio mesto e frío. Entón o ritmo, o meu ritmo da peza tan ben imaxinado, escacha e todo se volve lento e pesado. E trato de pescudar que é o que foi mal, malia que xa sei que non vou atopar a chave das nozes.

Porque o sentido do humor é persoal e intransferible. Persoal, construído en cada un ao mesmo tempo que se constrúe un. Xa sei que isto semella unha verdade de pé de banco, pero é así. Moldéase segundo os xogos da túa nenez, os compañeiros deses xogos, os costumes que che aprenderon os teus pais, as tradicións dos lugares onde te criaches ou onde fuches á escola, os clixés absurdos da túa profesión, as situacións insólitas que atopaches no camiño... Intransferible, porque se algo non che fai rir, non ris porque rían todos ao teu redor. Aínda que é certo que podes rir, condescendentemente, de mirar a outros como rin.

Como dramaturga, sei que só hai unha graza que nunca falla. Cando escribo un drama, se teño a sorte de chegar ao corazón do público e facelo compartir cos personaxes os seus medos ou tristuras ou tensións..., sempre chega un intre no que o mesmo público precisa liberar as súas emocións e, xusto entón, unha graza calquera, a



Amici miei de
Mario Monicelli, 1975

máis simple, serve de válvula de escape e fai que rían. E esa risa sae cargada de medos ou tristuras ou tensións e fai que unha presada de xente, cada quen do seu pai e da súa nai, cada quen co seu sentido do humor persoal e intransferible, se sinta unida nun momento especial, pasándoo tan ben cando se pasa tan mal.

5 Acto V: A vida é gris, por Isa Herrero

O público quiere rir. De feito, sempre é máis apetecible unha comedia que un drama, é así. É un fenómeno universal e penso eu que está moi vinculado coa gama de temperamentos que despregamos as persoas. Xa Hipócrates expoñía algo semellante na súa teoría sobre os catro humores. El relacionábaos co sangue, a flegma e as biles. Tamén facía unha asociación cos catro elementos: o aire, a auga e, para as biles, o lume e a terra. Curiosamente, eses elementos son básicos no teatro e moi usados para describir en incontables ocasións os xeitos de sentir dos personaxes que se desexa poñer en escena. Moitas veces a actriz recibe instrucións do tipo: “o teu personaxe é como o aire”. E de tal indicación, que vén polo xeral do director, a actriz debe inferir a personalidade, a calidade dos movementos etc. Pero a cousa non fica aquí, porque despois chegou Galeno e desenvolveu a idea algo máis e asociou aquela personalidade hipócrita con tipos concretos de comportamento. Así, temos humores diversos:

- Sanguíneos: de temperamento moi variable.
- Melancólicos: os tristes e soñadores empedernidos.
- Coléricos: de rexa vontade e algo impulsivos.
- Flegmáticos: dubidosos eles, apáticos e ás veces fríos e calculadores.

Son tan só estes catro os arquetipos que precisa calquera dramaturgo que se prece para poñer en escena a realidade. Para poder falar do mundo desde a parodia, a esaxeración e ás veces desde a contención, pero sempre desde a verdade, iso si, arquetípica (Torres, 2015).

Precisamos de estímulos que disparen nos nosos cerebros un extra de serotonina. O caso é que non existen fórmulas máxicas para facer comedia nun laboratorio, así que non é doado. Agora ben, estou segura de que se cada un de nós pensa no que lle fai graza caeremos na conta de que rimos sempre co máis sinxelo, aquilo que se asemella máis á nosa triste realidade, a dos erros, os fallos, os fracasos, as contradicións. A que nos fai tan humanos. Cando vemos esa realidade nun espazo e nun corpo alleos, desprendémonos da necesidade de xulgarnos a nós mesmos e convertémonos simplemente en observadores capaces de tomar distancia e rir. Rimos porque nos recoñecemos.

O teatro é máxico.

O caso é que non so están as espectadoras. Tamén é imprescindible contar coa visión das autoras nesta ecuación. Para min, como autora, o teatro permite dar saída a esa necesidade que moitas sentimos de reflectir o mundo que habitamos, é unha ferramenta para contar algo que nace en nós. Algo que ás veces é inquietante, desagradable, incómodo. Algo que non sempre queremos ver como propio, porque é gris, pero que como espectadoras observamos tranquilamente, desde a distancia, e entón si, entón permitímonos rir e sentir. Sentir noxo, xenreira, pena... Sentir. Enfrontar aquilo que non nos gusta desde un prisma diferente. Permítenos rir de nós mesmas, das nosas esquizofrenias, das nosas fobias e pulsións. Ademais, permítenos facelo en grupo, rompendo esa aversión a mostrar as emocións que é tan habitual en nós. Esa é, ao mellor, a catarse. O intre en que todos senten, mostran o que senten e o sentir é coincidente. Ás veces pasa e esa é a maxia. É a razón pola que, para min, o teatro é máxico.

Para rematar contarei un segredo: para os Microefectos Dramatúrxicos, o tema tende a estar de actualidade e a actualidade é tan gris que supón un caldo de cultivo moi gozoso. Facemos teatro breve pero ben dosificado. Cada sesión está composta de catro pezas. Pílulas que as máis das veces caducan na mesma sesión, pero que certamente nun formato de maior duración non se poderían utilizar para parodiar os sucesos máis próximos e relevantes. Nunha sesión de Microefectos Dramatúrxicos poderían tranquilamente aparecer Cifuentes e un Reitor de quen sabe que universidade, seguramente pública. Porque a vida é gris e o gris está de actualidade. Canto máis actual é a historia, penso que máis provoca porque é máis próxima, máis dixerible (entendendo por dixerible, claro está, o contrario de Cifuentes). E ademais é unha ferramenta que permite ao noso público exteriorizar todo aquilo que sente. Aquilo que pertence ao mundo no que vive, un mundo que agora é actuado nun escenario por un personaxe esaxerado ou tímido ou extravagante, pero tan recoñecible que non é alleo e provoca risa.

Freud dicía que a risa cumpre fins de grande utilidade para o ser humano, xa que é unha canle directa para exteriorizar, entre outras, a agresividade e a sexualidade. É unha especie de comunión. O público en conxunto pasa por riba das convencións, libérase. E desa liberación xorde a verdade: o que sentimos contradíse co que mostramos porque non somos unha soa cousa; somos cambiantes e os nosos sentimentos tamén. E desa comunión saímos coñecéndonos un pouco mellor a nós mesmos. Máis conscientes. Sei dalgún que veu a unha sesión de Microefectos pensando que era de esquerdas e descubriu que era de dereitas, e ao revés... tamén ten pasado.

A pesar de que agora deteñen a un por calquera cousa, opino que o humor non só reflicte a nosa realidade; tamén a pon en dúbida e obríganos a que sen esforzo

ou con el reflexionemos acerca dos nosos ideais, das nosas limitacións e prexuízos. Invítanos a repensar as nosas verdades. Invítanos a ser libres.

Esa é a maxia.

6 Epílogo: O humor en tempos do cólera, por Pepe Saavedra

Escena 1

Un mozo vello e opositor recibe un correo no que se lle convida a escribir un artigo sobre o uso do humor nas creacións teatrais de Microefectos Dramatúxicos. Sorriso. Escribir é sempre mellor que estudar.

O noso protagonista abre o procesador de textos e fita cara ao infinito. O guionciño capelexa mecanicamente, como se o baleiro absoluto enviase sinais en código. Pecha o programa e decide reflexionar un pouco antes de lanzarse a escribir. -Humor era con hache?- É o primeiro que lle vén á cabeza. Abre de novo o procesador e escribe “humor” ben grande. Cambia a cor da fonte ata que dá cun que realmente encaixa co concepto. -Pero que é o humor?- pregúntase. Non o sabe, pero sente que é algo relativo e estraño que emerxe dos intestinos dos humanos cando se dan as condicións adecuadas. -Pero cales son esas condicións?- Un debe estar contento para empezar a rir ou empeza a rir para estar contento? Tampouco o sabe! Unha gran pinga de suor comeza a correr pola fronte. -O dos animais, pon o dos animais! -bérrase a si mesmo.

As mans voan sobre o teclado e a frase “o humor é o que nos diferencia dos animais” amence solitaria na páxina baleira. O guionciño segue capelexando cunha cadencia que parece calculada para pór nervioso ao que a contempla. É hora de facer un descanso e merendar por segunda vez? Non! Relé a oración que acaba escribir. Fóra de contexto: e patética. Isto vai moi ben. Bórraa. Escríbea de novo. É correcta esa afirmación? Seica a chinchilla non é graciosa? Rí só de ler o nome. O que bautizou a esa simpática criatura tiña sentido do humor.

Quediños todos! O opositor concéntrase, cre ter dado cunha idea. O humor é un fluxo que vai desde o emisor ao receptor. Espera, non. Ás veces o propio emisor fai que o humor flúa cara a si mesmo, obtendo autodiversión de balde. Cando o humor flúe do emisor ao receptor e se dá o chispazo da conexión, algo fantástico sucede.

Ben, leva unhas poucas frases e sen vencello aparente entre elas. Perfecto. Soan as campás do Pulitzer. Revira as mans cos dedos cruzados e fai estoupar as articulacións. Moito mellor. Agora si.

Se existe vida extraterrestre, terá sentido do humor? Non sería fantástico ter que comunicarse con chistes? A NASA pensou niso? Borra o último. Non vén ao conto. Ou sí? Pódese un comunicar con seres estraños a través do humor? Os nosos espectadores non son extraterrestres aos que non coñecemos en absoluto? Algún desde logo paréceo. Borra iso último, é humor do ofensivo. Vólveo a escribir. O humor non ten por que ser inofensivo. De feito, canto máis irreverente, mellor. Por que? Quizais o pacto social e a educación nos afasta dunha parte de nós que arela intimar a través dun alegre intercambio de insultos. Quizais só é un xeito de amosar interese cara ao outro ou o noso desexo de conectar. Se cadra é que somos idiotas, sen máis, e non se nos ocorren mellores cousas para escribir. Listos, o que se di listos, non somos. Moi ben metido o plural.

“O humor non só reflicte a nosa realidade; tamén a pon en dúbida e obríganos a que sen esforzo ou con el reflexionemos acerca dos nosos ideais, das nosas limitacións e prexuízos”.

Escena 2

O opositor fai unha pausa para merendar por segunda vez. Mentres mastiga mortadela barata ordena as súas ideas. A gata móstrase curiosa, ao mellor algún alimento vai parar ao chan e leva premio. Que pena que non poidas facer bromas!, pensa o noso protagonista mentres agarima o lombo da criatura.

Escena 3

O noso protagonista, xa cebado, senta a escribir outra vez. Elimina todo o texto escrito ata o momento e decide comezar desde o final. O guionciño capelexa, pero xa non é un guión, é un sorriso vertical que desexa empezar a curvarse. Escribe o que lle sae, sen pensar.

Gústame moito escribir. A xente aprecia o humor e a min gústame darlle á xente motivos para rir. Esta xente que vén ao teatro ás veces ri por cousas que non foron escritas para ser graciosas e ás veces mantense seria con ideas absolutamente hilarantes. Iso é claramente un problema que teñen eles. Se estudasen na universidade do humor, comprenderían todo, coma min. Igual non debería ser tan esixente. Eles, como a miña gata, veñen esperando que caia algo que levar á boca. A vida moderna, de tensión sostida, produce fame de empatía, de humor, de conexión e de liberación dos instintos. No noso pequeno teatro cociñamos humildemente os ingredientes frescos que obtemos de aquí e de acolá. Entre cazolas, textos e ensaios compartimos alegrías e tristezas. Atopámonos cos espectadores unha vez cada tres meses e regalámonos un banquete fantástico para todos. Sentímonos máis humanos. Ás veces eliximos comunicarnos co humor porque nos fai sentirnos máis humanos e ademais é o que nos diferencia dos animais.

Do noso protagonista emerxe unha gargallada mediana. Pulsa a icona azulíña do disquete e decide que é boa idea merendar por terceira vez, para celebrar o Pulitzer.



Microefectos Dramatúrxicos

©Pepe Saavedra

RIR DA MORTE. UNHA APROXIMACIÓN AO HUMOR AO FINAL DA VIDA

Sabela Maceda García

PSICÓLOGA CLÍNICA. PROGRAMA PARA A ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON ENFERMIDADES AVANZADAS

David Suárez Alonso

XORNALISTA EN LA VOZ DE GALICIA

✉ sabela_maceda@yahoo.es

RESUMO: Os efectos positivos da risa e o humor nas persoas están amplamente demostrados e o uso do humor en psicoterapia ben aceptado polas principais correntes psicolóxicas. *A priori*, podería parecer que humor e morte son dous conceptos distantes e mesmo que sería de mal gusto xuntalos polo sufrimento que adoita acompañar as situacións de final de vida. Con todo, o humor e a morte aparecen con frecuencia ligados nas producións cinematográficas, a literatura ou o teatro e os estudos demostran que o seu uso no acompañamento a pacientes que están ao final da vida pode resultar moi beneficioso. O humor parece actuar como mecanismo de defensa para enfrontarse á dor da perda do que se serve tanto a sociedade no seu conxunto como os individuos que se enfrontan a ela en primeira persoa. Neste ámbito, o uso do humor ten os seus riscos e é importante saber detectar cando usalo e cando non.

PALABRAS CLAVE: humor, morte, acompañamento final de vida, estratexias de afrontamento pacientes paliativos, humor e morte nos medios.

ABSTRACT: The positive effects of laughter and humor in people are widely demonstrated and the use of humor in psychotherapy well accepted by the main psychological currents. At first, it might seem that humor and death are two distant concepts. However, humor and death are often linked in films, literature or theatre and studies show that its use in accompanying patients in end-of-life care can be helpful. Humor seems to act as a defence mechanism to deal with the pain of loss by the whole society as well as by individuals who confront death in first person. In this area, the use of humor has risks and it's important to identify when should be used.

KEY WORDS: humor, death, counselling, end-of-life coping, humor and death in mass media.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Arranz P., Barbero, J. J., Barreto, P. y Bayés, R. (2003). *Intervención emocional en cuidados paliativos. Modelo y protocolos*. Barcelona: Ariel.

Arranz, P., Torres, J., Cancio, H. y Hernández, F. (1999). Factores de riesgo y de protección en los equipos de tratamiento de pacientes terminales. *Revista de la Sociedad Española de Dolor* (6), 302-311.

Bayés, R., Limonero J. T., Romero, E. y Arranz, P. (2000). ¿Qué puede ayudarnos a morir en paz? *Med Clin* (115), 579-82.

Carbelo Baquero, B., Asenjo Esteve, A. y Rodríguez de la Parra, S. (2000). Una aproximación terapéutica al humor en el cuidado paliativo. *Atención Primaria*, 26 (1), 58-61.

Chapman, C.R. y Gravin, J. (1993). Suffering and its relationship to pain. *Journal of Palliative Care*, 9 (2), 5-13.

Coppin, M. y Gaspard, J. L. (2017). El humor negro frente a la muerte. *Desde el Jardín de Freud* (17), 149-160.

Ellis, A. (1977). Fun as psychotherapy. *Rational Living*, 12 (1), 2-6.

Franzini, L. R. (2001). Humor in therapy: the case for training therapist in its uses and risks. *Journal of General Psychology*, 128 (2), 170-193.

Freud, S. (1986). De Guerra y Muerte. *Temas de Actualidad*, Buenos Aires: Amorrortu.

Gómez, J. (2014). *La hora de la verdad. Los asuntos que no debes dejar pendientes*, Plataforma editorial.

Herth, K. (1987). Contributions of humor as perceived by the terminally ill. *J Assoc Pediatr Oncol Nurs* (4), 14-22.

Leiber D., B. (1986). Laughter and humor in critical care. *Dimensions Crit Care Nurse*, 5 (3), 162-170.

Maté J., Bayés, R., González Barboteo, J. Muñoz S., Moreno F. y Gómez-Batiste, X. (2008). ¿A qué se atribuye que los enfermos oncológicos de una unidad de cuidados paliativos mueran en paz? *Psicooncología*, 5 (2-3), 303-321.

Ostrower, Ch. (2000). *Humor as a defense mechanism in the Holocaust* (Tesis doctoral). Universidad de Tel-Aviv, Tel-Aviv.

Rz Idígoras, A. (2002). *El valor terapéutico del humor*, Bilbao: Desclée de Brower.

Sumners A., D. (1990). Professional nurses' attitudes towards humour. *Journal of Advanced Nursing* (15), 196-200.

Fruti tíñao claro. Quería que a súa morte fose celebrada e deixouno todo ben pechado. Este veciño de Mera si que soubo asumir a morte con humor. E así o 11 de setembro do 2017 en *La Voz de Galicia* publicábase a súa necrolóxica cunha peculiar nota: “Como vontade do falecido realizábase unha quedada na Cervexaría La Estrella Galicia, o sábado 16, ás seis da tarde”. Organizara unha festa póstuma na súa honra. Quería que o seu recordo celebrábase cun brindado. E un cento de persoas cumpriron a súa última vontade e tomaron unha última cervexa á súa saúde no establecemento que este mariñeiro de 55 anos visitaba case a diario. A súa curiosa iniciativa non pasou desapercibida. A súa última cervexa sorprendeu a medio país e mesmo medios internacionais se fixeron eco da necrolóxica coa que un galego rompeu a tradición e lle puxo alegría e humor á súa despedida. Non é un caso único. Alicia Jones Jones, falecida en Vigo a finais de agosto dese mesmo ano, tamén quixo organizar un acto alegre de despedida. A súa necrolóxica especificaba que “no seu recordo tomarase viño e tortilla”. Por que nos sorprende? Realmente humor e morte son dous polos opostos?

Chapman e Gravin (1993) definen o sufrimento como “un complexo estado afectivo, cognitivo e negativo, caracterizado pola sensación que ten o individuo de sentirse ameazado na súa integridade, polo sentimento de impotencia para facer fronte á dita ameaza e polo esgotamento dos recursos persoais e psicossociais que lle permitirían afrontar dita ameaza”. Nunha enfermidade avanzada, o bo control de síntomas físicos non é equivalente ao bo control do sufrimento. Os analxésicos poden paliar a dor física pero non son suficientes para aliviar o sufrimento das persoas. Estudos co obxectivo de identificar cales son os factores que determinan unha morte en paz (Bayés, Limonero, Romero e Arranz, 2000; Maté *et al.*, 2008) conclúen que a individualización da asistencia é o máis importante, outorgando especial relevancia á atención a aspectos psicossociais (estar acompañado, peche de asuntos pendentes, malestar emocional axustado...).

Partindo da base de que en relación coa morte existe un sufrimento inevitable e outro evitable, Arranz, Barbero, Barreto e Bayés (2003) adaptan o clásico modelo de afrontamento de Lazarus e Folkman ao final de vida, sinalando que as persoas sofren cando se dá un desequilibrio entre as ameazas e os recursos de afrontamento percibidos. Entre as ameazas está o medo á dor, á separación da súa familia, á deterioración física, á dependencia..., e fronte a iso, os recursos que amortecen ese sufrimento. É entón cando o apoio familiar, as crenzas e os valores persoais, a confianza no bo control de síntomas ou unha estratexia de afrontamento adecuada cobran unha especial relevancia.

A negación da realidade é unha das estratexias de afrontamento máis habituais no contexto do final de vida como forma de protexernos da angustia que xera a morte. A negación resulta con frecuencia adaptativa para o enfermo (que de diversas formas acaba escapando da conciencia total de estar a morrer sen que iso

supoña un prexuízo para el), pero desadaptativa para a familia, ante quen a realidade sempre se acaba impoñendo. Pode sorprenden ver como un paciente, que ingresa en situación de últimos días e que é informado de que o cancro avanzou porque os tratamentos xa non son eficaces, conta como o seu cansazo se debe a que non descansou ben esa noite. Para Freud (1896), durante toda a nosa vida tratamos de tomar distancia da morte, de negar a súa existencia. “Ninguén cre na súa propia morte”. Por manterse na profunda ignorancia, a morte preséntase case sempre como algo non esperado para o suxeito. Case sempre chega moi cedo: tanto o moribundo como a súa familia xamais están preparados para iso. É frecuente oír nas unidades de cuidados paliativos aquilo de: “sabiámolo, pero non pensabamos que ocorrería tan pronto”. E iso mesmo pasa coa persoa enferma neses últimos instantes de vida. Dicia Francois de La Rochefoucauld que “nin a morte nin o sol poden ollarse fixamente”; a conciencia da nosa morte e a luz do sol acompañan o noso camiño pero a dor de miralos directamente fai que sexa difícil facelo por máis duns segundos. Isto non significa que todas as persoas morran alleas ao seu proceso de final de vida. Algunhas son moi conscientes diso, polo menos por momentos (selo todo o tempo é algo difícil de tolerar). Xeralmente, estas persoas realizan unha revisión vital, reflexionan sobre o seu legado e ocúpanse de pechar asuntos pendentes. En definitiva, abordan as catro tarefas esenciais que propón Julio Gómez (2014) como facilitadoras dunha morte en paz: dar as grazas, perdoar e ser perdoado, mostrar afecto e dicir adeus. É o caso da protagonista de *Mi vida sin mí*, a película de Isabel Coixet inspirada nun dos relatos de *Pretending the bed is a raft* de Nanci Kincaid. Esta longametraxe, un drama con intelixentes toques de humor, reflicte perfectamente ese momento en que Ann, de 23 anos e nai de dúas nenas, asume que a súa vida ten un fin e está preto. Non só iso, a película recolle tamén o sufrimento dos profesionais que traballan neste ámbito e a importancia da comunicación cos pacientes. Sirva como exemplo disto último a escena na que o médico informa á protagonista de que lle quedan dous meses de vida, suxeríndolle que pode pedir unha segunda opinión. E a protagonista respóndelle, maxistralmente, “para que?, para que me diga o mesmo que ti pero mirándome aos ollos?”. Tras asumir que ten unha enfermidade terminal e decidir non someterse a ningún tratamento, a morte convértese nunha fonte de vida para ela. Ann decide aproveitar ese tempo, facer cousas que nunca fixo, gravar en cintas todo o que quere transmitir ás súas fillas sobre a vida e deixar organizado todo o posible para que a súa familia funcione cando non estea ela. Saca forzas para tomar decisións e afrontar a súa ausencia. “O reto de Ann é non causar máis sufrimento, porque non vai arranxar nada”, recoñecía Coixet nunha entrevista antes da súa presentación na Berlinale. Por iso é polo que a protagonista decidiu non contarlle a ninguén e actuar pola súa propia conta. Pero nesta película hai ademais unha escena na que se resume perfectamente a relación do ser humano coa morte. A protagonista xa coñece a súa enfermidade terminal, comeza a asumir que pronto non estará e percorre os

corredores dun supermercado. “A xente sempre le atentamente a etiqueta dos seus artigos favoritos para ver canta química levan e despois suspira resignada mentres os mete no carriño coma se pensase: ‘é malo para min, é malo para a miña familia, pero gústanos’. Nun supermercado ninguén pensa na morte”. E é que a sociedade, no seu conxunto, tamén se protexe da morte negándoa, sendo este un dos temas tabú por excelencia. O envellecemento, antesala da morte, é para esta sociedade unha auténtica desgraza. E como non é posible non facelo, parece que nos conformamos con non parecer vellos. Cremas, cirurxía, tratamentos anti-idade..., a loita por unha imposible eterna mocidade está omnipresente no noso día a día. Os vellos, os que o parecen e os que non, son considerados un estorbo. As familias asumen que os nenos hai que atendelos, pero coidar dos vellos é un desafortunado inconveniente.

A morte é negada no momento en que non se lle conta aos nenos, cando o diagnóstico non se lle comunica ao propio paciente ou cando nos funerais non se chora. Lonxe de ser un lugar onde expresar emocións e sentirse arroupado polos seres queridos, os funerais e enterros convertéronse en eventos sociais onde se considera socialmente adecuado que as persoas se mostren autocontroladas, onde parece que a morte e o dó non desbasten. A “morte seca”, a que debe experimentarse sen bágoas. Por que se protocolizou todo o proceso para que nin sequera neses momentos a familia teña que enfrontarse directamente á morte? Alan Ball expón esta mesma pregunta en *A dos metros bajo tierra*, unha serie que converteu o tabú da morte no seu fío condutor. O primeiro capítulo arrinca coa inesperada morte do propietario dunha funeraria horas antes da cea familiar de Noiteboa. Así, coloca a unha familia afeita a lidar coa morte, aínda que sexa como negocio, ante a experiencia de ser eles os que teñen que despedir un ser querido e teñen que pasar por todos eses rituais que eles facturan para sobrevivir. O personaxe de Nate, un dos fillos do morto, é o que non entende por que nun velorio non pode haber emocións. Ao final, acaba rompendo as normas e mancha as mans da terra na que van enterrar o cadaleito do seu pai. É só o inicio dunha serie que xogou como ninguén coa relación entre vida e morte. As súas cinco tempadas diseccionan a loita dunha familia por atopar motivos para agarrarse á vida. E aínda que é unha serie na que a morte está sempre presente e na que a felicidade é un espellismo para a maioría dos personaxes, o humor é determinante. A pena non formaba parte da fórmula deseñada a medias por HBO e Alan Ball. Querían falar do final da vida desde outra perspectiva. Os espectadores sabían que cada capítulo arrincaba cunha morte, eran conscientes de que estaban a entrar no día a día dunha funeraria e aínda así entretíñanse.

Castelao tamén usou o humor como vehículo para falar da morte. “Un esquelete ten de sere humorista e un esquelete galego moito máis aínda”, pode lerse nunha das súas primeiras obras. As memorias dun esquelete de *Un ollo de Vidro* están cargadas de humor ácido e no trasfondo hai unha loita contra a tristeza, que é o motivo da morte da maioría dos que ocupan ese cemiterio de cidade que percorre o protagonista. Usando o anteollo como recurso para abordalo desde unha perspectiva diferente, Castelao fala da morte sen andrómenas e contéplaa como unha fase máis da vida. De feito, nun dos seus parágrafos parece indicar que aos esqueletos espéralles un futuro semellante: “Naquel intre esquecime que non era home nin suxeto de dereito. ¡Ai! Eu xa morrín e non son nada e aínda menos cando a terra me coma de todo”. A morte, tratada con humor, está presente na extensa obra de Castelao, tanto na escrita como nas súas ilustracións. En moitas delas recreaba as conversacións entre vellos, xente preparada para a morte e que xa non tiñan medo en chancelar abertamente sobre ela. Tampouco teñen medo a morrer. Un dos seus vellos déixao claro: “Medo, non; tristura, sabendes? Porque a miña vida cóntase por días ou cicáis por horas. Eu ben quixera ter folgos dous aniños máis; pero non tardaréi en comer terra. Avisóume a Morte, sabendes? Ela mesma”. E no epílogo de *Os vellos non deben de namorarse*, no que conversan os esqueletos dos protagonistas das tres historias, todos se queixan con moita



Un ollo de vidro,
caracterización, ©Castelao,

sorna da súa morte. Pelexan por quen tivo un peor final ata que o Señor Fuco di: “Ningún de vós morreu tan adoecido coma min. Tí, Saturio, adorméntáches-te con xaropes da túa botica, para morreres sen doores. Tí, Ramón, morreches atordoado polo viño e non te decataches do pasamento. A miña morte foi arrabeada. Morrín como un can da rabia, coma quen olla unha fonte de auga pura e non pode bebela. Eu morrín de sede. ¡Morrín por namorarme de vello!”.

Por que a morte e o humor aparecen con frecuencia da man? Que permite a unha persoa presentar a súa muller como a súa futura viúva? Ou a outra regalar barras de beizos como símbolo de vida porque a súa veciña lle dixo “a última vez que te vin pensei que xa morrías porque tiñas os beizos lilas?”. O humor pode ser entendido como unha forma madura de negación dunha realidade que resulta insoportable. Un mecanismo de defensa que opera tanto a nivel social como individual para protexernos do sufrimento inherente á perda. Dicía o escritor Samuel Langhorne Clemens, máis coñecido como Mark Twain, que o humor auténtico xorde dunha profunda dor. Neste sentido, Buckman en 1980 sinalaba que a palabra humor, de orixe alemá, literalmente significa “unha serie de dolorosas emocións transformadas de forma que producen pracer”. O humor necesita entón á dor para ser sincero e, á vez, a dor pódese paliar con humor. Freud clasifícaa como un mecanismo de defensa maduro e diferenciao do chiste. O sorriso pertence ao primeiro, a gargallada e a risa ao segundo. Mentres que o chiste supón o afloramento de elementos inconscientes na realidade (chistes sobre sexo ou escatoloxía), o humor supón precisamente a negación desa realidade. A paciente que exclama “co gorda que estou non sei se van caber as miñas cinzas no vaso” fai un acto de humor porque non se enfronta á realidade nin á dor senón que se rebela ante el. Para Freud, no humor triunfa o principio do pracer sobre o principio de realidade. Neste sentido o humor comparte características coa patoloxía que nega a realidade, pero diferénciase dela porque non elabora unha fantasía substitutiva. Ademais, o humor ten unha curta duración, é algo momentáneo e non persistente.

Carbelo Baquero, Asenjo e Rodríguez (2000) sinalan que “as etapas finais da vida poden degradar o ser humano e aí o humor, entendido no seu aspecto máis amplo, axuda a aceptar os límites, a descubrir a vulnerabilidade e a fragilidade dun mesmo dun modo máis tolerante. Pode mesmo axudar a obxectivar o subxectivo e contribuír a que o individuo desenvolva máis facilmente a capacidade de poder distanciarse ironicamente das situacións e dun mesmo, principio básico da aplicación do humor”. Un exemplo claro diso é o de María Vázquez, unha tuiteira e blogueira argentina máis coñecida como Marie, que elixiu o humor como forma de seguir sendo ela mesma nos sete meses de vida que lle quedaron tras ser operada por un cancro de ovario en estado moi avanzado. Os seus familiares e amigos facían quendas para saír da habitación, chorar uns minutos, secar as bágoas e volver ao cuarto para seguir rindo con ela e os seus chistes

macabros. Fíxoos todos, asegura sen ningún tipo de dúbida o seu viúvo, que explica por que ela decidiu tirar de humor: “na risa estábamos outra vez xuntos”. Sebastián Corona lembra que cando a súa muller foi diagnosticada cun cancro terminal se creou unha división virtual, un muro entre o terreo dos vivos e o dos que van morrer. Unha barreira que os dividía, que os colocaba fóra do que fora a súa relación ata o momento e que os sacaba do seu *status quo*. O humor e eses chistes que ambos os dous forzaban cada vez que chegaba unha noticia nova, normalmente mala, foi o único que os mantivo xuntos. Bautizárono como o tumor negro e converteuse nun aceno de identidade que tamén compartiron con amigos e familiares. Marie chegou a preparar o seu funeral como se fose unha festa de aniversario. Ela e as súas amigas elixiron as cancións da lista de Spotify e escolleron a súa mellor foto en bikini para colocar nun marco con estampado de leopardo sobre o cadaleito. A súa estratexia ante a morte e a súa maneira de narrar con humor a súa enfermidade en Twitter fixeron famosa a Marie no medio mundo. Por que?, pregúntase aínda hoxe o seu viúvo. Por romper o tabú da morte e pecharlle a porta “ás falsidades reconfortantes”. “Xogar a que todo vai saír ben, -unha das estratexias máis comúns que se adopta ante un enfermo terminal-, fainos perdernos unha parte importante do proceso”. No seu caso, o feito de poder falalo con claridade, aínda que fose a través do humor, permitiulle saber perfectamente o que a súa muller desexaba, o que lle preocupaba e o que quería transmitir ao fillo que tiñan en común. “A risa non lle quita nada á dor, o contrario, súmalle. Agrégalle unha dimensión, pono en perspectiva, faiche saber que non es tan importante, que a túa traxedia non é a única, nin a peor e que nunca deixa de ser tamén comedia”, explica Corona. Admite que doe ter que falalo, pero é o que deberíamos facer. No seu caso o humor facíallo máis sinxelo: el non tiña que facer nada máis (nin nada menos) para estar á altura que contar chistes.

A experiencia de Marie mostra ademais como o humor pode preservar a dignidade dunha persoa na etapa final de vida. A Marie permitiulle sentir que seguía sendo ela mesma, non perder a súa identidade. Recentemente, Coppin e Gaspard (2017) afirmaron que o humor negro permite un certo distanciamento do suxeito fronte a unha experiencia mortificante para reivindicarse e afirmarse como “suxeito” aínda, nun proceso, o de enfermidade avanzada, que progresivamente vai facendo que a persoa sexa cada vez menos ela mesma, perdendo a súa autonomía e onde os demais deciden por ela ou entran no seu cuarto sen chamar.

Outro exemplo nas redes do uso do humor en momentos de gran sufrimento atopámolo da man do tuiteiro @subetealanutria, que o pasado 5 de xuño publicou: “hoxe hai unha semana que morreu a miña nai. Morreu de cancro e sabendo con bastante precisión cando ía morrer. Durante estes días durísimos, dixemos moitas bobadas”. A estas palabras séguenlle unha decena de anécdotas nas que o humor e a morte son os protagonistas: como o día en que un familiar foi vitala e lle pediu que pechase a porta porque se ía o cancro ou cando nunha

revisión lles contestou aos médicos que lle pospoñían a sesión de quimioterapia que non tiña “os bronquios para faroliños”. Mesmo deixou indicacións claras sobre o seu funeral: non quería que oficiase a misa alguén que non a coñecese nin que a xuntase cos outros finados do día. “Non quero que me toque un cuarto de diácono”, advertiu aos seus fillos. Non só ela facía uso do humor, a súa familia fixo del o seu mellor aliado. Cando recolleron as cinzas puxéronas no seu sofá favorito, puxéronlles os seus lentes, o abanico republicano e a súa manta favorita. “Cando cheguei, a mestura de tenrura, grima, *yuyu* e escaralle foi fina”, confesa @ subetealanutria. A súa historia tivo unha gran repercusión e serviu para que outros usuarios compartisen as súas propias experiencias, demostrando, unha vez máis, que o humor e a morte non están rifados. E é que, ademais de todas as implicacións que comentamos, a expresión física do humor ten un claro efecto fisiolóxico positivo a través da redución da tensión muscular e da presión arterial así como do aumento de endorfinas que axudan a mitigar a dor. Parece entón que hai que tomarse o humor moi en serio.

Herth (1987) levou a cabo un estudo con persoas que padecían enfermidades avanzadas e atopou que soamente o 14 % dos pacientes que utilizaban o humor como estratexia de afrontamento habitual na súa vida antes da enfermidade o seguían facendo na actualidade. O 85 % dos participantes no estudo consideraron que, na súa situación presente, contar con momentos de humor lles sería de grande utilidade, e relaciónano coa súa capacidade para xerar esperanza. Chaya Ostrower (2000) realizou unha tese sobre o humor como mecanismo de defensa no Holocausto a partir de entrevistas realizadas a persoas que estiveran recluídas durante a súa adolescencia nun campo de concentración. Segundo os seus resultados, o uso do humor non estaba conectado co lugar (gueto ou campo de concentración) senón co que denomina “ter sentido do humor”. Quen tiña sentido do humor mantívoo nas terribles condicións de vida ás que foron sometidos. En cambio, para os que non o tiñan, esta non era unha estratexia de afrontamento eficaz. Ostrower identificou cinco funcións diferentes do humor nos campos de concentración: agresiva, sexual, social, intelectual e como mecanismo de defensa (o 60 % dos entrevistados recoñeceron utilizar o humor con este último fin). Na súa tese, recóllense testemuños realmente esclarecedores sobre como o humor pode servir como unha ferramenta eficaz en situacións ameazantes para a vida: “cando fun entrevistado por Steven Spielberg e me preguntou cal pensaba que era a razón pola que sobrevivín, eles probablemente esperaban de min que respondese boa sorte ou outra cousa. Eu dixen que pensaba que foi pola risa e o humor, por non tomar as cousas da maneira en que as viviamos, senón disfrazadas como algo diferente. Iso foi o que me axudou”. Esa realidade disfrazada da que falan neste estudo recreáase na película *La vida es bella*. De feito, Roberto Benigni inspirouse na novela autobiográfica de Rubino Romeo Salmoni para construír o protagonista da película. Leu o seu duro relato e quixo coñecelo en persoa. Ao director italiano, o que máis lle sorprendeu é que atopou neste sobrevivente do Holocausto algo cómico. E de aí xurdiu ese sorriso permanente que vemos no protagonista da película e a súa aposta polo humor como estratexia ante a adversidade. Ao comezo da película, un amigo lémbrale ao personaxe de Guido que, segundo Schopenhauer, coa vontade pódese facer todo. E con esta máxima xustifícase a súa incansable loita. O seu único obxectivo é que o seu fillo non sexa consciente do inferno no que vive e a súa imaxinación e o humor son os seus principais recursos para converter un campo de concentración nun concurso no que hai que lograr mil puntos para poder levar un carro de combate. Deste xeito crea unha vontade para vivir no neno, xa que como dicía Nietzsche “quen ten algo por que vivir, é capaz de soportar calquera como”, idea que desenvolveu Viktor Frankl posteriormente e que serviría de base para a súa Logoterapia. A película é un perfecto exemplo de como ante unha situación que non está nas nosas mans cambiar, é preciso adquirir a conciencia de que estamos chamados a descubrir como orientar tamén a dor cara aos outros. En palabras de Torres Queiruga, “o problema non está

“Ostrower identificou cinco funcións diferentes do humor nos campos de concentración: agresiva, sexual, social, intelectual e como mecanismo de defensa”.

en se é posible un mundo sen mal ou non, xa que resulta clara a súa inevitabilidade, senón se merece a pena o mundo e a vida a pesar do mal que leva consigo. Que o sufrimento non teña sentido –e exista– non significa necesariamente que a vida deixe de telo”.

O uso do humor en terapia é un recurso amplamente validado desde as diferentes correntes terapéuticas. A AATH (Asociación Americana de Humor Terapéutico) defíneo como “calquera intervención que promove a saúde e o benestar estimulando o descubrimento, apreciación ou expresión do absurdo ou incongruente da vida”. Ángel Rz. Idígoras (2002) ofrece unha visión do humor desde as diferentes correntes terapéuticas. Para algúns autores psicanalistas como Buckman, o humor é o mecanismo de defensa máis san porque emprega boa parte dos seus recursos na creatividade e na expresión. Aínda que hai certa discrepancia sobre isto, todos concordan en que o humor é un mecanismo de defensa funcionalmente adaptativo, conceptualizándoo como unha boa sublimación fronte aos impulsos non desexados e as necesidades inconscientes de destrución. Para o condutismo, o propósito principal de incluír o humor e a risa é mostrarlle ao paciente unha nova forma de afrontar situacións que con anterioridade foron consideradas como un problema. Para Ellis o humor en terapia é útil para aceptar a realidade e as súas imperfeccións, reducir a disparidade entre os roles do cliente e do terapeuta, promover a autoaceptación, ensinar técnicas de afrontamento baseadas no humorístico e para remediar a baixa tolerancia á frustración. McGhee suxire que usado de forma adecuada en terapia pode axudar a crear unha atmosfera máis relaxada, propiciar a comunicación de temas delicados, axudar a entender os conflitos, facilitar a expresión de sentimentos de forma segura e non ameazante, e axudar a superar un estilo social formal e ríxido. Franzini (2000) identifica os principais usos do humor en terapia cognitivo-condutual: axudar a establecer a alianza terapéutica, ilustrar o pensamento ilóxico ou irracional e compartir co paciente unha experiencia emocional positiva. En terapia sistémica, o humor ten o propósito de incluír elementos inesperados ou sorprendentes, amplificando o impacto da intervención. Permite desprazar o criticismo instalado nalgunhas familias e axuda a atopar formas alternativas de solucionar os problemas. Para Bateson, un dos referentes da corrente sistémica, o paradoxo é o paradigma do humor e o rir ocorre nun momento en que o circuito paradoxal completouse.

Como vimos, na literatura hai numerosos apoios cara á utilidade do humor en psicoterapia pero, que ocorre cando a intervención enmárcase no acompañamento ao final da vida? Ten cabida o humor en sesión cando o outro ou o seu familiar morre? En India, un equipo de cuidados paliativos foi un paso máis alá no uso do humor na terapia. Durante semanas algúns dos pacientes que recibían atención paliativa prepararon xunto a uns cómicos uns monólogos en que rían abertamente da súa enfermidade e da morte. Os propios pacientes subiron a un escenario para contar eses chistes, inspirados na súa propia experiencia, ante os seus familiares e o equipo médico. A iniciativa, impulsada pola Asociación India de Cuidados Paliativos, tiña como premisa que o humor axudaría a todos eles a enfrontarse á morte de forma máis sinxela. “Por que estades tristes? Nin sequera tedes un arrefriado. A que teño un cancro de pulmón son eu”, dicía unha das pacientes dirixíndose ao público. E é que, tal e como defenden os seus impulsores, a negación pode deterte e debemos aprender dos pacientes que son capaces de rir da morte. Non se trata de faltar ao respecto, senón dunha necesidade de restarlle importancia a certas situacións absurdas que se presentan ao final da vida. Ademais, as intervencións desde o humor permiten ao outro darse conta de algo importante. Así, é posible preguntarlle a un paciente que xa non quere vivir máis se hoxe sería un bo día para morrer e que responda, sorrindo, “hoxe non me vén ben”. E que entón se dea conta de que “hoxe” ten motivos para seguir vivindo. E entón “hoxe” gaña sentido e perde sufrimento.



La vida es bella
de Roberto Benigni, 1997

Na literatura cítanse numerosos beneficios do humor no contexto de final de vida, principalmente relacionados co alivio da dor e a mellora da calidade de vida. Sumners (1990) estudou o humor na práctica dos coidados desde o punto de vista das enfermeiras. Elas percibían que o humor tiña efectos positivos no benestar dos seus pacientes, facilitaba o desenvolvemento dalgunha das súas capacidades e relaxaba as tensións na comunicación. Así mesmo consideraban que o humor facía máis divertida a rutina diaria e incrementaba a satisfacción do persoal.

Carbelo Baquero *et al.* (2000) recompilan as funcións do humor identificadas por diversos estudos no ámbito da atención paliativa, destacando que facilita a aproximación ao paciente, relaxa a tensión e fai a rutina diaria máis gratificante incrementando a súa satisfacción persoal, relaxa a tensión, aumenta a percepción do benestar e facilita a aprendizaxe do autocoidado. Conclúe que as investigacións realizadas con pacientes con necesidades paliativas suxiren que o humor é esencial e ás veces representa a maior necesidade para estas persoas. Ademais, favorece a esperanza, crea un sentido de perspectiva e axuda a reencontrar unha comprensión e un sentido de si mesmo en momentos tan delicados.

Leiber (1986) identificou tres criterios necesarios para usar o humor en terapia: receptividade, oportunidade e contido. E é que o uso do humor ten os seus riscos, especialmente no ámbito da atención paliativa, onde os profesionais precisan unha alta sensibilidade para detectar en que circunstancias é ou non adecuado utilizalo. O momento e o lugar, o grao de coñecemento do paciente, o nivel de competencia humorística do terapeuta ou o seu nivel de madurez son aspectos importantes a ter en conta. Rz. Idígoras (2002) clasifica eses riscos en función da quen afecten. Respecto ao terapeuta, fala do risco de utilizar o humor como unha forma de defenderse da propia ansiedade, de usalo como agresión cara a algún membro do grupo familiar ou como forma de facerse valer ante os pacientes. En relación co enfermo, sinala o risco de que poida adoptar o papel de gracioso dentro do grupo ou de que un dos membros da familia se converta en chibo expiatorio cara ao que se envorquen os sentimentos agresivos do resto. O feito de ridiculizarse a un mesmo tamén é un risco do uso do humor xa que podería supoñer o esforzo do paciente por minimizar a importancia das súas achegas. Ellis (1977) tamén fala dos posibles perigos do humor, podendo o paciente interpretar un ataque cara á súa persoa no canto de cara a as súas crenzas irracionais. O humor en terapia implica unha forma de estar co paciente, unha experiencia compartida que require espontaneidade e conexión entre as persoas, nun limitado e necesariamente fráxil entendemento non forzado. Se non se dan estas condicións o uso do humor pode ser contraproducente. Existe un consenso en canto ás situacións concretas nas que non debe utilizarse: especialmente debe de evitarse nas horas de agonía e situación de últimos días.

Tampouco estaría indicado utilizalo ao tratar aspectos concretos relacionados coa comunicación do diagnóstico, nas que é importante que o receptor da información atenda, comprenda e memorice ben a mensaxe.

Viamos antes como o modelo de sufrimento aplicado ao final da vida non só inclúe o paciente e a súa familia senón que pon tamén de relevo o sufrimento dos profesionais sanitarios. Arranz, Torres, Cancio e Hernández (1999) identificaron os principais factores estresores presentes nos equipos de atención paliativa: o contacto constante co sufrimento e coa morte, as características dos síntomas físicos, a intensidade emocional da situación, as tomas de decisións delicadas e a confrontación con dilemas éticos. Ademais, a deterioración e a morte de pacientes novos, ou daqueles enfermos cos que se mantivo un vínculo especial, poden resultar particularmente estresantes. Sinalan tamén a dificultade do equipo sanitario para afrontar as súas limitacións persoais e profesionais e exporse á concepción da propia morte. Outras fontes de tensións constitúenas a comunicación frecuente de malas noticias, as presións familiares para administrar ou suspender tratamentos, a comunicación ou non do pronóstico ao paciente, a defensa da autonomía do paciente fronte aos familiares, a discrepancia de criterios entre os membros do equipo e as distintas situacións conflitivas que se poden presentar no día a día. Pode o humor ser utilizado como unha estratexia protectora do sufrimento dos profesionais sanitarios? Diferentes estudos, recollidos no traballo de Carbelo Baquero *et al.* (2000) apuntan nesta dirección: o humor como facilitador do traballo en equipo (favorece un ambiente positivo de traballo, xera confianza, desvía os enfados, facilita a aceptación de imperfeccións nos colaboradores e neutraliza ou diminúe a tensión), como vehículo para a resolución de conflitos e como favorecedor dunha maior creatividade e flexibilidade. Ademais, sinala a capacidade do humor para sentirse conectados con outras persoas, para desviar a percepción da situación, que doutra maneira resultaba abafadora, e sentir unha maior relaxación.

Non sabemos se é posible morrer da risa pero parece que si é posible, e conveniente, rir da morte. Como vimos, o uso do humor no contexto de final de vida pode entenderse como unha estratexia de afrontamento á dor da perda que utilizamos tanto os individuos como a sociedade no seu conxunto a través do cinema, a literatura, o teatro... Pero o humor non é unha estratexia de afrontamento ao uso, desas que se poden adestrar ou poñer en práctica cando un que-re. O humor é un fenómeno subxectivo, espontáneo e incongruente que varía dun momento a outro e dun a outro individuo (Carbelo Baquero, 2002). Os que acompañamos as persoas nos seus últimos momentos de vida adoitamos dicir que a xente, xeralmente, morre como viviu. As persoas que viven gozando das pequenas cousas morren gozando das pequenas cousas. As que viven nerviosas morren nerviosas. As que viven evitando morren evitando. As que viven enfadadas morren enfadadas. As que viven soas morren soas. E as que viven a vida con

humor adoitan facer uso del tamén cando a vida acábase. Pero non ao revés, a quen o humor non lle serviu ao longo da súa vida que non se esforce en evocalo porque o humor é unha forma de estar no mundo que nin se adestra nin se provoca. O mesmo ocorre cos profesionais. Se o humor se forza moi probablemente acabe facendo dano. Persoalmente, teño a sorte de que os maiores legados dos meus pais me resultan realmente útiles no meu traballo acompañando as persoas no seu final de vida. O da miña nai é a actitude compasiva, a empatía co sufrimento do outro e o desexo de alivalo. O do meu pai é o sentido do humor negro con maiúsculas. Sen el non podería dicir algunha das barbaridades que lles digo aos pacientes e moi probablemente no canto dunha gargallada ofreceríanme a porta.

E que ocorre cando unha persoa tomou ao longo da súa vida o humor como principal ferramenta para afrontar os problemas e o humor xa non sae? Viamos antes como no estudo de Herth a porcentaxe de persoas que seguían usando o humor tras o diagnóstico da súa enfermidade era inferior ao 15%. O humor non é só un produto cognitivo, tamén ten un compoñente emocional que, en determinadas circunstancias, pode deixar a persoa sen recursos ante a ameaza da perda. Non é infrecuente atopar nas unidades de coidados paliativos persoas desbordadas que explican que sempre se valeron do humor para enfrontarse ás circunstancias adversas pero que non son capaces de facelo nese momento. “A miña muller morre, non son capaz de ser gracioso”. E neste momento é cando é necesario fuxir, segundo o noso modo de velo, da chamada “psicoloxía positiva”, do “aínda que estas morrendo tes que rir porque iso vai ser bo para ti”. Ao humor non se lle chama, o humor aparece. Indicacións deste tipo só van xerar sentimentos de culpa e frustración. Nese momento toca quedar e escoitar.

Hai persoas ás que o humor acompaña de forma incondicional. Hoxe mesmo, desde o sofá dunha unidade de coidados paliativos, unha paciente ría a gargalladas despois de que o osíxeno que respiraba fixese un ruído extraño. “Sei que vou morrer, pero tampouco hai que apuralo!” dicíalle á enfermeira. Enferma de cancro de mama desde hai cinco anos, provocaba o meu sorriso dicíndome que tiña un peito alí con ela, e tres nunha caixa (referíndose ás próteses). Contoume que goza das pequenas cousas da vida “tomar un café, falar con alguén ou saír e respirar unha bafarada deste aire tan... contaminado”. Faloume do humor, de como para ela era unha táboa de salvación, “unha coiraza” que a axudaba a ver a vida doutra maneira e permitíalle ver contentas as persoas do seu redor. E acordeime de Rochefoucauld e pensei que o humor era para ela unhas lentes de sol que lle permitían poder mirar o astro directamente.

“Adoitamós dicir que a xente, xeralmente, morre como viviu. (...) E as que viven a vida con humor adoitan facer uso del tamén cando a vida acábase”.

O HUMOR NA INFANCIA E NA PSICOTERAPIA INFANTIL

María Martínez Cortizo

ESPECIALISTA EN PSICOTERAPIA INFANTIL E XUVENIL.
TERAPEUTA DE XOGO

Elena Piñeiro Reiriz

TERAPEUTA FAMILIAR, TERAPEUTA EMDR
ESPECIALIZADA EN TRAUMA
PSICÓLOGAS SANITARIAS. CO-DIRECTORAS DE ESPAZO ABERTO
✉ gabinete@espazoaberto.com

RESUMO: Este artigo trata do sentido do humor como un valioso recurso que favorece o desenvolvemento cognitivo, social, emocional e psicolóxico. Aborda como a alegría e o humor contribúen a mellorar a nosa saúde e a desenvolver a resiliencia, achegando creatividade na procura de solucións e distancia no afrontamento dos problemas. Baséase nos estudos e evidencias científicas que, xunto á nosa propia experiencia en consulta, sustentan a importancia do humor e a diversión na infancia. Trata sobre o xogo, debido a que este é o vehículo natural do neno para conectar co humor, descubrir, aprender e socializar. Reflexiona tamén sobre a terapia de xogo como ponte que permite aos nenos mostrar as súas emocións, expresar as súas necesidades e conflitos e descubrir novas fórmulas de resolución para transferir as súas aprendizaxes a situacións da súa vida diaria.

PALABRAS CLAVE: Humor, alegría, infancia, desenvolvemento emocional, familia, xogo, terapia de xogo.

ABSTRACT: This article deals with the sense of humor as a valuable resource that favors cognitive, social, emotional and psychological development. It addresses how joy and humor contribute to improving our health and developing resilience; contributing creativity in the search of solutions and distance in the confrontation of the problems. It is based on studies and scientific evidence that, also with our own experience in consultation, support the importance of humor and fun in childhood. It is about the game, since this is the child's natural vehicle to connect with humor, discover, learn and socialize. Also reflect on play therapy as a bridge that allows children to show their emotions, express their needs and conflicts and discover new formulas for resolving their learning to transfer situations to their daily lives.

KEY WORDS: Humor, joy, childhood, emotional development, family, play, play therapy.

SUMARIO:

- 1 As emocións son o mapa...
- 2 O desenvolvemento das emocións e o sentido do humor.
- 3 Fomentar a alegría.
- 4 O sentido do humor e o xogo na familia.
- 5 A terapia de xogo como ferramenta terapéutica.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Damasio, A. (2005) *En busca de Spinoza. Neurobiología de la emoción y los sentimientos*. Barcelona: Crítica.

Gonzalo Marrodán, J. L. (2015) *Vincúlate. Relaciones reparadoras del vínculo en los niños adoptados y acogidos*. Bilbao: Desclée De Brouwer

Horno Goicochea, P. (2017) *Educando en la Alegría*. Bilbao: Desclée De Brouwer

McGhee, P. (2010) *Humor: The Lighter Path to Resilience and Health*. PHD.

Oaklander, V. (1992) *Ventanas a nuestros niños*. Santiago de Chile: Editorial Cuatro Vientos.

Ruch, W. (1998) Sense of humor: A new look at an old concept. En W. Ruch (ed.), *The sense of humor: Explorations of a personality characteristic* (pp. 3-14). Berlín: Mouton de Gruyter.

Schaefer, C. (2005). *Fundamentos de terapia de juego*. México: El Manual Moderno.

Siegel, D. J. y Payne, T. (2012) *El cerebro del niño*. Barcelona: Alba Editorial.

Siegel, D. J. (2014) *Tormenta cerebral: El poder y el propósito del cerebro adolescente*. Barcelona: Alba Editorial.

Solter, A. J. (2013) *Juegos que unen. Cómo solucionar los problemas de comportamiento de los niños mediante el juego, la*

risa y la conexión. Barcelona: Medici.

T. A. Bekinschtein, Matthew H. Davis, Jennifer M. Rodd, y A. M. Owen, "Why Clowns Taste Funny: The Relationship between Humor and Semantic Ambiguity," *The Journal of Neuroscience* 31, nº 26, (2011): 9665-9671.

Vanistendael, S. (2002) *La felicidad es posible. Despertar en niños maltratados la confianza en sí mismos: construir la resiliencia*. Barcelona: Gedisaed.

1 As emocións son o mapa...

Que provoca que unhas persoas mostren maior alegría ou máis sentido do humor ca outras? Cal é a clave?

As emocións son o medio a través do cal entramos en contacto coa realidade. Tal e como as define Antonio Damasio (2005):

“As emocións proporcionan un medio natural para que o cerebro e a mente avalíen o ambiente interior e o que rodea o organismo, e para que respondan en consecuencia e de maneira adaptativa”.

Damasio entende que, a partir delas, elaboramos mapas do que hai no noso organismo e o que nos afecta desde o exterior, para sobrevivir.

O desenvolvemento emocional dá-nos as coordenadas, a través das cales cartografamos o mundo que nos rodea. É na interacción co outro cando imos creando os nosos modelos de funcionamento interno e facéndonos unha idea do mundo que nos rodea e das paisaxes e os perigos que nos esperan. Para completar o noso mapa necesitamos desa interacción co outro, das experiencias sociais que nos contan, de como foron as súas viaxes e o que podemos esperar se nos aventuramos.

Esas primeiras coordenadas que nos dan as emocións íranse completando e, como nun mapa en 3D, o sistema cognitivo írase desenvolvendo e permitíranos entender e darlle perspectiva. As nosas emocións, ao principio primitivas e rudimentarias, a través dun proceso de maduración e aprendizaxe poderán ampliar o seu repertorio e acomodarse aos diferentes contextos. As relacións vinculares primarias, os estilos educativos e os valores adquiridos nas primeiras etapas condicionarán a visión que teñamos dos diferentes territorios; de tal modo que as nosas emocións se expresarán de modos axustados ou desproporcionados ao contexto ou se reprimirán.

Seguindo coa metáfora do mapa, as experiencias sociais, sobre todo coas primeiras figuras de apego, modularán o noso sistema emocional de tal modo que lle darán significado ás claves que descifran o territorio. Así, experiencias de apego inseguro, excesivamente críticas ou de elevadas esixencias provocarán que os territorios se mostren inhóspitos e potencialmente perigosos e non queiramos ou non nos atrevamos a exploralos. Os apegos desorganizados, experiencias traumáticas e/ou de illamento social, pintarán mapas hostís, nos que debemos ser desconfiados e ir armados. Non cabe dúbida de que experiencias vinculares seguras, de aprendizaxe consciente e respectuosa co desenvolvemento e personalidade do neno pintarán un mapa diferente. Terá relevo; quizais montañas elevadas ou escuras grutas, bastas chairas ou profundos océanos, pero haberá maior seguridade para emprender a viaxe, confianza no entendemento coas persoas coas que nos atopemos e maior capacidade de adaptación ás circunstancias adversas.

Nacemos emocionalmente programados para a supervivencia e coas emocións básicas incorporadas “de serie”. Con todo os nosos temperamentos, xa desde o mesmo momento do nacemento, son moi diferentes e con eles a conduta emocional mostrada ou o modo de reaccionar ao contexto. Moitos nenos, debido aos múltiples factores que poidan provocarlles malestar (sufrimento no parto, problemas médicos, alteracións nas rutinas etc.), mostrarán moita incomodidade ou temperamentos demandantes xa desde o inicio. As respostas



unsplash.com
©Thiago Cerqueira

de interacción e contención desas primeiras manifestacións emocionais serán fundamentais na maduración da súa regulación emocional e condicionarán a formación do vínculo de apego. Deste xeito, a nosa pegada emocional, ou Modelo Operativo Interno como o denominou Bowlby (1983; 1985; 1993) guiaranos e influirá no noso autoconceito, na socialización e no modo de reaccionar ou de tomar decisións na nosa vida.

Retomando a pregunta inicial, que provoca que unhas persoas mostren máis sentido do humor e/ou maior alegría que outras? Segundo diferentes estudos a clave estaría nunha combinación dos xenes cos que nacemos, o carácter desenvolvido e as experiencias vitais. Con todo, e esta é a boa noticia, a capacidade de interpretar os feitos desde unha perspectiva máis positiva é un recurso que pode estimularse e adestrarse proporcionando importantes beneficios para a saúde mental. Ese recurso é o humor, permite gañar perspectiva, sentirse mellor cun mesmo, aumenta as sensacións prazenteiras e axuda aos procesos de pensamento permitindo cuestionar e romper vellos esquemas e facilitando novos modos de funcionamento interno máis adaptativos. Podemos redebuxar o territorio, modifícalo, puílo e facelo máis levadío.

2 | O desenvolvemento das emocións e o sentido do humor

Un home vai falar co seu psicólogo:

- Doutor, doutor, sinto que son un can.
- E desde cando lle pasa iso?
- Desde cachorro.

No seu libro *A expresión das emocións no home e os animais*, Charles Darwin (1873) reflexionou sobre a razón evolutiva da risa e o humor: “É unha expresión social de felicidade e por tanto unha vantaxe social para o grupo”.

Un bo coñecemento e manexo das nosas emocións tamén nos facilitará a adaptación, permitirá un mellor manexo da tensión e o desenvolvemento do sentido do humor como recurso de afrontamento.

O desenvolvemento emocional é un longo camiño que discorre durante toda a vida e non termina nunca. É un tema difícil de abarcar, que implica moitos factores e que foi amplamente investigado. Un desenvolvemento pleno e harmónico das emocións require de anos, pero sabemos que canto máis se cultiven a alegría, a capacidade de rir e a comprensión das bromas e ironías, de maior capacidade de axuste dispoñeremos. De modo que, como iremos vendo e repe-

tindo ao longo do artigo, o sentido do humor axudaría e fomentaría un mellor desenvolvemento emocional.

Podemos definir o sentido do humor como aquela disposición mental que nos fai coller calquera situación, incluso aquelas máis dramáticas, desde un punto de vista cómico e que expresamos coa risa. O sentido do humor podería ser unha característica estable da personalidade (Ruch, 1998).

Os nenos e nenas máis pequenos poden quedar indiferentes ante o mellor chiste do mundo e con todo rir sen parar ante un evento absurdo calquera. Isto cambia co desenvolvemento; o humor desenvólvese coa idade e as capacidades do neno e a aprendizaxe pode empezar moi cedo se unha persoa de confianza xoga co bebé.

Para poder gozar dun chiste e/ou da ironía é esencial a socialización, que comeza, como xa mencionamos, cos primeiros intercambios de risa e miradas coas primeiras figuras vinculares, xa que é o feito de compartir a experiencia co outro o que fai posible ese goce. Ese primeiro intercambio, volvendo á metáfora do mapa, axuda a trazar os primeiros esbozos dun mundo que, *a priori* é seguro. Entre os dous e cinco anos, idade na que se consolidan as emocións básicas, o neno empeza a sentirse capaz ou incapaz de explorar, adquirir autonomía e superar retos; a sentir vergoña e inhibición cando non o consegue e unha inmensa felicidade e orgullo con cada logro. Nesta etapa as emocións aínda teñen unha marxe moi pequena de tolerancia e as experiencias percíbense dun modo moi polarizado, é por iso tan importante o papel que xogan os pais, educadores e adultos significativos como modelo de contención e guía. Graficamente sería como ver unha banda deseñada á que lle faltan viñetas e a medida que se produce a maduración emocional vanse revelando os ocos. A primeira viñeta podería mostrar un neno berrando, chorando, sen querer vestirse; na segunda podería estar a dicir: - “dóeme a barriga, non quero ir...”. Na terceira viñeta xa podería dicir: - “eu quero quedar na casa como o meu irmán, dáme celos...”.

A maduración e a regulación emocional permitiron pasar da linguaxe do corpo á expresión verbal do seu estado emocional e facilitar ao adulto a comprensión da súa frustración sen ter que realizar “lectura de pensamento”. Claro que para que isto suceda o adulto terá xa maniotas no pulso de buscar a frecuencia de sintonización, conseguiría ter un tradutor emocional e alimentaríase con grandes sacos de paciencia.

Un dos mellores recursos e máis utilizados polos propios pais cando a desregulación emocional sucede, é usar o humor e a distracción para aliviar e poder reconducir situacións estresantes. Non funciona en todas as situacións pero serve como catalizador de cambio ou minimizador de experiencias que os nenos poden vivir con moita intensidade. Por exemplo, se non se quere vestir, poñerlle

os calcetíns nas mans ou nas orellas finxindo equivocarse adoita provocar a risa do neno e axúdalle a cambiar a súa actitude e colaborar.

Entender e gozar do humor e a risa supón un proceso de madurez nos nenos e as habilidades cognitivas que entran en xogo no desenvolvemento do sentido do humor serían:

1. Linguaxe. A capacidade de expresarse e comprender aquilo que nos din é un prerequisite para comprender a maior parte dos chistes e bromas, que se basean no sentido da incongruencia; rimos porque o que nos din non ten sentido. A comprensión do sentido do humor implica o desenvolvemento das áreas da linguaxe e entran en funcionamento os dous hemisferios cerebrais. O hemisferio esquerdo dános o contexto para poder entender e o hemisferio dereito permítenos darnos conta dos paradoxos do humor a través da creatividade. É dicir, permítenos entender o paso dunha situación lóxica a unha absurda. Aos máis pequenos, que non interpretan os xiros e sutilezas da linguaxe, fanlles graza accións de causa-efecto como os “xogos de cu-cú”; máis tarde son as incongruencias e as cousas absurdas como poñerse calcetíns nas mans, as que lles provocan risa. En preescolar o humor está conectado cos xogos e coa actividade física. Tamén lles gusta ver aos adultos facer bobadas e actuar de forma improvisada ou esaxerada. A medida que evoluciona a súa linguaxe, sobre os catro anos, inclúen palabras parvas ou escatolóxicas e empezan a elaborar eles mesmos bromas e cancións. Posteriormente, con seis ou sete anos e maior capacidade lingüística, utilizan o humor como recurso de descarga utilizando bromas para expresar hostilidade e gozan cos dobres sentidos e os xogos de palabras. En primaria gústanlles máis os enigmas e chistes. En secundaria o humor cobra outro cariz, utilízase como un mecanismo aglutinador de grupo; a miúdo como un “medidor de tolerancia” ou de dominio das emocións ante provocacións e bromas. Noutras ocasións de modo despreciativo cara aos demais, sobre todo por aqueles nenos que non se aceptan ben a si mesmos e utilízano como un modo de sentirse superiores.

2. Imaxinación. A capacidade de imaxinarse nunha situación diferente é indispensable para comprender as bromas e chistes. Esta habilidade aparecerá cando os nenos comezan a pedir bromas aos pais e a ter o seu propio sentido do humor. Facer traxadas para facer rir, poñerse a bailar ou a moverse facendo “bobadas”, imaxinarse en situacións graciosas ou imposibles. A partir dos dous anos, a imaxinación está en plena expansión e permite ao neno facer bromas para os demais, por exemplo, poñer os lentes do revés para facer rir.

3. Teoría da mente. Saber poñerse na pel do outro, comprender que “está a finxir” ou que dixo algo diferente á súa verdadeira intención é un ingrediente fundamental para comprender o sentido do humor. Por exemplo, o neno poderá entender que a súa nai o persegue finxindo ser un lobo e que só é un xogo. Esta capacidade é o preámbulo para que a partir dos tres anos poidan empezar a entender bromas máis elaboradas. As ironías comprenderanas máis adiante; cando, a partir dos cinco ou seis anos, despois de sacar unha mala nota, se lles di: “Os teus pais vanse poñer moi contentos cando llo diga”. Nesta etapa, os nenos aprenden a regular os seus sentimentos, pero tamén a encubrilos ou a finxir as súas emocións influenciados polos modelos de expresión emocional da súa contorna familiar e social, para evitar sufrimento no outro, porque perciben que non poden mostrar os seus sentimentos ou que estes non serán comprendidos ou validados. Neste período ata a adolescencia resulta especialmente importante a comunicación emocional e sobre todo educar transmitindo alegría, xa que influirá de modo moi significativo na maneira en que os nenos interpretan as súas emocións e as do outro, nas lecturas que fagan dos acontecementos, nos prognósticos e nas expectativas de si mesmos e as súas posibilidades e na confianza nos seus recursos de afrontamento e resolución.

“A comprensión do sentido do humor implica o desenvolvemento das áreas da linguaxe e entran en funcionamento os dous hemisferios cerebrais”.

A nivel emocional, o humor proporciona aos nenos un medio socialmente aceptable de expresar o enfado. Isto facilitará o manexo de conflitos en situacións sociais ao longo dos anos, xa que a capacidade de xestionar o propio estado emocional e o dos demais é clave na intelixencia emocional. Manexar un cruzamento de vaciles, imaxinar á persoa que nos agraviou nunha situación vergoñosa ou facer un debuxo desa persoa engadíndolle elementos ridículos, provoca risa e alixéiranos o enfado evitando confrontacións maiores.

A nivel social, o humor facilita o achegamento e a interacción cos outros e aumenta a sensación de complicidade e pertenza, favorecendo a cooperación grupal e a aparición de condutas asertivas e prosociais. Hai algún lugar no que se escoiten máis risas que nun espazo no que os nenos xogan libremente? Cando os nenos únense para facer “ trasnadas” séntense cómplices e unidos nun xogo compartido que lles provoca tensión ao mesmo tempo que emoción por ver as reaccións dos demais. Moitas veces os conflitos entre eles resólvenos e alixéiranos con bromas. Os nenos que saben como usar o humor na interacción social tamén son mellores para tranquilizar aos demais, creando unha contorna facilitadora da comunicación. Poden facer algún comentario ou graza que relaxa o ambiente cando hai tensión, ou para achegarse aos demais, polo que adoitan ser vistos como máis agradables e resúltalles máis fácil facer amigos. No caso dos nenos que teñen dificultades na socialización por falta de habilidades ou dificultades (físicas ou de aprendizaxe), se son capaces de desenvolver habilidades para facer rir a outros, conseguen con maior frecuencia superar o rexeitamento social inicial e ampliar as súas habilidades de interacción social. Con frecuencia observamos que nenos con dificultades buscan a través do humor a aceptación dos seus compañeiros como un recurso que mellora a súa integración (aínda que isto lles custe chamadas de atención dos profesores).

Educar no humor favorece un proceso de maduración e de axuste emocional maior para lograr unha adaptación favorable á revolución emocional que supón a adolescencia. Durante a adolescencia existe un aumento da intensidade emocional, danse cambios nos circuitos fundamentais do cerebro, o que provoca que a capacidade de diversión e de sentir alegría sexa maior, así como a tristeza e o pranto. Vivir con maior intensidade emocional ten a vantaxe de poder facer que a vida estea chea de enerxía e de sentido vital (Siegel, D. 2013). Os adolescentes, en moitas ocasións, fan do sentido do humor un xogo no que conectar, rir e gozar co outro.



unsplash.com
©Caroline Hernández

3 Fomentar a alegría

Defender a alegría como unha trincheira [...] Así comeza o precioso poema de Mario Benedetti, “Defensa da Alegría”. Como Benedetti, queremos defender a alegría como ingrediente fundamental da vida e por tanto do traballo que facemos cos nenos e nenas que vemos a diario. Se existe unha emoción que favoreza e nutra a expresión e consolidación dun sentido do humor san é a ALEGRIA. Así pois, a parte do prerequisite da socialización e as habilidades cognitivas da linguaxe, imaxinación e mentalismo, necesitamos que todo iso se desenvolva coa compañía da alegría.

A alegría ten, como as demais emocións, unha función de adaptación para o ser humano e é considerada unha emoción básica primaria, é dicir, tráela o bebé ao nacer e, polo tanto, ten unha función relacionada cos mecanismos de supervivencia básicos. A alegría é un elemento de desenvolvemento afectivo que, aínda que é certo que vimos con ela e temos de maneira innata a capacidade de sentila, desenvólvese e consolídase a través das figuras vinculares. A alegría favorece o desenvolvemento san e é ese empuxe que nos activa para:

- **Explorar e esculcar:** As persoas alegres aventúranse máis e teñen viva a capacidade de esculcar polo “mapa”.
- **Ser optimistas:** As persoas alegres tenden a pensar en positivo, avalían a contorna de forma favorable.
- **Crecer sans:** O desenvolvemento físico e inmunolóxico dunha persoa alegre é máis san que o dunha persoa triste.
- **Intimar:** A alegría axúdanos ao encontro cos demais, favorecendo os espazos de intimidade, xa que as persoas alegres son capaces de facer sentir ben e de levar a outros á apertura emocional.
- **Protexernos:** O feito de ser alegres facilita que ante a tristeza pidamos axuda con máis facilidade.
- **Ser resilientes:** Demostrouse que a alegría é un dos mecanismos que o favorecen. A resiliencia poderíase entender como a capacidade do ser humano para resistir o sufrimento e refacerse despois dunha experiencia dolorosa. Resiliencia non significa esquecer a experiencia, senón lograr que esta se integre na maleta de experiencias que ten a persoa. O humor e o xogo teñen un papel fundamental no desenvolvemento da resiliencia; activan a nosa área creativa, o que nos axuda a atopar solucións adecuadas ante situacións críticas, e proporcionannos equilibrio para a superación dos obstáculos ao tomar a distancia necesaria no afrontamento de problemas. Esta é unha das capacidades que queremos que saian a relucir nos nenos e nenas que tratamos e sabemos que a alegría é un dos impulsores para que se manifeste. A alegría é un mecanismo de saúde interna (Horno, P. 2017).

A metáfora da casa desenvolvida por Stefan Vanistendael (2002) explica que cada persoa constrúe unha, con pisos que a sustentan e habitacións que representan a confianza, os valores, as relacións etc. É a “casiña da resiliencia” que nos protexe e que contén os nosos recursos para afrontar con garantía as “inclemencias”. Vanistendael sinala o sentido do humor, non só como unha habitación ou elemento fundamental, do mesmo xeito que a autoestima ou as aptitudes persoais, senón como as columnas que axudan a suxeitar a casa desde os cimentos ata a azotea, como ese alicerce necesario en todos e cada un dos aspectos da nosa vida.



Mención especial falando da alegría e do sentido do humor merece a risa. A risa é a resposta fisiolóxica ao humor e é tamén unha manifestación da alegría.

Tanto no humor como na risa, están involucradas as rexións temporais e frontais do cerebro. A emoción do divertido ou gracioso activa, por elevación da molécula de dopamina, coñecida como hormona da felicidade, áreas cerebrais que o valoran e terminan por provocar a gargallada. Así que primeiro percibimos o humor e despois actívase a risa. Isto explicaría por que nos gusta tanto rirnos.

A risa desempeña un papel fundamental no desenvolvemento dos nenos porque, do mesmo xeito que o xogo, desencadea toda unha serie de reaccións fisiolóxicas, cognitivas e emocionais que facilitan a aprendizaxe, a sociabilidade, a liberación da tensión acumulada e permiten que o neno sexa máis aberto e espontáneo. Provoca múltiples beneficios e é un indicador de saúde e felicidade. A nivel fisiolóxico relaxa os músculos e axuda a liberar tensión, ademais reforza o sistema inmunitario, xera endorfinas e aumenta o benestar. Cognitivamente axuda aos nenos para centrar a súa atención e memoria, estimula a aprendizaxe significativa e aumenta o pensamento creativo. Aos nenos encántalles xogar coas palabras (p. ex., “mamá, repite a palabra “monxa” moitas veces e moi rápido”) e os significados e dobres sentidos das mesmas, ampliando deste xeito o seu vocabulario. Non existe mellor fórmula de estimular a lectura que que sexa emocionante e divertida. É moi probable que se os nenos puidesen elixir as súas lecturas recomendadas moitas delas fosen bandas deseñadas, chistes, curiosidades ou historias graciosas; do mesmo xeito tomarían máis a iniciativa de ler e compartir con outros o que lles provocou a risa.

Rir das cousas (e dun mesmo) permite velas cunha perspectiva moito máis positiva e liberar emocións, especialmente as que tendemos a reprimir no interior. Nisto os nenos son expertos, teñen unha tendencia natural á diversión como forma natural para soltar ou poñer límite ás tensións cotiás ou soportar situacións dolorosas. Utilizan tamén con frecuencia as bromas e xogos de parvadas, nos que actúan e ensaian ter defectos ou cometer erros. Estes xogos son un gran recurso para soltar tensión e unha boa antesala da aceptación e a capacidade de rir de si mesmos. Con todo, os adultos adoitamos bloquear este tipo de accións considerándolas inadecuadas e freando, sen sabelo, a súa capacidade de relativizar as cousas ou facer “coma se... e non me importase”. Permitir, compartir e favorecer estes xogos nos nenos axudaraos a desenvolver unha mellor autoestima e a manexar conflitos.

“O xogo podería considerarse un elemento evolutivo que garante ao ser humano a aprendizaxe das habilidades necesarias para sobrevivir no propio ambiente”.

4 O sentido do humor e o xogo na familia

“É no xogo e só no xogo onde o neno ou o adulto como individuos son capaces de ser creativos e de usar a totalidade da súa personalidade, e só ao ser creativo o individuo se descobre a si mesmo”. (Winnicott)

Un desenvolvemento infantil integral require da posibilidade do xogo espontáneo e libre para experimentar, errar, crear e recrear de modo lúdico; para poder entender e adaptarse ao mundo que o rodea.

O xogo podería considerarse un elemento evolutivo que garante ao ser humano a aprendizaxe das habilidades necesarias para sobrevivir no propio ambiente.

A literatura científica é unánime ao considerar o xogo fundamental para o desenvolvemento do neno. Desde os primeiros meses de vida, o bebé empeza a xogar, tanto de maneira espontánea como de forma compartida, propiciado polos adultos que o rodean. Son os primeiros intentos de aprendizaxe que o neno realiza a través do xogo, tanto espontáneo como guiado, e cada pequeno progreso nesa aprendizaxe mediada polo xogo é un paso cara ao adulto que chegará a ser. Polo tanto, estimular e animar á exploración a través do xogo é tarefa fundamental das figuras vinculares. Para iso requírese alegría e sentido do humor. A expresión facial dos nosos cuidadores dá-nos sinais importantes de como é o mundo. A partir desas imaxes temperás xa temos

información sobre aquilo que nos rodea. O bebé que observa ao seu redor e ve sorrisos, cara alegres, responderá da mesma maneira e a partir de aí aventurárase a explorar, xogar, aprender e superarse.

Entre os tres e os dez anos a tarefa que lles absorbe máis tempo, mente e corazón aos nenos é o xogo. Sendo así, é importante involucrar os pais no xogo dos fillos; pois, dese modo, estarán a acompañalos nunha das tarefas máis importantes das súas vidas. Rir cos fillos proporciona unha extraordinaria oportunidade de sintonizar con eles, reforzando o vínculo e a conexión entre ambos. Na nosa experiencia profesional, un dos desexos máis repetidos polos nenos é que os seus pais compartan máis tempo e xoguen con eles. Un apego pais-fillos san é vital para a saúde emocional e a autorregulación e require do xogo para que esa interacción sexa saudable. Cando se comparte un tempo de espaxamento e complicidade cos nenos, estes están posteriormente máis receptivos para colaborar ou aceptar límites. Desenvolver un humor construtivo nun clima de confianza axuda aos nenos para perder as súas resistencias e abandonarse á diversión, rindo ás gargalladas. Debemos ter en conta que cada neno ten o seu propio sentido do humor en función da súa idade, temperamento ou circunstancias, polo que debemos escoitalos para entender ben as súas necesidades a través das claves de humor e xogos que propoñen. Para fomentar o sentido do humor é importante que se dea un clima de confianza, de non ser así, pode tornarse agresivo. Hai que ter sempre en conta que hai certos límites que non se deben exceder, para non ferir ao outro e que non se sinta ridiculizado, pois afectaría a súa autoestima.

Como propón a doutora Aletha J. Solter (2013), cando os nenos digan “xoga comigo, sentiranse verdadeiramente amados e valorados se senta no chan e se une ao seu xogo de fantasía con bonecas, trens ou bloques. Pola contra, a tensión diaria que viven as familias (traballo, enfermidades, nacemento dun bebé...) pode provocar desconexión cos fillos e estes poden sentirse sós, ansiosos ou inseguros e o seu comportamento ser máis difícil ou aparecer problemas de disciplina”. Para iso propón utilizar os **xogos de apego**.

Este tipo de xogos están centrados no neno, buscan fortalecer a conexión, restauran o vínculo, poden ser un potente factor de curación ou de xestión de momentos difíciles e adoitan utilizar a risa e o humor. Actividades tan sinxelas como xogar a familias de animais, maquillarse mutuamente, construír xuntos ou facer parvadas son suficientes para establecer contacto visual, sentirse cómplices, rir xuntos e crear a maxia de cando estamos autenticamente conectados co outro. Os nenos nótano e só iso, xa é curativo.

Existen diferentes tipos de xogo de apego. Unha boa clasificación é a realizada pola doutora A. Solter no seu libro *Juegos que unen*, onde fai unha síntese

dos máis importantes a modo de guía educativa para pais. Agrúpaos en nove categorías: xogo non directivo centrado no neno, xogo simbólico con obxectos ou temas específicos, xogos de causa e efecto, xogo de parvadas, xogos de separación, xogos de investimento de poder, xogos de regresión, actividades con contacto corporal, xogos e actividades cooperativas, e dá suxestións e exemplos para que poidan usalos en infinidade de circunstancias (adquisición de autonomía, xestión da ira, problemas de conduta, celos etc.).

Canto máis se apoie o sentido do humor dos nenos en etapas temperás, máis probable será que emerxan na adolescencia e na adultez habilidades de humor ben desenvolvidas que apoién unha boa saúde física e mental. Educar con humor e con alegría favorece un mellor proceso de maduración das emocións que sentará as bases para unha maior adaptación á revolución emocional que supón a puberdade.

“O tempo de xogo é un ingrediente fundamental para ter unha mente sa”. (Siegel, 2013)

Tempo de xogo sería un intre no que se dá unha interacción sen normas rixidas, un intre no que hai risas e no que a creatividade e facer o parvo, sen críticas e sen gañador nin perdedor está permitido. Os pais que comprenden este código son máis capaces de ter unha comunicación positiva cos seus fillos adolescentes. Os adolescentes sans están moi centrados na obtención da recompensa e do pracer que esta produce. Queren pasalo ben, só que o seu xogo é diferente. Xa non é tan simbólico, é un xogo máis social, de risas, de parvadas, de compartir experiencias novas. A alegría móveos para facer desa necesidade actividades positivas. Os adolescentes tristes non “xogan socialmente”, tenden a illarse, a rir pouco e a autoculpase de todo o que lles pasa. O seu sentido do humor está adormentado. No traballo con eles temos que tratar de recuperar a vitalidade propia desa etapa, comezando pola base e tratando de fomentar a alegría a través de actividades que lles produzan ese pracer que fai de motor. Outra forma de conectar con esas emocións sería traballar situacións e recordos que estean bañados pola emoción positiva. “Lembras a última vez que che deu un ataque de risa? Que fixeches? Onde foi? Con quen estabas?”.

Cando se fai terapia filial ou se involucra aos pais nas sesións de terapia e os animamos a que conecten con atención plena, se deixen levar e xoguen, prodúcense cambios moi significativos nos procesos dos nenos e na relación entre ambos. O tempo de xogo e complicidade compartido na sala de terapia favorece a conexión próxima e alegre, axuda ao entendemento, reforza a confianza mutua e a resolución do problema. Todos fomos nenos, podemos explorar e reconectar coa nosa infancia e volver xogar. Para algúns pais resulta máis complicado e poden necesitar axuda (mesmo modelado), pero con práctica e “tarefas para casa” como compartir un tempo de atención e xogo cos nenos, conseguen o

obxectivo e convértense no mellor apoio e un catalizador do proceso terapéutico dos nenos. “A participación dos pais na terapia de xogo aumenta as probabilidades de ter éxito” (Draper *et al.*, 2009).

É tamén importante que o adulto sexa un exemplo positivo de humor na súa propia vida, xa que ese será o principal modelo de aprendizaxe con respecto á xanela de tolerancia das emocións, a capacidade de afrontamento da tensión ou a resolución de problemas que terá o neno ata que desenvolva os seus propios recursos; o seu exemplo diario será o adestramento que recibirá. Do mesmo xeito, canto máis se apoie o sentido do humor dos nenos en etapas temperás, máis probable será que emerxan na adolescencia e na adultez habilidades de humor ben desenvolvidas que apoiem unha boa saúde física e mental.

5 A terapia de xogo como ferramenta terapéutica

“Se permitimos aos nenos xogar libremente cunha variedade de materiais, e se un adulto mostra interese, amabilidade, empatía e aceptación, o neno aproveitará a situación para liberar emocións bloqueadas e reducir conflitos internos”. (Axline)

En ocasións, os nenos necesitan dunha axuda especial para descifrar o mapa do mundo que os rodea. Poida que non entendan os códigos, que se perderan ou que as paisaxes lles resulten abafadoras. Quizais tiveron o mapa nas súas mans e non lles permitiron explorar, carguen con demasiado peso na súa mochila ou lles tocaron malos compañeiros de viaxe.... En calquera caso, poden necesitar unha axuda que entenda o seu idioma, a súa forma de entender o mundo e expresarse, e esa é o xogo.

En psicoterapia, o xogo non é só a modalidade do tratamento, senón tamén o método de comunicación entre o terapeuta e o neno, xa que ao observar o seu xogo, este pode comprender os seus pensamentos, sentimentos e visión do mundo (O’Connor & Schaefer, 1998).

A psicoterapia infantil con xogo susténtase en diversos enfoques teóricos. Todos eles procuraron entender o desenvolvemento socioemocional infantil e atopar a fórmula máis adecuada de intervención desde a súa propia perspectiva teórica. A maioría destes modelos utilizaron o xogo e/ou os xoguetes como canle de comunicación co neno e/ou como ferramenta de axuda ante a dificultade ou patoloxía presentada.

A terapia de xogo como tal parte do modelo humanista, onde a relación terapéutica e a empatía son os eixos fundamentais do traballo, e integra técnicas e ferramentas de diversos modelos como a terapia psicomotriz, terapia non directiva, gestalt, terapia narrativa, cognitivo-condutual e terapia familiar, así como a arte e a música terapia. Utiliza todas aquelas técnicas de xogo contempladas nos diferentes enfoques da terapia infantil que resulten útiles para traballar e permitir aos nenos expresarse.

O xogo, como recurso fundamental da psicoterapia infantil, debe ter lugar nun espazo terapéutico adecuado para o neno, onde se sinta cómodo e protagonista. Debe ser un espazo que facilite a comunicación, expresión de sentimentos e frustracións e permita que mostren e manexen as emocións desde unha nova perspectiva. É fundamental que o espazo resulte atractivo aos ollos dun neno e o convide a xogar, de modo que poida acceder a diferentes xogos e materiais facilitadores. Cada neno é diferente e poderá explorar con cales se expresa mellor. Haberá nenos que nada máis entrar na sala se dirixan ao *punch*, outros ás marionetas e outros



unsplash.com
©Hanna Tasker

preferirán o barro ou a caixa de area. As súas eleccións non serán azarosas, senón que se relacionarán coa enerxía, a necesidade ou o tema que necesitan traballar ou co medio de expresión co que conecten mellor. O noso traballo será acompañar ao neno na súa viaxe e tentar entender a súa linguaxe simbólica.

Cando un neno entra na sala de terapia debe sentir que entrou nun lugar onde as súas necesidades e formas de comunicación serán entendidas e tidas en conta. Non pode ser outro lugar no que “portarse ben” e cumprir coas expectativas, normas e desexos do adulto, senón un espazo adecuado para el no que, a través do xogo, poida sentir que ten poder e control na solución dos seus problemas e onde poderá crear e desenvolver as súas propias fórmulas de alcanzalo desenvolvendo a súa autonomía e confianza. Cando a sala de terapia está adecuada para os nenos non adoitan ser necesarios máis límites que o de respecto mutuo e ao material. O propio espazo e o material que contén é regulador.

A terapia de xogo permite aos nenos tomar as súas propias decisións, expresar desexos e conflitos, transformar os eventos traumáticos, aliviar a ansiedade e desenvolver solucións alternativas. Beber de diferentes enfoques teóricos non só permite ao neno adquirir un papel protagonista no seu propio proceso, ser el mesmo e elixir o material ou o tema a traballar, senón que abre infinidade de posibilidades nas que o terapeuta pode propoñer recursos e técnicas que contribúan ao proceso de curación ou de equilibrio. Algúns dos xogos ou actividades facilitadoras principais son:

Xogos de expresión corporal e movemento que axudan ao neno ao desenvolvemento do sentido de si mesmo e a sentir confianza para moverse no espazo. Este tipo de xogos son esenciais cando o corpo do neno foi danado ou maltratado dalgún modo e necesitan reconstruír unha relación confiable e sa co seu propio corpo e recoñecer as súas fronteiras e as doutros.

Outro tipo de xogo esencial son os **xogos de expresión simbólica** (caixa de area, casiñas, creación de contos terapéuticos), que permiten proxectar a través de símbolos e metáforas as súas experiencias e sentimentos profundos. Estes xogos axudan a procesar e integrar e permiten aos nenos tomar a suficiente distancia do tema conflictivo como para sentirse seguros de expresar e ao mesmo tempo para protexerse dos sentimentos que os atafegan.

Xogos e técnicas narrativas que facilitan a expresión emocional que contribúen a que poidan identificar, tomar conciencia dos seus sentimentos e expresalos.

Xogos de mesa que axudan a romper o xeo e tomar confianza aos nenos máis inhibidos ou aceptar normas e regular a frustración aos máis impulsivos.

Xogos de dramatización para adoptar roles e meterse na pel de personaxes que poidan narrar conflitos mentres aprenden da experiencia no outro.

Tamén son moi importantes os **xogos e actividades que permiten a creación artística**, xa sexa a través da música ou materiais como pintura, debuxos, barro, plastilina etc., que permiten reflectir o mundo interior do neno e expresar o inexpresable, facilitando a representación terapéutica e a súa solución. Axudan aos nenos para tomar conciencia da orixe dos seus problemas emocionais e condutuais e facilitan a expresión emocional. Debuxar o problema e a solución, pintar monstros para logo enfrontarse a eles, bailar as emocións ou tocarlas cun instrumento e que o terapeuta se sincronice con esa melodía, crear con barro ou plastilina os

“(...) un espazo adecuado para el no que, a través do xogo, poida sentir que ten poder e control na solución dos seus problemas e onde poderá crear e desenvolver as súas propias fórmulas de alcanzalo desenvolvendo a súa autonomía e confianza”.

medos e reducilos a medida que son maiores os propios recursos... As posibilidades son infinitas.

Xogos de descarga, moi importantes, xa que facilitan soltar emocións negativas, tensións, medos e traumas e permiten experimentar empoderamento e capacidade de afrontamento ante o temido (espadas, churros, dardos, *punch*).

A terapia de xogo con obxectos ou temas relacionados co trauma poden conseguir a desensibilización con nenos traumatizados (Gaensbauer e Sieguel, 1995), xa que pode proporcionar ao neno un espazo e unha relación terapéutica na que sentirse seguro, o cal é fundamental para poder procesar recordos traumáticos almacenados no sistema límbico e acceder a eles a través da linguaxe simbólica. Xogar e re-actuar as experiencias abafadoras ou que causaron terror permite rebaixar a intensidade do contido traumático mediante a exposición aos recordos durante o xogo. Con todo, demostrouse que **só se teñen a posibilidade de expresar as súas emocións cunha testemuña empática, a desensibilización é eficaz e permanente.**

“Os nenos ás veces recrean compulsivamente os sucesos traumáticos a través do xogo pero non obteñen ningún beneficio desta actividade en solitario” (Terr, 1983).

O compoñente primordial da terapia de xogo é a relación terapéutica. A maior responsabilidade é coñecer ao neno e crear un vínculo cálido e afectuoso con el que lle proporcione confianza e seguridade. É a través desa relación de aceptación, apoio e acompañamento, de presenza empática e respectuosa, que o neno poderá facer o seu proceso de curación.

Poñer sentido do humor, alegría e optimismo na psicoterapia infantil é, ao noso modo de ver, condición *sine qua non* para facer terapia con nenos. Establecer unha boa alianza terapéutica e usar a linguaxe dos nenos significa sintonizar co seu mundo interno, a súa alegría e ganas de xogar. Unha boa sesión de terapia é aquela na que o neno riu polo menos unha vez.

En terapia con adultos respectamos o tema que os clientes traen, escoitámoslos e acompañámoslos. En terapia de xogo é o mesmo. Non é frecuente que os nenos queiran, nun primeiro momento, falar dos seus problemas. Con todo, é moi frecuente que os nenos queiran xogar se llo propoñemos. E aí comeza a relación e faise sólida a través do lúdico, coa alegría como emoción de base. A partir de aí o resto é máis sinxelo. O neno terá maior facilidade para abrirse e contar se o necesita, pois sentiuse respectado, escoitado e comprendido. Sintonizamos co seu mundo a través de algo que todos coñecemos porque fomos nenos: o xogo.



FERRAMENTAS

O EMPREGO DO HUMOR EN PSICOTERAPIA NUNHA UNIDADE DE CONDUCTAS ADICTIVAS

José María García Janeiro

PSICÓLOGO CLÍNICO. UNIDADE DE CONDUCTAS ADICTIVAS. CONCELLO PONTEVEDRA

✉ janeirojosemaria@gmail.com

RESUMO: Neste artigo preténdese reflexionar sobre o emprego do humor en psicoterapia desde a miña visión persoal, acompañado dun breve percorrido polo concepto de humor e as clasificacións dos diferentes tipos de humor; os pros e contras do emprego do humor en psicoterapia e a utilización do mesmo desde as distintas orientacións terapéuticas.

PALABRAS CLAVE: humor, tipos de humor, psicoterapia.

ABSTRACT: This article aims to reflect on the use of humor in psychotherapy, from my point of view, accompanied by a brief tour of the term humor; as well as for the different types of humor, the pros and cons in the use of humor and the use of it by the different therapeutic orientations.

KEY WORDS: humor, types of humor; psychotherapy.

SUMARIO:

- 0 Introducción.
- 1 De que humor falamos cando falamos de humor?
- 2 Teorías do humor.
- 3 Tipos de humor.
- 4 O humor como recurso terapéutico.
- 5 Aspectos positivos do humor.
- 6 Aspectos negativos do humor.
- 7 Uso do humor en distintas orientacións terapéuticas.
- 8 Conclusións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Bremmer, J., y Roodenburg, H. (1999). *Una historia cultural del humor: desde la antigüedad hasta nuestros días*. Madrid, España: Sequitur.

Carbelo, B., y Jáuregui, E. (2006). Emociones positivas: Humor positivo. *Papeles del Psicólogo*. Vol 27 (1) 18-30

Carretero, H. (2005). *Sentido del humor: construcción de la escala del humor (EAHU)* (tesis doctoral), Universidad de Granada, España.

Castellví, E. (2007). *El taller de la risa. Guía práctica para organizar un taller de risoterapia*. Barcelona, España: Alba.

Chazenbalk, L., Balza, M., Frontera, M. G., Giaramitta, M. F., Martínez, S., Perrotta, M. L., Stochyk, C. (2003). El valor del humor en el proceso psicoterapéutico. *Psicodebate* (6). Psicología, Cultura y Sociedad, 73-83

De Pineda, C. (2017). *¿Utopía del humor positivo? El humor, la creatividad, el juego, el arte,... como mediación en el estado anímico de jóvenes con déficit de salud*. Universidad de Granada, España.

Fry, W. F. y Salameh W. A. (Ed.) (2004). *El humor y el bienestar en las intervenciones clínicas*. Bilbao, España: Editorial Desclée De Brouwer.

García, F. (2006). *Humor y psicoanálisis. Una lectura de los textos de Freud*. (Curso de doctorado. Periodo de investigación II). Universidad Complutense de Madrid, España.

Idígoras, A. (2004). El valor terapéutico del humor. *Humor*. (Vol. 17). 1-20

Kubie, L. S. (1971). The destructive potential of humor in psychotherapy. *American Journal of Psychiatry*, (127), 37-42.

Martin, C. (2002). El uso de la risa y el humor en psicoterapia. <https://es.slidehare.net/heliafloresm/el-uso-de-la-risa-y-el-humor-en-psicoterapia> 1-9

O | Introducción

Levo tempo realizando tarefas de titor e supervisor con psicólogos internos residentes de segundo ano, así como con algúns alumnos de prácticas de fin de carreira e, nestes últimos anos, varios deles comentáronme que o xeito tan natural de empregar o humor cos doentes lles resultara rechamante nun principio, para despois valorar a súa utilidade e interese. Este ano pedíronme que escribise para o *Anuario da Sección de Psicología e Saúde* do Colexio de Psicología sobre a utilización do humor en psicoterapia nunha unidade de condutas adictivas. O certo é que os tímidos estudos e traballos *amateur* en teatro infantil, de *clown* e xogo dramático que en épocas de mocidade realicei e o meu particular sentido do humor, me teñen permitido ir incorporando día a día esta ferramenta, case de modo natural, ben nas tarefas paradoxais que a veces propoño, ou nos relatos, metáforas ou contos que utilizo; ou en pequenas historias baseadas en como outros doentes resolveron situacións similares. Ás veces, temos que lembrar-lles que non tomen tan en serio a vida. Non é permanente.

Hai uns meses, un doente con diagnóstico de trastorno de personalidade, cun brote psicótico no pasado atribuíble a consumos de diversas substancias, comentábame as súas ideas obsesivas que tanto o molestaban, como non poder pisar as tapas de sumidoiro das beirarrúas nin as de telefonía por medo a que lle pasase algo a un familiar próximo. Logo de buscar excepcións, analizar conxuntamente como elaboramos as ideas e como moitas veces son absurdas, e despois de pedir-lle un rexistro destas e outras ideas molestas, animeino a enfrontarse ás mesmas e logo comprobar os resultados. Na seguinte sesión ensinome o rexistro e vimos como nalgunhas ocasións pisara as devanditas tapas e non as deixara á dereita, como adoitaba a facer. Comprobou que non lle pasara nada ao seu familiar tras o que o felicitei tanto por traer o rexistro como polos seus avances. Non estaba o doente totalmente conforme con poder esquecer as tapas tras anos esquivándoas, semellaba ter-lles un especial agarimo. Propúxoselle que, durante media hora ao día, nun horario programado previamente, podía esquivar as tapas como fixera nestes últimos anos, pero o resto do día xa podía pisar nelas ou mesmo obvias. Este sistema de control pareceulle moito máis oportuno e desde entón permítese durante media hora comportarse como un obsesivo “voluntario” e, o resto do día, pasar das tapas. Varias semanas despois comentou que pouco a pouco estaba a esquecerse de agasallar-lle ese ratiño á súa parte obsesiva.

Na porta do meu despacho está fixado un cartel que di: “isto tamén pasará”. Normalmente, non nunha primeira, pero si nas sesións posteriores, pregúntanme por esa frase que lles axuda a reflexionar sobre distintos aspectos relacionados cos seus problemas de adicción e coa vida.

Tras aceptar a invitación para escribir este artigo, comecei a revisar escritos sobre o tema do humor e os seus distintos usos en psicoterapia, en comercio, marketing etc., e o primeiro que me chamou a atención é o aburridos e solemnes que resultaban os traballos científicos e, pola contra, o esaxerados e optimistas, cando non a carencia da rigurosidade das publicacións de divulgación.

A prudencia acompañame ao longo deste artigo e, aínda que emprego o humor a diario, non creo que sexa por si só a solución aos problemas; en troques, si penso que pode ser un instrumento que nos facilite e mellore o traballo con moitos dos nosos doentes. Nel explóranse por un lado as definicións, características e usos do humor en psicoterapia, achegando ao tempo un coñecemento acumulado froito da aplicación do humor na terapia durante a miña práctica e experiencia profesional. Tres son as principais obras nas que me baseei para escribilo: o clásico libro de W. Fry e W. Salameh, *O humor e o benestar nas intervencións clínicas*; a tese douto-

“Aínda que emprego o humor a diario, non creo que sexa por si só a solución aos problemas; en troques, si penso que pode ser un instrumento que nos facilite e mellore o traballo con moitos dos nosos doentes”.

ral de H. Carretero Dios, “Sentido do humor: construción da escala de apreciación do humor (EAHU)”, de 2005 da Universidade de Granada; e a tamén escrita en Granada, outra tese doutoral, esta vez desde a Facultade de Belas Artes de Cristina de Pineda do ano 2017, “Utopía do humor Positivo?”; ademais de diversos artigos referenciados na bibliografía.

1 De que humor falamos cando falamos do humor?

“A risa é como os limpaparabrisas. Permétenos avanzar aínda que a chuvía non se deteña”. Gérard Jugnot

O humor é un fenómeno universal e cotián que todos os humanos compartimos, que mereceu o seu estudo e xerou múltiples publicacións desde o último terzo do século pasado e, en cambio, non se logrou acordar unha definición operativa aceptada por todo o mundo. O termo “humor” ten distintas e variadas acepcións e matices segundo a lingua que se utilice, o momento histórico en que se estude e a sociedade onde se manifeste, sendo un termo en continua evolución acorde cos tempos e contextos socioculturais.

A exposición de gran parte do contido deste apartado baseouse fundamentalmente na obra de Bremmer e Roodenburg (1999), que expuxeron que psicólogos, antropólogos, filósofos etc, se equivocaron ao tentar buscar unha definición do sentido do humor como algo transcultural, descontextualizado. Para eles, o humor é un fenómeno culturalmente determinado, que evolucionou co transcorrer do tempo tanto nas súas formas e manifestacións como na súa valoración social. Todos rimos e todo o mundo ten sentido do humor, pero dado o cariz multidimensional do humor, proliferan as formas en que pode ser definido, o que leva á dificultade de saber de que se está falando exactamente ou que significa a expresión “ter sentido do humor” e “humor”. Cando o termo é humor a soas, fariase referencia a unha situación, resposta concreta ou ás características atribuídas a un material definido como humorístico, como os chistes. Con todo, para o sentido do humor, fariase referencia a “unha diferenza individual estable en todos os tipos de condutas, experiencias, afectos, actitudes e habilidades relacionadas coa diversión, risa, xocosidade e cousas así” (Martín 1998, citado por Carretero, 2005. p. 21). Na actualidade continúa sinalando a presenza do humor como afectividade xeral e humor como algo característico do gracioso e divertido. A definición do Webster’ S Third New Internacional Dictionary (1993, recollida por Roekelin, 2002 p.10) sería: Esa calidade dun suceso, acción, situación ou expresión de ideas que se ve emparellada a un sentido lúdico ou a unha incongruencia absurda; calidades do divertido ou cómico; a facultade mental de



descubrir, expresar ou apreciar o lúdico ou incongruente e absurdo das ideas, situacións, sucesos ou actos, o acto ou esforzo de ser humorísticos; algo, como un comportamento, un dito ou un escrito, que é ou non é designado como gracioso, humorístico.

Aínda que o humor e a risa se atopan relacionados, poderíase conceptualizar o humor como un estado amplo, interno e externo que pode manifestarse condutualmente na risa. A risa sería unha reacción psicofisiolóxica composta por unhas vogalizacións repetitivas, unha expresión facial facilmente recoñecible, uns movementos corporais característicos así como unha serie de procesos neurofisiolóxicos específicos como: cambios respiratorios e circulatorios, activación do sistema dopaminérxico e outros circuitos neuroquímicos; internamente por unha sensación subxectiva recoñecible e de carácter pracenteiro en maior ou menor medida. (Carbelo. B. e Jáuregui, E. 2006 p. 18).

Para Siruana (2014) resulta importante non confundir o humor coa emoción que suscita nin coa mera expresión da devandita emoción mediante a risa ou o sorriso. A súa definición do humor e doutros conceptos relacionados trata de acoutar e diferenciar as realidades, e baseándose nas propostas de Rod A. Martín (2008), ofrece as seguintes definicións:

- 1.- Humor:** Capacidade para percibir algo como gracioso, o cal activa a emoción da hilaridade, que se expresa a través do sorriso ou a risa.
- 2.- Hilaridade:** Emoción pracenteira relacionada coa alegría que se expresa mediante o sorriso ou a risa, provocada principalmente por algo gracioso que o humor é capaz de percibir, aínda que pode estar provocada por outras causas, como as cóxegas.
- 3.- Sorriso:** Expresión física de hilaridade de intensidade baixa (arquéanse os beizos).
- 4.- Risa:** Expresión física de hilaridade de intensidade alta (gargalladas moderadas) ou de intensidade moi alta (gargalladas estrepitosas).
- 5.- Graza ou comicidade:** Calidade dos seres vivos e cousas que, ao ser captada, provoca a emoción da hilaridade. A quen posúe esta calidade chámasele gracioso ou cómico.

Wenceslao Fernández Flores dicía:

“O humor é, sinxelamente, unha posición ante a vida. O humor cóllese do brazo da vida, cun sorriso un pouco melancólico... e esfórzase en levala ante o seu espello cóncavo ou convexo, no que as máis solemnes actitudes deforman ata un límite que non pode conservar a súa seriedade” (citado por Idígoras, 2004 p.1).

A risa é o camiño máis curto entre dúas persoas, di o Dalai Lama.

Se conseguimos estimular ou compartir un sorriso en consulta é moito máis fácil que esteamos engraxando os eixos que nos permitan axudar a solucionar as demandas, á vez que conseguimos “desdramatizar” o problema tal e como adoitan expresalo os pacientes, á vez que fertilizamos o terreo para traballar cos mesmos desde unha proximidade que nos pode permitir manobras terapéuticas ás veces máis arriscadas.

“Resulta importante non confundir o humor coa emoción que suscita nin coa mera expresión da devandita emoción mediante a risa ou o sorriso”.

2 Teorías do humor

Analizando as distintas teorías existentes, Martín Camacho (2003) e Siruana (2014) apuntan como dentro das teorías do humor se poden atopar máis dun cento delas e, en xeral, expoñen o tema en relación con pautas de interacción interpersonal e social, destacando:

- a) **A teoría da superioridade.** A risa pode xurdir ante unha persoa que sofre un contratempo ou un accidente ou presenta algún tipo de déficit ou dificultade á hora de expresarse, ou ten algún defecto. Sería a risa ante unha caída, un borracho ou alguén que padece un contratempo. Entre os autores que sostiveron esta teoría estaría Platón, Thomas Hobbes (1677) ou Fry (1968). Virían dicir algo así como que o home que ri doutro home colócase nunha posición de superioridade. Era un tipo de humor mostrado en televisión durante a ditadura e ata case finais do século pasado.
- b) **A teoría da incoherencia ou incongruencia.** O que xeraría a risa serían as incoherencias que xorden ao confundir niveis lóxicos ou ao mostrarse unha expectativa frustrada. O humor prodúcese pola asociación inesperada de dúas situacións ou ideas que non deberían aparecer unidas. A risa produciríase cando o que acontece sofre un cambio inesperado ou ilóxico que nos sorprende de modo repentino. O humor consistiría en saír da norma e a distorsión da realidade. Entre os seus seguidores sobresaen Immanuel Kant (1790), Shopenhauer (1918) e Soren Kierkegaard e máis recentemente, Golstein e McGhee (1972). Poderíamos lembrar aquí nalgúns momentos a Gila ou a Faemino e Cansado, co seu humor tan peculiar.
- c) **A teoría da xerarquía.** Expón que existe un chanzo ou unha xerarquía entre as persoas que están en situacións humorísticas, identificando as grazas ou pallasadas como unha competición entre dúas persoas. Sería o caso do pallaso listo e o parvo.
- d) **A teoría correctiva do humor.** Expón que, cando rimos de alguén ou algo mantemos a ese suxeito dentro dos socialmente esperado, sería unha forma de regulación social, e foi exposta nun principio por Bergson (1899).
- e) **A teoría da creatividade e expresión do enxeño.** Entenderíase o humor como unha manifestación de intelixencia e enxeño, polo que moitos chistes veríanse como un dilema onde a solución vén dada pola resolución ou o remate. O humor valeríase de regras fóra da lóxica habitual para causar unha interrupción no fluír do pensamento. Gila, uns días antes de falecer,

atopábase prostrado na cama e unha enfermeira estáballe dando unha masaxe nas dedas dun pé cando entrou un amigo na habitación e lle preguntou que facía. Gila respondeu: “deporte, xa ves”.

- f) **A teoría do xogo.** Esta teoría relaciona o humor coa actitude lúdica dos nenos libres. Entenderíase o humor como un xogo saudable.
- g) **A teoría da ambivalencia.** Postúlase que no humor pode haber situacións ambivalentes ou sentimentos incompatibles que se disputan a prevalencia.
- h) **A teoría da liberación.** Desde esta teoría postúlase que o humor é liberador para as persoas, proporcionándolle momentos de claridade e lucidez (Freud, 1929). O humor a través da risa facilita liberar as persoas de distintas condicións como a inferioridade, o conformismo, a seriedade, a redundancia, o egoísmo, a moralidade, a inxenuidade, a linguaxe e a razón (Mindess, 1980).

Outra posible clasificación aparece recollida por Idígoras (2004) no seu artigo “O valor terapéutico do humor” que, seguindo a Peter Berger, clasifica as manifestacións do cómico en:

- **Humor benigno.** Xorde cando a única intención do cómico é a diversión. Non supón unha ameaza e pode proporcionar unha sensación pracenteira.
- **Traxicomedia.** Fai aparecer a risa a través da tristeza. Pode entenderse como o humor entendido como consolo. Permite facer máis levado o sufrimento.
- **O enxeño.** Resulta da actividade lúdica da intelixencia. A comicidade xorde da unión do paradoxo e ironía en aspectos aparentemente inconexos que fan saltar a parte cómica.
- **A sátira.** Utilízase como modo de atacar a suxeitos ou grupos sociais empregando o humor. O seu fin é sinalar de modo agresivo.
- **A tolemia.** Inclúena no humor absurdo e aparentemente sen sentido.

3 Tipos de humor

Pódense atopar distintas definicións e liñas de traballo respecto dos tipos de humor e os seus efectos sobre a saúde, así como con resultados contraditorios á hora de relacionar as distintas variables (Boyle e Joss-Reid, 2004) ou o uso do humor en terapia (Dziegielwski, 2004; Dziegielewski, Jaciento, Laudadio e Legg-Rodriguez, 2003). Ante isto deberíamos preguntarnos: que tipo de humor é axeitado para fomentar as relacións terapéuticas, con que tipo de problemas e ante que tipo de pacientes? Calquera tipo de humor é beneficioso para a saúde física ou psicolóxica? Isto levaríanos a diferenciar distintos tipos de humor.

Como sinala Carretero (2005), varios grupos de investigadores tentaron definir os estilos de humor. Por unha banda, o grupo encabezado por Rod Martin (Kazarian e Martin, 2004), e o seu traballo deu lugar ao Humor Styles Questionnaires (HSQ), un instrumento de avaliación que tenta recoller os estilos de humor definidos polo devandito grupo. Este grupo postula que debe ser imposible distinguir na súa totalidade ou illar de maneira clara os estilos de humor, dada a superposición que se produce entre eles en certos casos. A continuación móstranse os distintos estilos propostos por Martin *et al.* (2003, citado en Carretero, 2005).

Humor como intensificador do eu:

- 1) **Humor agresivo.** Caracterízase polo emprego do sarcasmo, mofas, burlas e por poñer en ridículo ou humillar os demais. Úsase o humor sen ter en consideración o punto de vista do outro. Espérase que este humor agresivo poida relacionarse positivamente con dimensións psicolóxicas como a ira, a agresividade ou a hostilidade. Relaciónase negativamente coa amabilidade.
- 2) **Humor auto-intensificador.** Estaría relacionado co que se chama estilo de afrontamento humorístico, definido como unha visión humorística da vida, unha tendencia para rir do absurdo dos problemas e dos paradoxos e curiosidades do día a día. Abordaríanse os problemas desde un ton distendido e humorístico, aínda que non frívolo ou de evitación respecto dos problemas en si. O humor actuaría como un regulador emocional que reduciría a intensidade dos problemas. Aquí o interese estriba no efecto que ten a actitude humorística ante a vida por parte de quen a práctica, non tanto sobre aspectos interpersoais. Predinse relacións positivas coa autoestima e o benestar psicolóxico e relacións negativas entre este estilo e a ansiedade e depresión.

Humor como intensificador da relación cos demais.

- 1) **Humor de afiliación.** Viría ser o oposto do humor agresivo. Pode ser respectuoso cos demais, ten en conta a repercusión das mensaxes nos outros, o que produce maior cohesión do grupo e valoración positiva dos demais. Con este estilo de humor divírtese os amigos, compañeiros..., sen prexudicalos nin danalos, xurdindo as bromas espontáneas que facilitan a relación ou reducen as tensións que poidan aparecer nun grupo. Os suxeitos que practican este humor adoitan rir dos seus propios defectos e erros, á vez que manteñen un sentimento de autoaceptación. Este estilo de humor mostraríase relacionado positivamente coa autoestima, a satisfacción nas relacións, a extraversión e os estados emocionais positivos. As súas relacións negativas serían cos estados emocionais negativos.
- 2) **Humor autodestrutivo.** Caracterízase pola ridiculización ou autodenigración. O que o practica pretende facerse o simpático, agradar os demais, e para iso elixe facer bromas, contar chistes etc., á conta dun mesmo e dos defectos propios, permitíndolle ao resto do grupo as grazas e bromas contra un mesmo ou os seus defectos. Este estilo pode ser usado á fin de ocultar ou esconder sentimentos negativos presentes. Espéranse relacións negativas entre un humor autodestructor e autoestima.

Cando nos atopamos con pacientes que empregan o humor deste tipo, podemos facerllo ver e axudarlles a cambiar os seus pensamentos destorcidos e o seu estilo de humor.

Varios dos estudos publicados parecen validar algunhas das relacións propostas polo grupo de Martin (Martin *et al.*, 2003). O outro grupo de investigación que se centrou na especificación de estilos condutuais de humor é o dirixido por Craik e Ware (1998) e que tamén desenvolveron un instrumento de avaliación, The Humorous Behavior Q-sort Deck (HBDQ) (Crik, Lampert e Nelson, 1996). Craik e Ware (1998) propoñen cinco estilos de humor, baseándose nas teorías da reputación social e nas etiquetas verbais usadas para definir o comportamento das persoas:

- 1) **Estilo de humor socialmente cálido fronte a socialmente frío.** Tendencia a empregar o humor para favorecer unha boa interacción social, no polo positivo, e unha evitación ou frialdade respecto da conduta alegre, no polo negativo.
- 2) **Estilo de humor reflexivo fronte ao groseiro.** A capacidade para percibir o humorístico das ocorrencias dun mesmo ou dos demais, no polo positivo, e dun uso do humor caracterizado polo pouco tacto, ou a insensibilidade e competitividade no lado negativo.

- 3) **Estilo de humor competente fronte ao incompetente.** No polo positivo estaría a capacidade e habilidade para contar anécdotas humorísticas con éxito da audiencia; e unha falta de destreza á vez que de confianza para tratar con humor, no polo negativo.
- 4) **Estilo de humor aberto fronte ao reprimido.** Inclinação e gusto polos chistes e bromas que versan sobre os típicos tabús, no polo positivo, e a unha certa inhibición ou evitación do humor macabro, sexual e escatolóxico, no lado negativo.
- 5) **O estilo de humor benigno fronte ao mesquiño.** No lado positivo, gózase cun humor relacionado con actividades inofensivas ou cognitivamente estimulantes; pola contra, no negativo, céntrase no uso do humor para atacar e desprezar os demais.

Estas liñas de traballo marcadas por estes dous grupos de investigación parecen ir achegando datos esclarecedores e acoutando o tema de estudo. O estilo e tipo de humor de cada terapeuta será particular e seguramente máis próximo ao estilo autointensificador e de filiación e, seguindo a Craik e Ware (1998) centrariámonos nos polos positivos dos distintos tipos de humor: cálido, reflexivo, competente, aberto e benigno. Na medida en que teñamos un amplo e variado repertorio de estilos e sexamos capaces de captar cales son os máis apropiados en función do paciente ou da familia coa que traballamos, mellor irá.

Unha nai de dous adolescentes en tratamento por consumo de cannabis comentábame o difícil que lle resultaba parar as discusións entre os irmáns cando estaban a comer e, tras analizar as solucións infrutuosas tentadas, propúxoselle recorrer a comportamentos ilóxicos como levantarse da mesa e facer o grou mentres emitía un son de gato, ou poñer unha moeda dun céntimo diante do prato dun dos fillos e saír do comedor, ou outro calquera que se lle ocorrese. A nai comezou a poñer en práctica estas condutas, que ademais de darlle resultado para o cesamento das discusións, lle produciron unha grande alegría ao comprobar como podía comezar a cambiar algunhas condutas dos seus fillos na casa ou, polo menos, interrompelas.

4 O humor como recurso terapéutico

Un paciente con ideas obsesivas e hipocondríacas e con baixa autoestima relatoume o que lle sucedera dous días antes. Cando ía camiñando por un canellón escuro, á metade, viu un home ouriñando contra unha muro de pedra e, tras pasar ao seu lado, o home que miccionaba, sen cesar de evacuar líquido virou a cabeza e berroulle: “dáme o diñeiro”. O meu paciente, contrariado, recriminoulle duramente a súa actitude indicándolle que para atracar a alguén debía “curralo un pouco máis”; polo menos non estar mexando, portar unha arma, que menos que un coitelo e buscar a vítima e non esperar comodamente que pase ao seu carón. O atracador *amateur* quedou calado mirando para a cremalleira do seu pantalón mentres a pechaba e xa non foi quen de articular palabra. Despois deste comentario e unhas boas risas pola súa creatividade e resposta paradoxal da cal non parecía ser moi consciente, puidemos abordar de modo máis creativo as súas ideas obsesivas e como tentar cambialas. O paciente, tras o meu eloxio, fíxose consciente do seu enxeño, da rapidez na resposta e da posibilidade de confiar na súa creatividade máis a miúdo.



unsplash.com

©A.L.

O humor empregado en terapia debe ser positivo e construtivo, así como integrador e non agresivo, adaptado ao momento, ao paciente e ao estilo do terapeuta. Diversos autores recomendaron o uso do humor en psicoterapia, tanto pensando no paciente e na relación con el, como na propia saúde mental do terapeuta (Fry e Salameh, 1987, 1993, 2001).

Entre as utilidades do humor en terapia destaca como modo de mellorar a relación entre o paciente e o terapeuta, tanto á hora da redución de posible ansiedade por parte do paciente como á hora de crear un espazo de distensión.

Pedro, adolescente de 16 anos que acudiu “obrigatoriamente” á unidade, presentouse cunha actitude entre *pasota* e desafiante. Deixou caer que lle gustaba o rap e que ademais compoñía. Desde aí puiden comezar a pedirlle palabras que lle gustasen e rimasen, regalarlle outras que descoñecía, crear frases simpáticas e divertidas, para finalmente utilizar este recurso como vehículo de comunicación, intercambiar unha listaxe de novas palabras e temas que rimasen a fin de que “flipasen os seus colegas”. Unha vez establecida a canle, todo foi moito máis fácil e as sesións resultáronlle de utilidade a fin de manexar a súa ansiedade e a súa ira, ademais de enriquecer o vocabulario.

O humor pode favorecer un contexto onde sexa máis fácil e axeitada a expresión das emocións positivas, así como permitir a mostra de emocións negativas como a hostilidade ou a ira por parte do paciente. Noutras ocasións pode axudar a traspasar as defensas dos pacientes, facilitando que poidan expresarse sen sentirse ameazados.

Varios pacientes preguntáronme na primeira sesión, despois de ser informados do carácter voluntario do tratamento e do tema da confidencialidade, se o que estabamos a falar e o que ía anotando ía quedar ben gardado. En ocasións respóndolles que esa mesma mañá será enviada toda a información aos xornais e colgado na rede a fin de que todo o mundo o coñeza mellor. Normalmente, tras un sorriso, a entrevista continúa e non se volve repetir esta cuestión.

5 Aspectos positivos do humor

Aínda que existen algúns indicios do valor terapéutico do humor non se pode afirmar que “a risa todo o cura”, o cal non deixa de ser unha pena.

Os efectos terapéuticos mellor establecidos céntranse no beneficio psico-físico a curto prazo, máis ben de ámbito preventivo ou paliativo, como apuntan Carbelo e Jáuregui (2006). A risa diminúe o nivel de hormonas secretadas durante a resposta de tensión. Tamén aumenta a inmunoglobina A, que é un anticorpo que axuda ao sistema inmune. Por outra banda, tamén aumenta a tolerancia á dor. Incrementa o ritmo cardíaco, o pulso e estimula os órganos internos (Martin, 2002). Existe unha importante relación entre a risa e as endorfinas. O feito de rir produce unha relaxación xeneralizada que favorece a produción de endorfinas, o que supón un alivio físico e psíquico ao mesmo tempo (Rodríguez M., 2001).

O sentido do humor incrementa o bo ánimo que axuda a enfrontarse a unha enfermidade ou a previr unha depresión. Despois de rir, as persoas aprecian un benestar e unha relaxación muscular. O sentido do humor pode axudar a ter unha percepción subxectiva mellor da saúde. Pode axudar a reducir a tensión, aliviar o sufrimento,



expresar a agresividade e a ira, e así mesmo, serve como un mecanismo de defensa. O humor pode ensinar ás persoas a ser menos arrogantes e máis humildes, pode facilitar a relación cos demais dun modo máis distendido; rivaliza contra o medo ao ridículo, e pode axudar a buscar solucións aos problemas da vida cotiá.

6 Aspectos negativos do humor

En 1971, Lawrence Kubie escribiu un artigo, logo reiteradamente citado, mostrando as súas dúbidas sobre a utilización do humor en psicoterapia cando non a súa desaprobación. O humor en mans dun terapeuta inexperto pode ser potencialmente destrutivo para a propia relación terapéutica; así mesmo, pode ser empregado para evitar a comunicación de sentimentos dolorosos, estancando ou atrasando a evolución terapéutica. Pode xerar conflitos ou hostilidade no paciente se interpreta o humor como un sarcasmo ou unha falta de respecto cara á súa persoa ou grupo de procedencia. Noutras ocasións, se se permite empregar ao paciente un humor negativo ou auto-destrutivo, podemos axudar a cristalizar o problema no canto de colaborar na súa resolución. Se recorremos ao humor en exceso, pode crear dúbidas no paciente en canto á nosa seriedade e competencia e facilitar a perda de confianza no profesional. Kubie (1971) dicía que o humor podía ser unha forma de exhibicionismo a fin de evitar os aspectos dolorosos do sufrimento do doente.

Para que unha intervención humorística exerza o efecto desexado é conveniente previamente coñecer ao paciente, ter uns códigos comúns e significados compartidos, e debe pasar un tempo suficiente para minimizar os riscos dunha mala interpretación. Debemos evitar o sarcasmo e o uso abusivo do humor. Rirnos co paciente e non del, das situacións creadas ou expostas, a fin de buscar alternativas máis axeitadas. De todos os xeitos, se empregamos o humor con tento e prudencia nunha primeira sesión, pode ser de máis axuda á hora de solicitar información que causar algún tipo de problema e, se nalgún momento cremos que non foi oportuno algún comentario, broma ou chiste sempre podemos pedir sinceras desculpas mostrando a nosa proximidade e flexibilidade.

Hai varios anos, a cisterna do retrete da zona onde traballo tiña unha perda de auga e avisei os servizos técnicos do concello a fin de que enviasen un fontaneiro que procedese a solucionar o problema. Indicáronme que a media mañá pasaría polo lugar un fontaneiro. Ás 12.00 chamaron á porta e alí estaban dúas persoas con mono azul, un novo (aprendiz, pensei) e outro, próximo á xubilación. Tras saudalos, acompañei aos servizos e expliqueilles o problema. Atenderon os dous as miñas explicacións con suma atención pero como observei que viñan sen ferramentas, supuxen que só querían valorar o problema. Algo sorprendidos, saímos dos servizos e o de maior idade díxome que el viña falar co psicólogo, que tiñan unha primeira cita ás doce, e que viña acompañar ao seu fillo con problemas derivados do consumo de porros. Oh, cal foi a miña sorpresa! Efectivamente, ese día tiña citado un paciente novo a esa hora. O paciente e o seu pai saíron do taller familiar de “ferralla” e viñeron, sen quitar a funda do traballo, á consulta. Mil desculpas pedín sen saír do meu asombro. Aceptaron as desculpas, expliqueilles un par de veces a casualidade nas citas e puxémonos a traballar co paciente. Cada vez que acudía a consulta non podiamos deixar de sorrir ante as miñas tépedas e reiteradas desculpas. Por certo, ofrecéronse a arranxar o problema na cisterna se os operarios non o facían. Este é un caso do que continúo rindo cada vez que me acordo.

Non ten que pasar nada ante unha equivocación ou unha metedura de zoco que poidamos ter, á condición de que saibamos recoñecela e pedir sinceras desculpas tal e como nos gustaría que fixesen connosco se fósemos os doentes.

“Para que unha intervención humorística exerza o efecto desexado é conveniente previamente coñecer ao paciente, ter uns códigos comúns e significados compartidos, e debe pasar un tempo suficiente para minimizar os riscos dunha mala interpretación”.

7 Usos do humor en distintas orientacións terapéuticas

Todas as orientacións terapéuticas fixeron uso dun modo ou doutro do humor; paso a realizar unha breve descrición.

1.- O uso do humor en terapia psicanalítica:

Desde a psicanálise, o humor relacionouse co masoquismo e coa dinámica compulsiva, así como coas desordes do carácter. Freud (1905) no seu ensaio sobre o chiste e o inconsciente, presenta o humor como un mecanismo de defensa que utilizará a condensación, a simbolización, o desprazamento e a represión como vehículos onde se expresa o humor (Chazenbalk *et col.*, 2003). No mesmo ensaio describe a risa como unha descarga defensiva de tensións, provocada por sentimentos ou pensamentos asociados co odio e a sexualidade en situacións onde a expresión podería resultar inadecuada.

Buckman (1949, citado por Martin, 2003) considera que debe existir unha boa relación terapéutica antes da súa utilización, xa que a relación ente o paciente e o terapeuta determina o momento, o tipo e o uso do humor, debendo respectarse os tempos dos pacientes. Así mesmo, pode facilitar a exploración de temas dolorosos e conflictivos ao transcender as defensas do paciente, xa que o humor censura o súper-eu, potencia o funcionamento do eu para manexar e explorar mellor o inconsciente e, doutra banda, a sorpresa e a incongruencia permítelle ao humor executar o seu papel interpretativo e o seu uso pode orientar a transferencia e contratransferencia.

2.- O uso do humor en Terapias Cognitivas-Conduutais:

Segundo Koestler (1964), o propósito de incluír o humor e a risa na terapia de conduta é mostrar ao paciente unha nova forma de afrontar situacións que con anterioridade foron consideradas como un problema. Tamén resulta axeitado “mostrar ao paciente a utilidade de empregar e practicar o humor na súa vida cotiá” (Idígoras, 2004, p. 15).

A Terapia Racional Emotiva de Ellis (1977, 1983) emprega, entre outros métodos, o humor para interromper, cuestionar e alterar as ideas irracionais do paciente. Ellis expuña que moitas veces a perturbación emocional dos pacientes ten que ver con tomar a vida demasiado en serio, con esaxerar a importancia das cousas, a sensación de catástrofe, do horror e da atrocidade en todo o que ocorre. O humor pode axudar aos pacientes a rir de si mesmos e de aí a autoaceptarse cos seus puntos vulnerables, poñendo en evidencia algúns comportamentos autodestrutivos e pode axudar a desmontar o artificio da grandiosidade humana.

3.- O uso do humor en Psicoterapia Humanista:

C. Rogers considera que o recurso do humor resulta fundamental tras establecer as condicións básicas que el propón: comprensión empática, actitude de autenticidade e respecto incondicional.

4.- O uso do humor en Hipnoterapia Ericksoniana.

Milton Erickson tiña a capacidade de sintonizar co paciente e unha vez creado un vínculo co mesmo, mediante a utilización de contos, anécdotas, chistes, xogos de palabras, metáforas..., buscaba facilitar as ferramentas que o paciente, conscientemente ou non, ía utilizar para producir o cambio.

Gordon e Meyers Anderson (1981) analizaron e describiron o traballo de M. Erickson formulando tres xeneralizacións acerca da orientación básica do mesmo: a importancia do humor, da flexibilidade tanto do terapeuta como do paciente e a orientación ao futuro.

5.- O uso do humor en Terapia de Familia e Parella.

As intervencións humorísticas poden ter o propósito de incluír elementos inesperados ou sorprendivos. Unha redefinición do problema ou explicación humorística pode coller a familia por sorpresa de modo que o efecto da intervención se vexa amplificado polo impacto e o dramatismo da situación presentada. O terapeuta debe saber manexar o humor, a esaxeración, o absurdo ou aparentemente facer o ridículo; rir co paciente e non deste.

6.- O uso do humor en Terapia Gestáltica.

Dá prioridade esta terapia á necesidade de descubrir o obvio da realidade, que en moitas ocasións permanece escondido en modo de fantasías ou análises equivocadas. O terapeuta pode introducir o humor a fin de descubrir o obvio na terapia e na vida cotiá, mostrando ao paciente as caricaturas dos seus pensamentos erróneos, esaxerándoos para descubrir onde está o desaxuste e poder desmontalo (Idígoras, 2004).

7.- Terapia de grupo.

O terapeuta debe sentirse libre para poder rir cos seus pacientes. O humor pode axudar ao terapeuta para vencer as resistencias do grupo, facilitar a participación daqueles con menos habilidades para falar en público; favorece a cohesión do grupo. O humor na terapia grupal pode servir como regulador da ansiedade e atenuar a agresividade. Nos grupos que organizamos de prevención de recaídas, de habilidades sociais, de abordaxe da ansiedade ou con pais de pacientes adolescentes, adoita predominar un clima de tranquilidade e bo humor, que convida á participación de todos os asistentes e fai máis levadíos os programas para desenvolver.

8 Conclusións

Despois de revisar as diferentes definicións, categorías e usos do humor na psicoterapia creo pertinente concentrar algunhas das aprendizaxes froito da miña práctica profesional:

- 1) Empregar o humor en psicoterapia é máis fácil que escribir sobre como facelo. Moitos autores neste últimos trinta anos tentaron sistematizar a arte de utilizar o humor en psicoterapia, e mesmo crearon recursos, organizando cursos de aprendizaxe para terapeutas, así como tentando achegar datos científicos ao tema.
- 2) Tradicionalmente ensinouse aos psicoterapeutas a mostrarse serios, distantes, neutrais e reservados, así como a realizar unha análise detallada e desconfiada do que sucede. Tamén se nos ensinou a proxectar unha imaxe solemne e sombría sobre os nosos pacientes a fin de que non malinterpreten o que facemos. Isto dificultou, cando non impediu, empregar unha maior naturalidade, proximidade e creatividade por parte dos psicólogos e profesionais da saúde.
- 3) O humor positivo facilita ao ser humano o afrontamento dos problemas ao poñelos en perspectiva e relativizalos.
- 4) O humor terapéutico (Samaleh, 2004) pode converterse nun espazo para xogar coas distintas posibilidades de encontro entre a cognición, a emoción e a conduta que axudan no proceso de curación e de resolución de problemas.
- 5) Tanto na mística oriental como nalgunhas correntes psicolóxicas occidentais, unha disposición riseira considérase a característica dunha persoa altamente desenvolvida (Jáuregui, 2004).
- 6) O humor e a creatividade son importantes recursos que debemos desenvolver, potenciar e utilizar a fin de mellorar as nosas relacións e facer que a vida sexa máis pracenteira e divertida.

“O humor positivo facilita ao ser humano o afrontamento dos problemas ao poñelos en perspectiva e relativizalos”.

ANUARIO ABERTO

CASO CLÍNICO
COMUNICACIÓN LIBRE
TRABALLOS PREMIADOS
NAS XXII XORNADAS DE
PSICOLOXÍA E SAÚDE
DO COPG



CASO CLÍNICO

CANDO O ESPELLO É O TEU INIMIGO. TRASTORNO DISMÓRFICO CORPORAL

Cristina González Freire

PSICÓLOGA INTERNA RESIDENTE NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Inmaculada Sangiao Novio

PSICÓLOGA CLÍNICA

✉ cristina.gonzalez.freire@sergas.es

RESUMO: No presente traballo expónse o caso clínico dun paciente cun diagnóstico de Trastorno Dismórfico Corporal e de Trastorno da Personalidade por Evitación. O paciente presenta unha intensa preocupación por un defecto físico, a cal lle xera un malestar significativo e un elevado grao de interferencia no seu funcionamento diario. Leva a tratamento psicolóxico e psiquiátrico dez anos por devandito motivo cunha evolución desfavorable; aínda que previamente, durante o período infanto-xuvenil, xa precisara tratamento en saúde mental pola súa inhibición social e rexeitamento escolar. O tratamento psicolóxico utilizado neste paciente segue un enfoque cognitivo condutual cun formato tanto individual como grupal. Recentemente, tras un longo período a tratamento psicolóxico individual sen visos de mellora, inclúese o paciente nun Programa grupal de Adestramento en Habilidades Sociais, conseguindo con esta experiencia unha notable melloría.

PALABRAS CLAVE: Trastorno Dismórfico Corporal, Estudio de caso único, Tratamento cognitivo conductual, Terapia de Grupo.

ABSTRACT: In the present work, the clinical case of a patient with a diagnosis of Body Dysmorphic Disorder and Personality Disorder by Avoidance is presented. The patient presents an intense concern for a physical defect, which generates significant discomfort and a high degree of interference in their daily functioning. It leads to psychological and psychiatric treatment ten years for that reason with an unfavorable evolution; although previously, during the infant-juvenile period, he had already required treatment in mental health due to his social inhibition and school refusal. The psychological treatment used in this patient follows a cognitive behavioral approach whose format has been both individual and group. Recently, after a long period of individual psychological treatment without any signs of improvement, the patient is included in a group program of Social Skills Training, achieving with this experience a remarkable improvement.

KEY WORDS: Body Dysmorphic Disorder, Single case study, Cognitive-behavioral treatment, Group therapy.

SUMARIO:

- 1 Introducción.
- 2 Datos sociodemográficos.
- 3 Motivo de consulta.
- 4 Obxectivos.
- 5 Intervención.
- 6 Conclusións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- American Psychiatric Association (1994). *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders: DSM-IV-TR* (4ª Edición revisada). Washington DC: APA.
- American Psychiatric Association. (2013). *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders: DSM-5* (5ª Edición). Washington DC: APA.
- Phillips, K. A. (1991). Body dysmorphic disorder: the distress of imagined ugliness. *American Journal Psychiatry*. Vol. 148, 1138-49.
- Phillips, K. A. (1996). *The broken mirror: understanding and treating body dysmorphic disorder*. New York: Oxford University Press.
- Phillips, K.A. Body dysmorphic disorder (2001). *Somatiform and factitious disorders*. Washington: American Psychiatric Publishing.
- Morselli, E. (1891). Sulla dismorfofobia e sulla tafefobia: due forme non per anco descritte di Pazzia con idee fisse. *Boll R Accad Genova*. Vol 6, 110-9.
- Phillips, K. A. (2000). Quality of life for patients with body dysmorphic disorder. *J Nerv Ment Dis* Vol. 188, 170-5.
- Castle, D. J., Rossell, S., Kyrios, M. (2006). Body Dysmorphic Disorder. *Psychiatric Clinics of North America*, Vol. 29, 521-538.

CONTINÚA EN LA
PÁG. SIGUIENTE 

ESP
VERSIÓN

ART
INICIO

PUB
ÍNDICE

Sarwer, D. B., Wadden T. A., Pertschuk M. J.(1968). Body image dissatisfaction and body dysmorphic disorder in 100 cosmetic surgery patients. *Plast Reconstr Surg*, Vol. 101, 1644-9.

Phillips, K. A. y Díaz, S. (1997). Gender differences in body dysmorphic disorder. *Journal of Nervous and Mental Disease*, 185, 570-577.

Simeon, D., Hollander, E., Stein, D. J. *et al.* (1995). Body dysmorphic disorder in the DSM- IV Field Trial for Obsessive-Compulsive Disorder. *American Journal Psychiatry*. Vol. 152, 1207-9.

Veale, D., Gournay, K., Dryden, W. *et al.* (1996). Body dysmorphic disorder: a cognitive behavioural model and pilot randomised controlled trial. *Behav Res Therapy*. Vol. 34, 717-29.

Phillips, K. A. (2004). Body dysmorphic disorder: Recognizing and treating imagined ugliness. *World Psychiatry*. Vol. 3, 12-17.

1 | Introducción

O Trastorno Dismórfico Corporal consiste na presenza dunha intensa preocupación por un defecto físico imaxinario ou, se existe, a preocupación é excesiva (APA, 1994, 2013). Estes pacientes, en xeral, mostran unha elevada interferencia en diferentes áreas da súa vida: social, académica e laboral (Phillips KA., 1991, 2000). É frecuente que as persoas con este diagnóstico mostren comportamentos repetitivos que xorden como resposta á preocupación polo defecto: comprobar a anomalía ante o espello, evitar verse reflexado en superficies reflectoras, camuflar o defecto (maquillaxe, accesorios, postura corporal...), compararse con outros, buscar información tranquilizadora de achegados ou profesionais, aseo excesivo etc. (Castle, D. J. *et col.*, 2006; Phillips, K. A., 1996, 2000, 2001). Ademais estes pacientes adoitan acudir a consultas de cirurxía estética, demandando unha intervención cirúrxica que corrixa o seu defecto, tal e como sucedeu neste caso. A prevalencia do TDC nas consultas de cirurxía estética varía entre o 6% e o 15% (Sarwer, D. B., Wadden T.A, Pertschuk M. J, 1968). Con todo, este tipo de intervencións están contraindicadas nestes pacientes, pois raramente se amosan satisfeitos cos resultados da cirurxía; polo que é importante que os profesionais desta especialidade detecten os casos con esta psicopatoloxía subxacente (Phillips, K. A. e Díaz, S., 1997).

O trastorno foi descrito por primeira vez por Morselli a finais do século XIX, quen acuñou o termo de Dismorfofobia (Morselli E., 1891). Aparece por primeira vez na terceira edición revisada do manual DSM co nome de Trastorno Dismórfico Corporal. No DSM-IV-TR encádrase na categoría diagnóstica de Trastornos Somatomorfos (APA, 1994); mentres que, na última edición do manual, o DSM-V, trasládase á categoría de Trastornos Obsesivos Compulsivos e relacionados. A xustificación do devandito cambio é a similitude fenomenolóxica, etiopatolóxica, na comorbilidade e na resposta ao tratamento que existe entre o Trastorno Dismórfico Corporal e os Trastornos Obsesivo-Compulsivo (Simeon, D., Hollander, E., Stein, D. J., 1995).

O Trastorno Dismórfico Corporal é relativamente común, aínda que está infradiagnosticado. A súa prevalencia é do 2%, cunha distribución similar en ambos os sexos (Phillips, K. A. e Díaz, S., 1997).

En relación ao tratamento psicolóxico, a terapia cognitivo-condutual é o tratamento de elección para este tipo de patoloxía (Veale, D., Gournay, K., Dryden, W., *et al.*, 1996).

2 | Datos sociodemográficos

O paciente é un home de 29 anos, solteiro, cun nivel de estudos básicos. É pensionista por patoloxía psíquica e non ten ningunha ocupación.

Provén dunha familia cun funcionamento disfuncional e cun nivel socioeconómico baixo.

Actualmente vive no domicilio familiar coa súa nai, a parella desta e a súa irmá menor. A súa nai ten 53 anos, está divorciada e tamén cobra unha prestación por incapacidade por motivos de saúde mental. A súa irmá ten 21 anos e é estudante. O seu pai ten 50 anos e é camioneiro. Desde o momento da separación conxugal, apenas mantén relación co paciente.

3 Motivo de consulta

O paciente, con antecedentes de tratamento en Saúde Mental por dificultades en adaptación social e escolar, acode á Unidade de Saúde Mental cando tiña 18 anos presentando unha intensa preocupación por unha asimetría facial (leve desviación do maxilar inferior). Tamén manifesta outras preocupacións de tipo dismórfico (acerca do tamaño dos xenitais, alopecia...), aínda que estas eran transitorias e de menor intensidade. Como resposta á preocupación pola súa asimetría facial, o paciente mostraba os seguintes comportamentos: camuflaxe mediante a súa postura corporal (posición da cabeza abaixada e lateral), comprobación do seu defecto ante o espello, procura de información tranquilizadora sobre o seu defecto etc.

Ademais da sintomatoloxía dismórfica, refire condutas compulsivas de lavado dos xenitais. Tras a súa avaliación, estas consideráronse parte dun patrón peculiar de aseo, máis que unha compulsión de limpeza en si mesma. Doutra banda, tamén sinala preocupacións recorrentes de tipo hipocondríaco con frecuentes consultas en diversas especialidades, nas que non se obxectivan achados de patoloxía orgánica.

O funcionamento diario do paciente nas diferentes esferas da súa vida foise deteriorando paulatinamente. A nivel social, as relacións interpersoais e familiares estaban moi restrinxidas, chegando ao illamento social total durante longos períodos de tempo. O paciente apenas saía da casa, soamente o facía para acudir a consultas médicas, e cando o facía era acompañado da súa nai. Cando estaba fóra da casa, presentaba certa referencialidade non psicótica, tendo a sensación de que a xente observaba o seu defecto. A nivel escolar, o paciente logra finalizar, con dificultade, os seus estudos básicos. Con todo, tras eles, inicia repetidamente diferentes actividades formativas que non acaba concluíndo.

En relación á súa personalidade, detéctanse trazos disfuncionais de Personalidade Evitativa: inhibición social, hipersensibilidade á avaliación negativa, sentimentos de inferioridade e baixa autoestima.

Tras a avaliación do caso, considérase que a clínica presentada polo paciente é compatible cun diagnóstico de Trastorno Dismórfico Corporal e de Trastorno de Personalidade Evitativa, segundo o DSM-V.



unsplash.com
©Vince Fleming

4 Obxectivos

1. Aceptarse a si mesmo, tanto física como psicolóxicamente.
2. Adquirir recursos de afrontamento para manexar as súas preocupacións recorrentes e o malestar que estas lle xeran.
3. Reducir os síntomas asociados que xorden como resposta á preocupación.
4. Previr a aparición doutras condutas que poderían interferir na evolución do paciente: consumo de substancias, vigorexia, cirurxía estética compulsiva...
5. Conseguir maior grao de adaptación a nivel social, a nivel académico e a nivel ocupacional.
6. Mellorar a calidade de vida do paciente e o seu funcionamento cotián.
7. Adquirir e mellorar habilidades sociais que lle permitan establecer relacións interpersoais satisfactorias.
8. Promover a comunicación multidisciplinar entre os profesionais que atenden ao paciente (Atención Primaria, Saúde Mental, Cirurxía Maxilofacial...).

“Un dos principais determinantes do éxito da terapia foi a ampliación do foco no tratamento, indo así máis alá do síntoma concreto”.

5 Intervención

Como xa se comentou anteriormente, o paciente leva dez anos a tratamento psicolóxico e psiquiátrico nunha Unidade de Saúde Mental, mostrando unha escasa resposta terapéutica. En canto ao tratamento psicolóxico individual, o enfoque predominante da terapia é cognitivo-condutual. Por unha banda, utilizáronse compoñentes de corte cognitivo, reestruturación cognitiva en maior medida, co fin de poñer en cuestión as crenzas que o paciente ten acerca da súa imaxe corporal. Tamén se recorreu a técnicas de tipo condutual (exposición, activación condutual e exposición con prevención de resposta) para reducir os comportamentos repetitivos e condutas evitativas, previamente descritos, que xurdiron como resposta á preocupación polo defecto. A comunicación entre os profesionais que atendían o paciente foi un elemento esencial para a súa evolución. Un exemplo diso atópase no momento que o paciente consulta a Cirurxía Maxilofacial co fin de someterse a unha intervención cirúrxica que corríxese o seu defecto. Desde esta especialidade, tras contactar co Servizo de Saúde Mental para comentar o caso, desaconselláronlle a intervención pola complicación da mesma e porque se considerou que os resultados que se obterían non ían satisfacer as expectativas do paciente.

Ademais, realizáronse as derivacións oportunas a Asociacións de Trastornos Mentais Graves, co fin de que o paciente enriquecese a súa vida social e ocupacional.

A evolución do paciente non estaba a ser a esperada, o paciente mostraba pequenos avances con retrocesos posteriores. Con todo, recentemente propónselle a posibilidade de participar nun Programa grupal de Adestramento en Habilidades Sociais, dando así un xiro á súa evolución. A pesar da súa tendencia evitativa, o paciente acepta a proposta e comeza a asistir á terapia de grupo. O grupo estaba composto por 6 participantes (4 homes e 2 mulleres) mozos e adolescentes. Todos eles eran pacientes da unidade, cuns diagnósticos heteroxéneos, pero co déficit en habilidades sociais en común. O programa consistía en 8 sesións semanais de 2 horas, unha delas de seguimento un mes despois de finalizar o programa. Seguíase un enfoque cognitivo-condutual e abordábanse os contidos desde unha perspectiva de xénero. Os contidos traballados na intervención grupal foron os seguintes: psicoeducación sobre estilos comunicativos (pasivo, asertivo e agresivo), técnicas

de manexo de ansiedade (Relaxación Progresiva de Jacobson, respiración profunda e imaxinación positiva), terapia cognitiva (reestruturación cognitiva: identificación de distorsións cognitivas, identificación de crenzas, cuestionamento destas e procura de explicacións alternativas) e adestramento en habilidades interpersoais específicas (defender dereitos, comunicar opinións persoais, aceptar cumpridos, rexeitar peticións, afrontar críticas...). Para avaliar os efectos da terapia, administráronse os seguintes instrumentos: a Escala de Ansiedade Social do Cuestionario de Asertividade de Gambrell e Richey (Táboa 1 e Gráfico 1), que se administra antes e despois do programa, e un Cuestionario de Satisfacción, que se aplica ao finalizar a terapia. Os resultados obtidos polo paciente nas diferentes probas de avaliación, confirman unha notable melloría na área interpersoal tras a terapia de grupo. Despois do programa, o paciente retoma as consultas individuais de psicoterapia onde tamén se obxectivan cambios positivos: a nivel corporal, apreciouse no paciente unha postura máis ergueita e un ton de voz máis alto; a nivel social, o paciente estableceu vínculos relacionais con outros dos participantes do grupo; e a nivel ocupacional, comezou a asistir a unha das asociacións ás que se lle derivou con anterioridade sen éxito, co fin de iniciar actividades formativas e ocupacionais.

6 Conclusións

O caso descrito neste traballo é o dun paciente cun trastorno mental grave, cuxo funcionamento diario se vía fortemente interferido polo cadro que presentaba. A súa vida estaba totalmente invadida polo seu defecto físico. A evolución do paciente durante anos non era a esperada, a pesar de continuar a tratamento psicolóxico e psiquiátrico. Os factores que puideron contribuír a esta desfavorable evolución poderían ser: a falta de recursos de afrontamento persoais, a presenza de trazos de personalidade disfuncionais, o ambiente familiar disfuncional e a falta de apoio social.


Tras varios anos sen melloría significativa, inclúese o paciente nunha terapia grupal centrada no adestramento en habilidades sociais. Pásase entón de abordar individualmente os síntomas concretos polos que o paciente fai a demanda, a traballar de forma grupal sobre síntomas asociados, neste caso habilidades interpersoais. Os efectos da terapia grupal foron sorprendentemente satisfactorios. En conclusión, ao observar estes resultados, consideramos que un dos principais determinantes do éxito da terapia foi a ampliación do foco no tratamento, indo así máis alá do síntoma concreto.

Outro dos factores que consideramos que favoreceu a melloría do paciente foi o que supoñía esta terapia para el: acudir ás sesións grupais supoñía que romperse o seu illamento social; relacionándose con persoas que presentaban dificultades similares, o cal favorecía a identificación entre os membros do grupo; asumise a responsabilidade e o compromiso de acudir semanalmente ó grupo, aspecto que anteriormente non se conseguiu; e sobre todo, que tivese a oportunidade para establecer relacións persoais, nas que o paciente descubra que a visión que teñen os demais del dista considerablemente do seu propio autoconcepción.

TÁBOA 1 Escala de Ansiedade Social.
(Cuestionario de Asertividade de Ambrill e Riche).

PRE	POST
144	96

FIGURA 1 Escala de Ansiedade Social.
(Cuestionario de Asertividade de Ambrill e Riche).



COMUNICACIÓN LIBRE

APUNTAMENTOS PARA UNHA REFLEXIÓN PROVISIONAL SOBRE O MAL E A MELANCOLÍA

Fernando Colina Pérez

PSIQUIATRA EMÉRITO DO HOSPITAL
UNIVERSITARIO RÍO HORTEGA (VALLADOLID)

✉ fcolicoli@gmail.com

RESUMO: Plantéxase o problema do mal na melancolía e, por extensión, as relacións da loucura coa maldade. Seguindo as pegadas de Freud en "Doo e melancolía" preguntámonos pola maldade que pode desprenderse dun suxeito cando as relacións persoais e sociais están dificultadas, como sucede de xeito habitual nas psicoses. Conclúese definindo a maldade e independizando o ben e o mal dos determinantes inherentes ás neuroses ou ás psicoses.

PALABRAS CLAVE: Melancolía, mal, neurose, psicose.

ABSTRACT: The problem of evil is posed in melancholy and, by extension, the relationships of madness with evil. Following in the footsteps of Freud in "Duel and melancholy" we wonder about the badness that can be derived from a subject when their personal and social relationships are difficult, as usually happens in psychosis. It concludes by defining evil and separating good and evil from the determinants inherent in neurosis or psychosis.

KEY WORDS: Melancholy, evil, neurosis, psychosis.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Eagleton, T., *El mal*, Barcelona, Península, 2010.

Freud, S., "Duelo y melancolía", *Obras completas*, T. I, Madrid, Biblioteca Nueva, 1948.

Gaupp, R., *El caso Wagner*, Madrid, AEN, 1998.

Jackson, S. W., *Historia de la melancolía y la depresión. Desde los tiempos hipocráticos a la época moderna*, Madrid, Turner, 1989.

Kraepelin, E., *La locura maniaco-depresiva*, Madrid, Ergón, Biblioteca de los Alienistas del Pisuerga, 2012.

Leader, D., *¿Qué es la locura?*, Madrid, Sexto piso, 2013.

Rousseau, J.J., *Las ensañaciones del paseante solitario*, Madrid, Alianza, 2016.

Safranski, R., *El Mal o El drama de la libertad*, Barcelona, Tusquets, 2000.

Tellenbach, H., *La melancolía. Visión histórica del problema: endogeneidad, tipología, patogenia y clínica*, Madrid, Morata, 1976.

1 Moitos estudosos da melancolía admitiron, en menor ou maior medida, o egoísmo manifesto da tristeza. Tanto maior cando o desánimo supera certo grao de intensidade. Ó seu xuízo, o melancólico é alguén tan ocupado da súa culpa e de sí mesmo que polo seu propio exceso da mostras de que os demais deixaron de interesarlle e non contan na súa vida. Descoido que abre a porta á inmoralidade e á malicia.

As referencias a este suceso son unha constante na historia da cultura. Dende Cicerón, que aconsellaba ser moderado nos dós, para que ninguén puidera pensar que un se quería en exceso, ata Lacan, cando advirte que si alguén se sente moi culpable é sinal de que vai facer o que lle apeteza.

A melancolía, ó final, representa o fracaso do desexo, e a súa ausencia confróntanos directamente coa pulsión, é dicir, cunha forza non simbolizable e escindida en dúas enerxías opostas. Esta ambivalencia afástanos dos demais e disocia o ben e o mal, o amor e o odio, a bondade e a crueldade, a inocencia e a culpabilidade. Unha forza desdobrada que só se humaniza cando o desexo a civiliza e transforma a súa violenta dualidade nunha contradición menos antagónica, máis serea, nunha argamasa máis ligada e pacífica.

A pregunta sobre a maldade melancólica esténdese enseguida, segundo esta premisa pulsional, a tódalas formas de subxectivación nas que a presenza do desexo non é a protagonista principal. Todas as psicoses quedan por esta causa comprometidas ante a posibilidade de que o psicótico, polo simple feito de selo, se converta en alguén malo e inmoral. Cando o desexo se ve substituído por compoñentes pasionais ou pulsionais, menos integradores do próximo, cabe que se filtre o mal non interior da persoa con máis facilidade. A pulsión, polo tanto, é o representante psíquico do mal. A maldade melancólica pódese, entón, extrapolar ó resto das subxetivacións psicóticas, caracterizadas porque se rexen por relacións parciais que ignoran ó outro, o fetichizan, o someten ou o idolatran e o abordan dende unha profunda asimetría. Consciente, non obstante, de que incluso o mellor e máis maduro dos homes, no menos psicótico dos casos, o desexo non neutraliza nunca de todo o exceso pulsional que nos define.

2 Podemos adiantar, como inicio desta reflexión, os comentarios de Freud en *Dó e melancolía* acerca da posible maldade do melancólico. O estudio de Freud é dobremente útil, pola insólita novidade da súa análise e polas aporías que expón. Fiel ó seu estilo, vai acumulando dificultades e obxeccións á explicación sen renunciar as súas opinións previas, aínda que estas xa non coincidan de todo coas ideas que vai intercalando ó longo do seu discurso.

Freud formula primeiro a seguinte consideración:

“Cando na súa autocrítica [o melancólico] se describe como un home pequeno, egoísta, insincero e carente de ideas propias, preocupado sempre en ocultar as súas debilidades, pode en realidade aproximarse considerablemente ó coñecemento de sí mesmo, e neste caso preguntámonos por que tivo que enfermarse para descubrir tales verdades, pois é indubidable que quen chega a tal valoración de sí mesmo e a manifesta publicamente está enfermo, xa diga a verdade, xa se calumnie mais ou menos”.

Do comentario podemos deducir que a valoración de sí mesmo é correcta, é dicir, que é un home máis ou menos malicioso, aínda que a manifestación morbosa, dende o punto de vista clínico, non descansa directamente na malevolencia senón non feito de que non a intente ocultar, avergonzado ou pudoroso, como faría calquera outro home non seu lugar. A publicidade, nesta primeira aproximación, é o que define a enfermidade, pero a maldade dáse por corroborada.

Agora ben, a fila seguida, Freud prosigue cos seus comentarios:

“Non é tampouco difícil de observar que entre a intensidade da autocrítica do suxeito e a súa xustificación real, segundo a nosa estimación do mesmo, non existe correlación algunha”.

Agora matiza o problema, incluso case se desdía. O paciente non descubriu unha verdade, é dicir, o seu “egoísmo” e a súa “insinceridade”, segundo acababa de propoñer, senón que deforma a realidade, como agora afirma. Esaxera e non hai obxectividade. O que o pon a salvo e non lle obriga a perder a súa magnanimidade.

A deformación da súa condición interior estendese ó seu remordemento:

“Comprobamos o feito singular de que o enfermo melancólico non se conduce como un individuo normal, angustiado polos remordementos. Carece, de feito, de todo pudor entre os demais, sentimento que caracteriza o remordemento normal. No melancólico observamos o carácter contrario, quérese dicir o desexo de comunicar a todo o mundo os seus propios defectos, como se nese rebaixamento encontrara unha satisfacción”.

Así pois, é a exposición dos defectos e a satisfacción que encontra niso o que define o seu malestar, máis que a realidade ou falsidade das súas deficiencias.

Para corroboralo, engade esta aparente conclusión:

“Así pois, carece de importancia que o paciente teña ou non razón na súa autocrítica, e que esta coincida máis ou menos coa nosa propia opinión da súa personalidade. O esencial é que describe exactamente a súa situación psicolóxica. Perdeu a propia estima e debe ter razóns para elo”.

Esta idea resume a súa conclusión: o de menos, polo tanto, é si a súa maldade é ou non real, senón que simplemente describe a súa situación anímica de perda de estimación. A nosa pregunta sobre a maldade, en certo modo, non ten lugar na súa reflexión, non é pertinente, non compromete ó que lle interesa do melancólico. Non é unha pregunta freudiana.

Porén, Freud volve á carga e introduce un comentario inquietante:

“[...] e debe ter razóns para elo”. As razóns parecen apuntar a unha inversión –esta si-tipicamente freudiana. Imos ler a súa célebre frase: “Estes reproches proceden do pro e do contra do combate amoroso, que conduciu á perda erótica. Tamén a conducta dos enfermos se nos fai agora máis comprensible. Os seus laios [Klagen] son acusacións [Anklagen]”.

Esta idea esperta dous tipos de comentarios. O primeiro, céntrase nunha ausencia, na curiosa circunstancia de que Freud, que ven de cuestionar a veracidade dos lamentos do melancólico, non formula ningunha pregunta sobre a veracidade das acusacións. Non entra na consideración de si as acusacións están xustificadas ou non. É dicir, se son certas, en canto merecidas polo acusado, ou son simplemente proxeccións da súa propia valoración, dálle prioridade á obxectividade e ó necesario respecto dos demais. É certo que Freud raramente valora psicoloxicamente o entorno do paciente, e limitase a análise do conflito interno, pero non por elo se deixa botar de menos algún xuízo sobre a verdade e o merecemento das acusacións para enlazarlle así coa presunta maldade, estimada e desestimada á vez, nos parágrafos precedentes.

Por outra parte, a elección da proxección –introxección– como explicación principal remítenos ás limitacións de Freud na interpretación das psicoses. Ó igual que fixo non caso do delirio ou da alucinación, para analiza-la melancolía Freud volve ó seu recurso favorito, o proxectivo, que ao noso xuízo pode dar conta dos casos máis neuróticos de depresión pero dificilmente da melancolía psicótica. O baleiro e a soidade melancólicas non se reduce a proxeccións nin se alivia con elas. De feito, non hai moito que proxectar. A solución paranoica do melancólico, onde a culpa non é nada máis que a deformación culposa dunha vítima inocente, confúndenos, máis que outra cousa. O outro acaba sendo culpable da miña culpa e recibe a miña oculta acusación.

Para rebaixar a virtual maldade do melancólico contamos tamén con outra matización freudiana:

“Non podemos estrañar que entre estes reproches, que corresponden a outra persoa e que volven cara o eu, existan algúns referentes realmente ó eu; reproches cuxa misión é encubrir os restantes e dificultar o coñecemento da verdadeira situación”.

É dicir, que incluso os reproches referidos a un mesmo, que se supón potencialmente adecuados ó merecemento obxectivo do melancólico, en realidade non son máis que disfraces que lle axudan a confundir e distraer a atención do odio reprimido que sente contra o outro e que só admite a condición de re dirixilos cara si.

“Os reproches referidos a un mesmo, (...) en realidade non son máis que disfraces que o axudan a confundir e distraer a atención do odio reprimido que sente contra o outro e que só admite a condición de redirixilos cara si”.

Se nun primeiro momento a Freud lle inqueda a posible obxectividade dos defectos que o melancólico aprecia en si mesmo, agora preocúpalle o posible encubrimento do exceso acusatorio co que xulga ó resto. En calquera caso, o melancólico non escapa dese círculo onde maltrata ó outro ou se maltrata a si mesmo, sen que saibamos canto corresponde a cada un.

Entendemos agora que, baixo o efecto da pulsión, ese impudor manifesto que non o cohibe á hora de exhibirse como alguén indigno ante os demais, que se asocie sen aparente contradición á vergonza que tamén experimenta de saír á rúa e mostrarse ante os demais, ós que no seu foro interno non deixa de acusar. Deste modo, mediante un pudor máximo e un impudor extremo mostra as dúas caras da forza pulsional.

3 Trala formulación *freudiana* volvemos á nosa pregunta inicial. Queremos coñecer se debemos aceptar ou non que o melancólico, ou o louco en xeral, sexa un home inmoral, con un supereu débil e suxeito a relacións persoais parciais, é dicir, asimétricas, marcadas pola dependencia máis ou menos simbiótica ou pola distancia autista. Relacións que tenden a baleirar a subxectividade do outro e a utilizalo máis que a desexalo ou querelo. Relacións que, por outra parte, se aveñen pobremente coa responsabilidade e, ou ben se posicionan na inocencia victimista, ou se culpabilizan en exceso esquecéndose do próximo.

Por outra parte, a posible resposta a estes comentarios condúcenos a outra formulación do problema. Non acertamos a saber se o melancólico é vítima do mal ou axente do mal. Se perde a súa saúde, ou a súa tranquilidade ó menos, a causa do mal alleo ou ataca ó outro causándoo. Aínda que tamén podemos concibir que se dan os dous feitos á vez. Do mesmo modo que entendemos os síntomas como un déficit pero tamén como un intento de curación, podemos compaxinar no melancólico o mal xerado co mal padecido. Ambos son as dúas caras xánicas dun mesmo suxeito. Ó fin e ó cabo, o suxeito que foi mal querido adoita responder na vida cun malquerer. Como se fora un simple transmisor do mal, e non tanto o seu causante, case como na Antigüidade a responsabilidade xudicial se herdaba de pais a fillos.

O suxeito melancólico é bo e malo, pero dun modo extremo e alternante, sen que un aspecto neutralice sempre que poda ó contrario. Non sería tanto bo e malo á vez, segundo unha mestura persoal que normalmente non identifica, como bo nunhas ocasións e durante un tempo e malo noutras circunstancias e momentos, de forma dissociada e moralmente incompatible. A escisión do ben e do mal é a que rexe a súa moral. Un maniqueísmo interno determina a escena. Aspecto que non debe sorprendernos, pois ó longo da historia a melancolía sempre mostrou ese dobre rostro que define a súa aparencia. Recordemos que



unsplash.com
©Sydney Sims

na tradición clásica había unha melancolía salutífera e outra mortífera, unha anxélica e outra demoníaca, unha amorosa e outra odiosa. Este dualismo é constante, e provén da súa facilidade para cubrirse de distintas máscaras ou forzar diferentes dobraduras na súa manifestación.

Ó fin, o que se suscita é o mesmo que Freud chama disociación ou ambivalencia melancólicas. O melancólico é vítima ou culpable, ou o un ou o outro, non unha mestura simultánea dos dous. Acusa ó perseguidor do que se sente vítima, ou laméntase pola súa culpa propia. É dicir, adopta indistintamente a posición paranoica ou a melancólica, pero disociadas. A disociación melancólica, entón, viría a dicir que os laios e as acusacións alternáanse, aínda que o fagan baixo un disfrace específico. É o fondo paranoico da melancolía, tan destacado por Freud nas súas acusacións e a súa solución depresiva, pero tamén representa o fondo melancólico que subxace, cos seus ingredientes de soidade, inhibición, baleiro pulsional e goce, na paranoia mesma. Ó fin, melancolía e paranoia constituirían unha sociedade inseparable. As formas mixtas máis convencionais e clásicas de psicoses, como son a esquizo-paranoide e a esquizoafectiva, teñen na súa base unha terceira combinación, melancólico-paranoide, que da conta da bondade e maldade de cada psicótico. A moral do suxeito encontra nese escenario a súa dramaturxia principal.

4

Pero antes de decidir sobre a relación do psicótico co mal, conviría dirimir que entendemos por tal. De onde ven, en que consiste, quen o creou. Ante nosoutros temos dúas opcións, ou o consideramos un mal radical, substancial, existente por si mesmo, ou estamos ante a testemuña dun déficit, dunha carencia de ben. O dilema ocupa o primeiro plano da reflexión occidental e non parece admitir unha solución tranquilizadora.

Dende o punto de vista teolóxico, a defensa de deus sae sempre malparada e esixe solucións incómodas e moi especulativas. Pois, ou se defende a hipótese maniquea, onde o mal ou o ben se enfrontan en igualdade de condicións, o que limita a suposta omnipotencia divina, ou se acepta que a divindade non é tan boa como se supón e autoriza pasivamente a perversidade humana. É dicir, o deus non é tan forte como se cre, e ten ante si un inimigo equipotencial, o deus é indiferente ó sufrimento dos homes. Debate que corre paralelo á disquisición, máis afastada dos nosos interrogantes pero sutilmente enlazada, en torno á disputa teolóxica sobre se nacemos en pecado ou limpos de faltas, ou sobre se a Gracia e o Perdón o recibimos de forma gratuíta ou en función dos nosos merecementos.

Dado que, nos orixes do cristianismo, a igualdade de poderes era indefendible e atentaba contra a esencia mesma do monoteísmo, o maniqueísmo relixioso foi perseguido con saña ata o seu exterminio. Para desprazalo recorreuse a distintos argumentos. Os teólogos e filósofos comezaron a falar do mal como carencia de ben, como propensión ou como prezo a pagar pola liberdade da que facemos gala. Argumentos, todos eles, que salvan a idea omnipotente de deus pero nos deixan sen explicación suficiente. Nin sequera recorrendo á distancia óptica que separa a deus da criatura, como explicación das nosas faltas, poñemos a salvo a posibilidade de que a alma fora precipitada inxustamente na desgracia.

En realidade, non existe ningunha resposta convincente. Nin sequera baixo a opción laica, apartando a deus da escena para que a súa maxestosidade quede a salvo, obtemos unha explicación satisfactoria. O mal permanece baixo unha existencia inintelixible e inescrutable. Non só dende o punto de vista relixioso, polo tanto, senón que dende calquera explicación profana o dilema resulta irresoluble. Os homes “matan por gusto”, foi a conclu-

“O mal permanece baixo unha existencia inintelixible e inescrutable. Non só desde o punto de vista relixioso, polo tanto, senón que desde calquera explicación profana o dilema resulta irresoluble”.

sión de Séneca. En xeral, a reflexión secular limitábase a depositar na pulsión, como forza cega e ambivalente da humanidade e núcleo sado-masoquista da vida, a orixe dos males da especie: crueldade, crime, escravitude, violencia, cobiza ou soberbia, por enunciaren os vicios máis significativos. Defectos que se esgrimen con ruído e aparatosidade ou ben de maneira xorda, calada e silenciosa, ó modo como danan e tiranizan as ideas.

Cando non se recorre directamente ó efecto da pulsión, as explicacións ordénanse en torno a dúas nocións morais inseparables da nosa condición humana: a culpa e o castigo. Tanto a Pandora pagá como a Eva cristiá o testemuñan coas peripecias mitolóxicas do seu personaxe. A súa aventura deposita o segredo da bondade e as virtudes humanas. Entendida como fonte do desexo, a culpa é a testemuña da moralidade mentres que o castigo o é de finitude, limitación e humildade. Deste modo mergullámonos na contradición principal, pois os mesmos elementos que dan conta da presenza do mal, como o son a culpa e o castigo, resultan se-los mesmos que o combaten sobre a marcha, pois manteñen o desexo vivo e neutralizan a maldade pulsional. A culpa e o castigo condénannos pero sálvannos.

Outra xustificación do mal encontrámola tradicionalmente na debilidade. Como tal lémosa en Rousseau, por poñer, entre tantos outros, un exemplo singular:

“Toda perversidade provén da debilidade -escribe Rousseau-; o neno si é malo, é porque é débil; polo tanto, si se lle da forza será bo; o que o puidese todo nunca faría nada mal”.

Con todo, a fragilidade do psicótico pódenos explicar, sen dúbida, a causa suficiente da súa potencial maldade, pero en absoluto nos sitúa ante a súa necesidade. Tamén neste extremo a vontade do psicótico queda a salvo, estreitada, polas súas circunstancias psicolóxicas, pero non anulada. Como ante calquera outro suxeito, fronte ó psicótico pensamos, ó modo relixioso, en alguén seducido polo mal pero non corrompido dende o seu fundamento moral.

5

Así as cousas, no caso das psicoses, onde o desexo, a culpabilidade e a facilidade no trato social se espesan, a pregunta sobre a maldade tropeza cunha dificultade inquietante. Condenar por principio ás psicoses ó mal é inxusto e ademais irreal, como se desprende do trato diario. Pero defender, ó contrario, a súa capacidade para o ben e os lazos humanos esperta igualmente unha relativa dificultade. A fin de contas, a clínica das psicoses entendémola como unha axuda dirixida a potencia-las capacidades do suxeito para o ben, isto é, para dotalo de instrumentos que o faculthen á hora de xestionar o seu desexo, administra-la culpa e comprometerse nas relacións humanas. Entendemos de feito a rehabilitación ou o tratamento, desde este punto de vista, como unha capacitación para evitar o mal e exercer-la virtude que, en principio, coincide coa posibilidade de desfrutar dunha dinámica espontánea e áxil do desexo que nos facilite a relación co próximo.

En suma, o psicótico non é alguén en principio malo, senón un cidadán cunhas dificultades especiais para practicar o ben. Por iso, a súa maldade ven a coincidir co resultado das reflexións máis teóricas e filosóficas, que lle explican como carencia do ben, pois a súa hipotética maldade non ten por que ser específica ou máis nuclear que a de calquera outro suxeito, senón a dunha persoa cunha dificultade sobre engadida, cunha falta de ben de índole particular.

Certo que o psicótico caracterízase polo seu narcisismo e por unhas relacións persoais que, psicoanaliticamente falando, cualificamos de tipo parcial ou prexénital, pero iso non o volve especialmente malo. Ó sumo, encorsétao dentro duns límites sobre o ben que non sabe, non pode ou simplemente non acerta a causar. Unha vez máis, é a ca-

“Entendemos a rehabilitación ou o tratamento como unha capacitación para evitar o mal e exercer a virtude que, en principio, coincide coa posibilidade de gozar dunha dinámica espontánea e áxil do desexo que nos facilite a relación co próximo”.

rencia de ben, que se resta dun sumando ideal, o que define a maldade psicótica. Pero esa diferenza pode ser moito máis elevada, cruel ou cargada de odio nunha persoa non psicótica, meramente neurótica, si se elixe este termo para designar o non psicótico, é dicir, todo aquilo que hoxe confusa e inxustamente identifícase coa normalidade.

Ó cabo, sempre se dirimirá se o psicótico é causa ou vítima do mal. A súa participación causal ou culposa remite obrigatoriamente a unha hipótese transxeracional, onde o desexo non é máis que o resultado dunha relación paterna que o precede e que o marca baixo un designio de predeterminacións alleas. Ante o mal cabe trasladala mesma reflexión que Kafka aplica á culpa nunha carta a Milena datada o 2 de setembro de 1920:

“Por suposto tes a culpa, pero tamén a ten o teu marido, e novamente ti e novamente el, xa que non pode ser doutro modo na convivencia humana e a culpa apílase nunha sucesión infinita, ata chegar ó pecado orixinal”.

Con todo, hai una maldade gratuíta que non pode ser xustificada nin cuantificada con facilidade. Ó fin e ó cabo, exércese o mal simplemente porque se practica, porque forma parte das nosas capacidades activas. Non pode ser doutra maneira dende o momento que consideramos o mal como resultado dun simple belisco dado ó ben. Posto que o ben absoluto é inalcanzable, todo nesta vida queda tinguido de mal, sumido nun ambiente onde o psicótico non resulta nin excluído nin privilexiado nun reparto potencial.

6

Hannah Arendt, na súa análise do proceso de Xerusalén contra Eichmann e outros responsables do xenocidio xudeu, defendeu que se ben Eichmann non era estúpido, e si máis ben alguén irreflexivo, tampouco parecía un ser diabólico. Esta impresión, moi criticada no seu tempo, permitiulle falar da banalidade do mal, entendendo que se pode ser moi malo, incluso o maior criminal do seu tempo, sen ningún atributo especial. Do mesmo modo, o ben tamén existe por inercia, sen necesidade de recorrer para a súa explicación a unha virtude superior ou a unha vontade orixinal. Ó fin e ó cabo, exercemos o ben de forma gratuíta e involuntaria. Despregámolo, dito de xeito sinxelo, porque si, sinxelamente porque pensamos, actuamos e vivimos, porque no noso desenvolvemento está incluída a capacidade para forxar unha identidade e reparar o necesariamente destruído nese acto creativo.

O impulso reparador condúcenos directamente ó ben, sen necesitar outros impulsos morais. A banalidade do ben chega por si mesma. As virtudes teoloxais, as cardinais e as obras de misericordia aplícanse en principio sen reflexión nin meditación previa, tan só mediadas pola educación, a cultura e o nó dos desexos familiares. A relixión doutrinal é a duras penas necesaria ou, mellor dito e sen rodeos, innecesaria para o uso da bondade. O psicótico, neste sentido, é tan bo e tan malo como calquera outro suxeito particular. Incluso cos seus escasos recursos, de identidade e trato social, practica o ben de modo natural. Dado que o ben é simple carencia de mal, chega con que este se retire un pouco ou retroceda para que a vontade do psicótico, como a de calquera outro suxeito sometido a diferentes formas de subxectivación, resplandeza.



unsplash.com
©David von Diemar

7 Así as cousas, o mal e o ben opóñense e confúndense, distorsiónanse ou equipoténcianse á marxe das diferenzas subxectivas. A súa dependencia máis estreita non ven determinada pola estrutura subxectiva, sexa psicótica o neurótica, senón que se cerne, como no melancólico de Freud, en torno ó posible equilibrio entre os sentimentos de culpa e de inocencia.

A soidade e o desamparo son capaces tanto de intensificar a culpa como de potencia-la inocencia. Ambos poden nacer espontaneamente ó xurdir das defensas e xustificacións da unha e da outra. Ambos, tamén, pivotan ó unísono en torno á dor, que é o principal distribuidor da moral do home. Sófrese por ser inocente e para deixar de selo. A dor propia e a allea fannos sentir culpables ou nos desculpan do todo. Pero, á súa vez e en sentido contrario, o sufrimento descúlpanos e outórganos o dereito de ser amados. “Sufro, logo debo ser querido”; “encóntrome mal, logo alguén é culpable”, rezan algunha das fórmulas morais máis sinistras que nos inflúen de continuo.

Hai que atribuír á debilidade e á dependencia extrema da nosa infancia o que nos volvamos reféns dos demais e nos convertamos en fillos da dor, o temor, a separación e a liberdade, poleas vitais que tensan de continuo a corda moral entre a culpa e a inocencia. Somos culpables ou somos vítimas. Mellor aínda, somos vítimas culpables en orixe, causantes e sufrintes do mal, malfeitores e damnificados, aínda que polas circunstancias de cada momento, ou por tendencia persoal, nos inclinamos a sentirnos máis próximos dun ou doutro lado, como lle sucede ó melancólico freudiano.

Agora ben, igual que hai unha culpa orixinaria hai unha inocencia natural que encarna singularmente a figura de Job. Somos vítimas directas da dor de existir e da separación. E como vítimas lexitimámonos ante a dor que se nos causa e preparámonos para exercer-lo mal e agredir a quen nos rodea. Agredimos ou agredímonos coa nosa dor.

Somos debedores dos demais ou acredores incansables dunha inxustiza cometida e un dereito violado. As lamentacións son sempre acusacións e as acusacións non deixan nunca de ser reproches contra nós mesmos. Non só os melancólicos senón que todos intercambiamos os papeis cando nos convén. Somos vítimas e culpables por ser creados e aleitados. Sen máis motivos. A culpa e a inocencia precédenos no mesmo grao. Non somos sen culpa nin acusación, que se alternan, compaxinan e retroalimentan como a vinganza e o perdón. A unha sucede á outra sen que nunca cheguemos a pescudar quen é a primeira.

Nesta orde de cousas, o drama de Job representa a traxedia universal do home, sempre preso entre a melancolía e a paranoia. Job laméntase indistintamente desta melancolía:

“Repúgnalle o meu alento á miña muller, dou noxo aos meus fillos”; “Por iso me retracto e arrepiño deitado sobre o po e a cinza”. Como rabia dende a paranoia: “Que é o home para que o enxalces, para que te ocupes del, o visites cada mañá e a cada instante o probes?”; “Por que me elixiches como branco e hei de ser para ti una carga?”.

8 Os homes somos malos ou bos en función do equilibrio entre culpa e inocencia, entre melancolía e paranoia. Sono os neuróticos e sono igualmente os psicóticos, que oscilan á súa maneira entre o ben e o mal, a liberdade e a responsabilidade, a alegría e a tristeza.

“Hai que atribuír á debilidade e á dependencia extrema da nosa infancia o que nos volvamos reféns dos demais e nos convertamos en fillos da dor, do temor, da separación e da liberdade, poleas vitais que tensan de continuo a corda moral entre a culpa e a inocencia”.

COMUNICACIÓN ORAL

TRABALLO PREMIADO NAS XXII XORNADAS
DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

PROTOCOLO DE AVALIACIÓN PSICOLÓXICA EN DOR CRÓNICA: RESULTADOS E PROPOSTAS

Eduardo Martínez Lamosa

PSICÓLOGO CLÍNICO

✉ edu.ml@hotmail.com

Amador Estévez Serantes

PSICÓLOGO CLÍNICO NO COMPLEXO HOSPITALARIO
UNIVERSITARIO DE FERROL

✉ amador.estevez.serantes@sergas.es

RESUMO: **Obxectivos:** describir os resultados dun protocolo de avaliación psicolóxica en doentes con dor crónica candidatos a implantárselle un neuroestimulador, e analizar o grao de beneficio tras a intervención.

Método: recolléronse datos das historias clínicas acerca do estado de "apto" ou "non apto" para a implantación e a evolución posterior.

Resultados: unha cuarta parte dos pacientes refuseron o implante, outra cuarta parte foron considerados non aptos e a metade restante foron intervidos. Destes, máis da metade víronse claramente beneficiados da técnica.

Conclusións: o protocolo de avaliación psicolóxica é unha ferramenta útil para estudar o axuste entre o perfil psicolóxico e a idoneidade do tratamento.

PALABRAS CLAVE: dor crónica, neuroestimulación, avaliación psicolóxica, eficacia, selección de pacientes.

ABSTRACT: **Objective:** to outline the results of a psychological assessment protocol for chronic pain patients who are candidates for neurostimulation implantation, and to analyse how much they have benefited from it.

Method: data about the patients' pass or fail outcome and the subsequent clinical course were retrieved from their medical records.

Results: a fourth part of the patients declined to be implanted, another quarter were not considered eligible for the technique, and more than half of the cases have clearly benefited.

Conclusions: the psychological assessment protocol is a useful tool to examine the match between the psychological features and the suitability to the intervention.

KEY WORDS: chronic pain, neurostimulation, psychological assessment, effectiveness, patient selection.

SUMARIO:

- 1 Introducción.
- 2 Material e método.
- 3 Resultados.
- 4 Conclusións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Castel-Bernal, B., De Felipe, V. y Tornero-Molina, J. (2006). *Evaluación psicológica n dolor crónico*. Reumatología Clínica, 2 (1): 44-49.

Gallach-Solano, E., Canós-Verdecho, M.A. y Morales Suárez-Varela, M. (2016). Protocolo psicológico para la evaluación de candidatos a implante de neuroestimulador. *Revista de la Sociedad Española del Dolor*, 23 (6), 307-315.

Merayo, L.A., López-Millán, J.M. y Sánchez-Blanco, C. (2006). Evaluación y preparación psicológicas de los pacientes candidatos a terapias implantables para el tratamiento del dolor crónico. *Revista de la Sociedad Española del Dolor*, 14 (8), 589-602.

Sparkes, E., Duarte, R., Mann, S., Lawrence, T. y Raphael, J. (2015). Analysis of psychological characteristics impacting spinal cord stimulation treatment outcomes: a prospective assessment. *Pain Physician Journal*, 18: 369-377.

Torrallba, A., Miquel, A. y Darba, J. (2014). Situación actual del dolor crónico en España: iniciativa "Pain Proposal". *Revista de la Sociedad Española del Dolor*, 21 (1): 16-22.

1 | Introducción

Defínese como dor crónica aquela dor persistente e que se resiste aos tratamentos médicos convencionais. Calcúlase que un de cada seis españois sofre dor crónica, o que supón un gran problema de saúde pública que causa un intenso sufrimento e importantes perdas económicas directas e indirectas para os individuos afectados e a sociedade.

As técnicas de neuroestimulación eléctrica constitúen unha estratexia de tratamento da dor crónica refractaria a outras terapias. Agora ben, a selección indiscriminada de pacientes relaciónase cun maior número de fracasos do implante. A avaliación psicolóxica é un procedemento clave na selección de candidatos a esta intervención.

Os obxectivos deste estudo son coñecer os resultados do protocolo de avaliación psicolóxica entre os anos 2012 e 2016 na Unidade da Dor do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF) e valorar o grao de beneficio obtido por parte dos doentes entrevistados.

2 | Material e método

Os datos foron obtidos a partir das historias clínicas de todos os pacientes con dor crónica que foron atendidos na Unidade da Dor do CHUF, que foron propostos como candidatos para neuroestimulación e contactados para ser incluídos no protocolo de avaliación psicolóxica entre os anos 2012 e 2016 (N = 52). Este protocolo consta de entrevistas non estruturadas e a aplicación de probas estandarizadas (BDI, STAI e MMPI-2-RF, fundamentalmente).

Realizouse unha análise descritiva a partir da información sobre o estado de apto ou non apto tras o protocolo de avaliación psicolóxica e o grao de beneficio percibido tras a intervención naqueles doentes aos que se lle practicou o implante de neuroestimulación.

3 | Resultados

Dos 52 pacientes propostos para a intervención, 13 deles (25 % do total) decidiron refusala antes da primeira entrevista de avaliación ou inmediatamente despois de ser entrevistados, polo que nestes casos se deu por finalizado o protocolo. Outro 25 % dos pacientes foron considerados non aptos para a intervención por darse circunstancias que así o recomendaban: presenza significativa de trazos desadaptativos de personalidade que puidesen interferir na eficacia da técnica; manexo de información inadecuada ou insuficiente, con ansiedades confusionais asociadas; posuír expectativas non realistas acerca dos resultados alcanzables tras o implante (optimismo irracional); estar en situación de ganancia secundaria mediante a intervención; existencia activa ou persistencia dun trastorno mental grave que comportase un risco para a saúde do paciente tras a implantación; capacidade cognitiva comprometida, coa consecuenta dificultade para comprender o procedemento de intervención ou as súas posibles consecuencias etc. Por último, 26 doentes (50 % da mostra) foron considerados aptos tras a avaliación psicolóxica para recibir o implante de neuroestimulación.



unsplash.com
©Zygimantas Dukauskas

Dos pacientes que foron intervídos, 16 deles (61,5 %) manifestaron unha boa evolución, entendida como un adecuado control da dor e unha redución da interferencia na vida cotiá; 6 pacientes (23,1 %) tiveron unha evolución irregular; e a outros 3 pacientes (11,5 %), aínda que experimentaban un bo manexo da dor, finalmente retiróuselles o dispositivo de neuroestimulación por procesos infecciosos tras a cirurxía de implantación. Por último, 1 paciente aínda se atopaba á espera de ser intervído no momento de realizar este estudo.

4 | Conclusións

A neuroestimulación amosouse como unha intervención eficaz para o manexo da dor crónica: aproximadamente dous terzos dos pacientes que foron implantados experimentaron unha evolución favorable tras a intervención, acadando un bo control da dor e unha redución da afectación na funcionalidade habitual. Soamente en tres casos foi preciso retirar o implante a causa da aparición de procesos infecciosos.

O protocolo de avaliación psicolóxica eríxese como unha ferramenta útil dentro do procedemento para estudar o axuste entre o perfil psicolóxico dos candidatos e a idoneidade da intervención. Observouse que este protocolo funcionou como un filtro: en primeiro lugar, permitiu detectar a aqueles pacientes en que non estaba aconsellado que se practicase a técnica por resultar potencialmente ineficaz ou incluso prexudicial; por outra banda, a fase de entrevista xerou un efecto persuasor en si mesmo, fundamentalmente en relación coa subministración de información relevante e o axuste de expectativas.

Contéplase a posibilidade de incorporar ao protocolo de avaliación o estudo doutras variables relacionadas con aspectos motivacionais e de apoio social, a fin de aumentar o seu poder predictivo.

“O protocolo de avaliación psicolóxica eríxese como unha ferramenta útil dentro do procedemento para estudar o axuste entre o perfil psicolóxico dos candidatos e a idoneidade da intervención”.

COMUNICACIÓN ESCRITA-PÓSTER

TRABALLO PREMIADO NAS XXII XORNADAS
DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

AVALIACIÓN DA TENSIÓN LABORAL NOS PROFESIONAIS DE ENFERMERÍA DUNHA UNIDADE DE COIDADOS PALIATIVOS

Sabela Maceda García

PSICÓLOGA CLÍNICA

Noelia Pita Fernández

PSICÓLOGA CLÍNICA

Rebeca Deus Fernández

PSICÓLOGA CLÍNICA

PROGRAMA PARA A ATENCIÓN INTEGRAL A
PERSOAS CON ENFERMIDADES AVANZADAS.

✉ sabela_maceda@yahoo.es

RESUMO: O traballo en coidados paliativos considérase tradicionalmente unha fonte potencial de *burnout* polas súas características. Os profesionais con niveis altos de tensión mantida vense persoalmente afectados, pero tamén se ve afectada a súa capacidade asistencial. Na medida en que os factores de risco e eventos estresantes tendan a reducirse ou se manteñan en niveis suficientes como para ser afrontados con éxito por medio dos recursos ou factores de protección, e na medida en que os factores de protección tendan a crecer, os resultados probables serán adaptativos. O obxectivo deste traballo é determinar o nivel de tensión dos profesionais de enfermería que traballan na UCC-UCP do Hospital Marítimo de Oza, na Coruña, así como identificar os factores estresantes e protectores e as súas propostas de solución. Proponse un plan de mellora que repercute positivamente nos traballadores, a institución e, como obxectivo último, os pacientes e os seus familiares.

PALABRAS CLAVE: *burnout*, coidados paliativos, profesionais de enfermería, factores de risco, factores de protección.

ABSTRACT: Working in palliative care has been traditionally considered a potential source of *burnout* due to its characteristics. Professionals with high levels of stress are personally affected, and their healthcare capacity is also reduced. Whether the risk factors and stressful events tend to be reduced or maintained at sufficient levels to be successfully dealt with by means of resource planning or protective measures, and to the extent that protective factors tend often to grow, the probable results will be adapted. The main objective of this report is to determine the level of stress of the nursing professionals working in the UCC-UCP of the Hospital Marítimo de Oza, in A Coruña, as well as to identify the stressors and protective factors and any proposal to improve these. An improvement plan is proposed that will have a positive impact on the workers, the institution and, as a final objective, the patients and their families.

KEY WORDS: *burnout*, palliative care, nursing professionals, risk factors, protective factors.

SUMARIO:

- 1 Introducción.
- 2 Obxectivos.
- 3 Metodoloxía.
- 4 Resultados.
- 5 Conclusións.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- Álvarez, A. M., Arce, M. L., Barrios, A. E. y Sánchez de C., A. R. (2005). Síndrome de burnout en médicos de hospitales públicos de la ciudad de Corrientes. *Revista de Posgrado de la VI Cátedra de Medicina*, 141, 27-30.
- Arranz, P., Torres, J., Cancio, H. y Hernández, F. (1999). Factores de riesgo y de protección en los equipos de tratamiento de los pacientes terminales. *Rev. Soc.Esp. Dolor*, 6, 302-311.
- Edelwich, J. y Brodsky, A. (1980). *Burnout: Stages of Disillusionment in the Helping Professions*, New York: Human Science Press.
- Freudenberger, H.J. (1974). Staff burnout. *Journal of Social Issues*, 30(1), 159-166.
- Maslach, C. (1976). Burned-out. *Human Behavior*, 5, 16-22.
- Maslach, C. y Jackson, S.E. (1981). *The Maslach Burnout Inventory. Research Edition*. Palo Alto, C.A. : Consulting Psychologist Press.
- Gil-Monte, P.R. (2002). Validez factorial de la adaptación al español del Maslach Burnout Inventory-General Survey. *Salud Publica Mex*, 44, 33-40.
- Mirás Carballal, S. (2014). Evaluación del síndrome de burnout en un centro de salud. *Rev. enferm. CyL*, 6(2), 65-73.
- Nail, O., Gajardo, J. y Muñoz, M. (2012). La técnica de análisis de incidentes críticos: una herramienta para la reflexión sobre prácticas docentes en convivencia escolar. *Psicoperspectivas. Individuo y Sociedad*, 11 (2), 56-76.
- Pines, A., Aronson, E. y Kafry, D. (1981). *Burnout: from tedium to personal growth*. Nueva York: Free Press.
- Tizón García, J. L. (2010). El "burn-out": ¿desgaste, desengaño, enfado crónico, enfermedad o trastorno psicopatológico?. *Clínica e Investigación relacional* 4 (1), 82-103.

1 | Introducción

A tensión laboral ou “*burnout*” é unha síndrome clínica descrita por primeira vez en 1974, por Herbert Freudenberg, un psiquiatra norteamericano, que definiu o *burnout* como “o esgotamento de enerxía experimentado polos profesionais cando senten excedidos polos problemas dos demais” (Freudenberg, 1974). Christina Maslach (1976) realizou un traballo sobre o *burnout* no que o definiu como unha tensión crónica producida polo contacto cos clientes que leva á extenuación e ao distanciamento emocional. Posteriormente, Edelwich (1980) definiu o *burnout* como unha perda progresiva do idealismo, enerxía e propósito como resultado das condicións de traballo dos profesionais asistenciais, e describiu catro fases que aparecían nesta síndrome: unha fase inicial de entusiasmo; unha segunda fase de estancamento; unha terceira fase de frustración e, por último, unha cuarta etapa de apatía ou indiferenza cara ao traballo. Outros autores, como Pines, Aronson e Kafry (1981), definiron o *burnout* como un estado de esgotamento físico, emocional e mental causado por estar implicada a persoa durante longos períodos de tempo en situacións que a afectan emocionalmente. Para estes autores, o *burnout* sería o resultado de estados repetitivos de presión emocional. En 1981, Jackson sumouse aos estudos de Maslach (Maslach e Jackson, 1981) e os resultados deron lugar á determinación dunha terceira dimensión: a falta de realización persoal. Actualmente, esta teoría que explica o *burnout* como a suma de tres dimensións (cansazo emocional, despersonalización e falta de realización persoal), é a máis aceptada a nivel internacional. Definen o cansazo emocional como a perda progresiva de enerxía, desgaste e esgotamento. A despersonalización, como un cambio negativo de actitudes que leva a un distanciamento fronte aos problemas, chegando a considerar as persoas coas que se relacionan como auténticos obxectos. E a falta de realización profesional, como o feito de dar respostas negativas cara a si mesmos e cara ao traballo, con manifestacións depresivas, unha moral baixa, un descenso na produtividade, o cal leva a unha escasa ou nula realización profesional.

Unha definición máis actual, describe a tensión laboral como un “malestar persoal consistente en síntomas tales como cansazo, enfado, irritabilidade, desinterese polo traballo, problemas de relación etc., que a persoa concreta, quen lle rodea ou algún dispositivo asistencial atribúen ás condicións laborais” (Tizón, 2010).

Segundo Arranz, Torres, Cancio e Hernández (1999) o tema da tensión laboral asistencial é de crecente interese pola súa elevada incidencia no ámbito sanitario e polas súas implicacións na calidade de asistencia, na vida persoal e familiar do profesional e/ou no funcionamento da organización. No seu artigo, recollen algúns dos estresores presentes nos equipos de atención paliativa, como o contacto constante co sufrimento e coa morte, as características dos síntomas físicos, a intensidade emocional da situación, as tomas de decisións delicadas e a confrontación con dilemas éticos, son exemplo diso. A deterioración e a morte de pacientes novos ou daqueles enfermos cos que se mantivo un vínculo especial, poden resultar particularmente estresantes. Ademais, sinalan a dificultade dos profesionais para afrontar as propias limitacións persoais e profesionais e exporse á propia concepción da morte. Outras fontes de tensións constitúenas a comunicación frecuente de malas noticias, as presións familiares para administrar ou suspender tratamentos, o feito de comunicar ou non o pronóstico ao paciente, a defensa da autonomía do paciente fronte aos familiares, a discrepancia de criterios entre os membros do equipo e as distintas situacións conflitivas que se poden presentar día a día. Identifican tamén os factores protectores, como unha elevada percepción de autoeficacia, habilidades de autocontrol, un bo soporte social e familiar, a cohesión do equipo, a existencia de obxectivos comúns, o recoñecemento persoal, a posibilidade de compartir decisións, a existencia de sesións interdisciplinarias, a for-



unsplash.com
©Anthony Tran

mación continuada, a existencia de obxectivos reais e realizables, a vinculación da institución na xestión, a adecuada provisión de recursos, unha boa xestión de calidade e unhas adecuadas condicións ambientais. Todo iso supón un traballo persoal e profesional constante na procura do equilibrio entre as demandas, ás que se atopan sometidos, e os recursos, tanto internos como externos, que se posúan para facerlles fronte.

Ademais de identificar os principais factores estresores e protectores implicados, sinalan que ante a percepción de que os recursos existentes non son suficientes para atender as demandas, aparecen sentimentos de impotencia, prodúcese un desequilibrio e xérase sufrimento no profesional que pode desembocar na síndrome de tensión laboral asistencial. Se este balance negativo entre as demandas -percibidas como ameazas- e os recursos persiste no tempo, chega a socavar as enerxías do profesional e córrese o risco de que a asistencia ao enfermo e á familia devese en apatía, a implicación co enfermo en distanciamento e onde a autoestima e o sentido de competencia se vexan minados. Ademais, os profesionais corren o risco de presentar alteracións psicolóxicas, como trastornos de ansiedade, depresión e reaccións psicósomáticas. Os profesionais con niveis altos de tensión mantida non só ven persoalmente afectados, senón que tamén se ve afectada a súa capacidade asistencial.

2 Obxectivos

O obxectivo do presente traballo comprende a análise cuantitativa e cualitativa da tensión laboral no persoal de enfermería da Unidade de Coidados Paliativos e Continuos (UCP- UCC) do Hospital Marítimo de Oza (unidade de referencia no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña). Preténdese determinar tanto o nivel de tensión dos seus traballadores como identificar os factores estresantes e protectores (Arranz *et al.*, 1999). Finalmente, en base aos resultados, propónse un plan de mellora que repercuta positivamente nos traballadores, a institución e, como obxectivo último, os pacientes e os seus familiares.

3 Metodoloxía

As persoas incluídas na análise foron todos os enfermeiros/as e persoal de enfermería da unidade que quixeron participar. Os criterios de exclusión foron o rexeitamento para realizar o cuestionario e a participar no estudo ou erros ao completalo. Tras explicar aos traballadores o propósito do estudo e o seu carácter anónimo e confidencial, deixouse en cada control un sobre que contiña os cuestionarios e, por fóra, unha folla que incluía as instrucións para cubri-lo e tamén o obxectivo do estudo. En total recolléronse 24 cuestionarios cumprimentados.

TÁBOA 1 Instrucións para cubrir o cuestionario.

O traballo en coidados paliativos considerouse tradicionalmente unha fonte potencial de burnout polas súas características.

Dentro deste sobre hai un cuestionario, anónimo e confidencial para que o cubrades (son só 2 minutos!) e o introduzades de novo no sobre.

Un primeiro obxectivo é estudar a presenza ou non de *burnout* nos profesionais que traballan na UCP-UCC do Hospital Marítimo de Oza, así como determinar as características do traballo en Coidados Paliativos que poden protexer ou determinar o risco de padecer burnout.

O fin último é elaborar e implementar un plan de actuación para tratar de axudar aos profesionais desta unidade para previr e aliviar a sobrecarga e o malestar emocional asociado ao traballo.

Moitas grazas.

Utilizouse o Maslach Burnout Inventory (MBI) para a recollida de datos cuantitativos. Este instrumento, baseado nas tres dimensións do *burnout* descritas por Maslach e Jackson (1981), está traducido ao castelán e foi validado por Gil Monte P. (2002). É un cuestionario autoadministrado que recolle respostas do suxeito con relación aos seus sentimentos, emocións, pensamentos e condutas. Sufriu varias modificacións e na actualidade é un cuestionario con 22 ítems, que se responde cunha escala tipo Likert, onde o suxeito valora cada afirmación cun rango de 7 opcións de resposta 6 adxectivos que van de “nunca” a “todos os días”, que indican con que frecuencia se experimenta cada unha das situacións descritas nos ítem. A escala mídese segundo os seguintes rangos: puntuación mínima de 0 e máxima de 132.

As tres dimensións citadas, constitúen as tres subescalas do MBI. A subescala de Cansazo Emocional (CE) está formada por 9 ítems que describen sentimentos de estar atafegado e esgotado emocionalmente polo traballo; a subescala de Despersonalización (D) está formada por 5 ítems que describen unha resposta impersoal e falta de sentimentos cara aos suxeitos obxecto de atención, e a subescala de Realización Persoal (RP) está composta por 8 ítem que describen sentimentos de competencia e realización exitosa no traballo cara aos demais. Mentres que nas subescalas de Cansazo Emocional e Despersonalización as puntuacións altas corresponden con altos sentimentos de estar queimado, na subescala de Realización Persoal no traballo, puntuacións baixas corresponden con altos sentimentos de queimarse.

Segundo Mirás (2014), non hai un acordo xeral entre autores para establecer un punto de corte, con todo, na maioría utilizouse o punto de corte dividindo a puntuación total en tres terzos, sendo o terzo superior para diagnóstico de *Burnout* (máis de 88 puntos), terzo medio tendencia a *burnout* (entre 44 e 87 puntos) e terzo inferior sen risco de padecer *burnout* (de 0-43 puntos). A puntuación máxima é de 132 e a mínima de 0.

